



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 38

Sesión Plenaria
12 de setembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, pola que se aproba o modelo de financiamento de Galicia (doc. núm. 1954, 10/PPLC-000001)

Publicación do texto para presentar perante o Congreso, BOPG nº 26, do 07.12.2016

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (doc. núm. 13196, 10/PPL-000009)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 154, do 28.07.2017

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, do medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (doc. núm. 8740, 10/PPL-000007).

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

Punto 2. Comparecencia

15189 (10/PPP-000034)

Do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar da Estratexia Autónoma 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

Punto 3. Mocións

3.1 12379 (10/MOC-000040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co desmantelamento dos servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 149, do 20.07.2017

3.2 12687 (10/MOC-000042)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa política en materia de ensino no medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 149, do 20.07.2017

3.3 12711 (10/MOC-000043)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156, do 02.08.2017

3.4 12727 (10/MOC-000044)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co intrusismo profesional no ámbito sanitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156, do 02.08.2017

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 11042 (10/PNP-001032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte público de viaxeiros por estrada de uso xeral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

4.2 11104 (10/PNP-001041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a posta en funcionamento polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros, de xeito que se garanta de forma efectiva a igualdade de oportunidades a toda a poboación de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

4.3 13365 (10/PNP-001128)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a construción dun centro de día en Rianxo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.4 13602 (10/PNP-001145)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para promover a formación das persoas desempregadas a través do 'cheque formación'

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.5 13751 (10/PNP-001153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.6 13811 (10/PNP-001155)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula, e sete deputados/as máis

Sobre as medidas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Xustiza para mellorar a organización xudicial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.7 14332 (10/PNP-001171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación do Pazo de Meirás, a Fundación Franco e a elaboración dunha lei galega de memoria histórica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.8 14333 (10/PNP-001172)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia con respecto ao acordo do Concello de Sada en relación coa xestión que se está realizando do BIC-Pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

Punto 5. Interpelacións

5.1 10899 (10/INT-000471)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre o modelo de prevención e extinción de incendios forestais da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

5.2 13965 (10/INT-000522)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre oa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

5.3 14385 (10/INT-000528)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 15201 (10/POPX-000046)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a devolución da titularidade pública do Pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

6.2 15249 (10/POPX-000047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que vai ter a regulación prevista no Anteproxecto de lei de modificación da Lei de saúde de Galicia na atención sanitaria das comarcas nas que van desaparecer as súas áreas sanitarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

6.3 15278 (10/POPX-000048)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das consecuencias sociais do modelo laboral precario que está a aplicar en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 15276 (10/PUP-000105)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coas deficiencias existentes no funcionamento do sistema xudicial a causa da insuficiencia de recursos, en especial, no eido da loita contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

7.2 14311 (10/PUP-000102)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre se o Goberno galego comparte que a loita contra a violencia machista ten que alumear as políticas de todos os gobernos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.3 14478 (10/POP-001962)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e dous deputados/as máis

Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na adopción de medidas respecto da sobre-
venda de billetes polas empresas navieiras que realizan o transporte de viaxeiros para as
illas Cíes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.4 12509 (10/POP-001516)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e dous deputados/as máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia tendentes ao cumprimento da normativa
de prevención de riscos laborais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 149, do 20.07.2017

7.5 13255 (10/POP-001655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre o estado de tramitación da solicitude do proxecto sectorial de incidencia supramuni-
cipal presentado pola empresa CUF respecto dos terreos que ocupa a fábrica de Elnosa en
Lourizán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.6 13515 (10/POP-001683)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as diferenzas entre Galicia e o resto do Estado no que respecta ás porcentaxes de alum-
nado con necesidades educativas especiais sobre o alumnado total

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.7 14148 (10/POP-001852)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e seis deputados/as máis

Sobre as novidades e medidas específicas que se levarán a cabo para o desenvolvemento da
nova estratexia galega de linguas estranxeiras EDUlingüe 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.8 12796 (10/POP-001542)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis

Sobre as conclusións do informe encargado ao grupo de traballo que constituíron o Issga, o
061 e a Consellería do Mar en relación coas boticas de primeiros auxilios nas embarcacións
pesqueiras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156, do 02.08.2017

7.9 13092 (10/POP-001617)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre o número de consultas implementadas nos hospitais comarcais desde a posta en marcha das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

7.10 15236 (10/PUP-000103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de construír un centro de día para persoas maiores de 65 anos no concello de Rianxo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica que dona Guadalupe Murillo Solís (P) e dona Paula Quinteiro Araújo (EM) xustificaron a súa inasistencia. (Páx. 12.)

Debate da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, pola que se aproba o modelo de financiamento de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 12.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 16.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 19.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 23.)

Rolda de réplica: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 26.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei do G. P. Popular de Galicia, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 32.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 35.) e Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 38.)

Rolda de réplica: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 42.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, pola que se aproba o modelo de financiamento de Galicia: rexeitada por 19 votos a favor, 52 en contra e ningunha abstención. (Páx. 45.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. Popular de Galicia, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia: aprobada por 38 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención. (Páx. 45.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar da Estratexia Autónoma 2020. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 46.)
Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 53.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 56.), *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 59.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 62.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 65.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 69.) Nesta rolda interveñen a *señora Prado Cores (BNG)* (Páx. 69.), o *señor Losada Álvarez (S)* (Páx. 71.), o *señor Lago Peñas (EM)* (Páx. 74.), o *señor Tellado Filgueira (P)* (Páx. 76.) e o *señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 77.)

A señora Solla Fernández (EM) solicita a palabra con base no artigo 76 do Regulamento da Cámara, que lle é denegada polo señor presidente. (Páx. 81.)

Suspéndese a sesión ás dúas e catorce minutos da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co desmantelamento dos servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 82.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 82.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 85.) e *Sr. Fernandez Prado (P)*. (Páx. 87.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 88.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 90.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa política en materia de ensino no medio rural. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica a emendas presentada á moción. (Páx. 91.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 93.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 96.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 98.) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 99.)

A señora Chao Pérez (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 101.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 102.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 106.) e Sr. González Vázquez (P). (Páx. 108.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 110.)

O señor Fernández Leiceaga (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 112.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co intrusismo profesional no ámbito sanitario. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 113.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Prado Cores (EM) (Páx. 118.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 120.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 121.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co desmantelamento dos servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego: rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 124.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa política en materia de ensino no medio rural: rexeitado por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 124.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial: aprobado por 64 votos a favor, ningún voto en contra e 6 abstencións. (Páx. 125.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno

galego en relación con intrusismo profesional no ámbito sanitario: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 125.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte público de viaxeiros por estrada de uso xeral. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 125.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Fernández (S).* (Páx. 126.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 128.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 131.) *e Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 132.)

O señor Fernández Fernández (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 134.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en funcionamento polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros, de xeito que se garanta de forma efectiva a igualdade de oportunidades a toda a poboación de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 135.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 136.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 139.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 140.) *e Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 142.)

O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 144.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a construción dun centro de día en Rianxo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 145.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 148.), *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 149.) *e Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 151.)

Nova intervención da señora Solla Fernández (EM). (Páx. 152.)

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta catro minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron a inasistencia dona Guadalupe Murillo e dona Paula Quintero Araújo, que non poderá asistir durante o horario da mañá do pleno.

E, sen máis, entramos na orde do día. Comezamos con textos lexislativos.

Debate da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, pola que se aproba o modelo de financiamento de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señores e señoras deputados.

Desde o Bloque Nacionalista Galego propoñémoslles hoxe a todas as forzas políticas do país un grande acordo, un grande acordo que nos permita superar un modelo de financiamento inxusto, centralista, e avanzar cara a un novo modelo, o do concerto económico, que nos permitiría ter unha fiscalidade xusta e adaptada á realidade galega, que nos dotaría de máis recursos para mellorar a calidade de vida da xente e impulsar o progreso e a modernización de Galiza.

E esta é un proposta necesaria e oportuna. Necesaria, porque o actual sistema é un mal negocio para Galiza; estamos pagando máis impostos dos que recibimos. E oportuna porque, xusto neste momento, en que se está abrindo o debate sobre un novo modelo, hai que poñer en marcha reformas de fondo que nos doten de máis ferramentas para facer progresar o noso país e non reducirse a parches dun modelo centralista ou a simplemente quedar vendo como se moven os demais e Galiza, como sempre, perdendo oportunidades pola incapacidade do Goberno galego de liderar un proxecto que defenda o noso país.

Polo tanto, esta proposta implica cambiar de raíz o ineficiente e inxusto modelo de financiamento actual, e eu entendo que esta é unha proposta que pon nervioso a quen quere manter intacto o réxime do 78 e o actual *statu quo*.

Porque, efectivamente, trátase de cambiar o modelo do centralismo por un novo modelo que confíe nas potencialidades de Galiza e que aposte por autorresponsabilizarnos do noso futuro. Se mo permiten, por expresalo dunha maneira gráfica, o que nós estamos propoñendo con esta proposta de concerto económico significaría quitarlle a chave dos cartos de Galiza ao señor Montoro e devolverlles esa chave aos galegos e ás galegas. (*Aplausos.*) Porque nós,

señorías, estamos convencidos de que o problema non é que a sociedade galega non xere os recursos suficientes como para manter os servizos públicos dos que gozamos, o problema é que hai unha repartición desigual e unha fiscalidade absolutamente regresiva e inxusta no Estado español.

A resultante do actual modelo é unha resultante absolutamente irracional, xa que vemos como o Estado, que ten competencias que non son prioritarias para a maioría da cidadanía —como pode ser o Exército, a burocracia do Estado, a Casa Real ou as infraestruturas xerais—, que nunca chegan para Galiza, controla a política fiscal. E desde o BNG o que defendemos é darlle a volta a esta situación e ligar a competencia fiscal á recadación e á política tributaria a través dunha Facenda galega, con quen exerce as políticas sociais.

Polo tanto, o que propoñemos a través desta proposta de concerto é que superemos unha situación onde é Madrid quen controla os nosos impostos, porque esta situación realmente para o único que serve é para que desde as elites económicas madrileñas se aseguren as políticas que lle interesan a Bruxelas e, precisamente, a esas elites económicas e políticas radicadas na capital.

Xa estamos vendo cales son as consecuencias deste modelo, vímolo con claridade durante estes anos da crise. Mentres hai recortes en sanidade, regálanselle máis de 40.000 millóns de euros á banca; mentres aquí se soben as peaxes dos galegos e galegas, vemos como se rescatan as radiais madrileñas; mentres se aplican recortes en educación, é dicir, se xoga co máis importante, que é o futuro dos nosos nenos e das nosas nenas, vemos como se incrementa en máis de 7.000 millóns de euros o gasto militar; mentres se recortan os investimentos do Estado en Galiza, vemos que o que hai é unha chuvia de millóns para outros territorios, que exercen con capacidade de decisión e que están condicionando a política do Estado.

Polo tanto, nós o que hoxe defendemos é unha proposta que confía en Galiza, porque estamos convencidos de que o problema non é que non paguemos suficientes impostos como para manter a nosa sanidade, a nosa educación ou os servizos públicos esenciais, senón que o problema é que estamos ante unha distribución de competencias e do gasto absolutamente irracional.

Polo tanto, o concerto económico é unha proposta que só ten beneficios para Galiza e que, efectivamente, responde a unha lóxica diferente da que xestou o actual sistema de financiamento. Esta é unha proposta que entronca coa posición que tiveron todos os que se ocuparon de estudar este tema con vontade de Galiza existir politicamente, isto é, desde unha óptica galega. Así, vemos como desde Alfredo Brañas ás Irmandades da Fala e ao propio Partido Galeguista, con Alexandre Bóveda á cabeza, defenderon o concerto como o mellor modelo de financiamento dunha Galiza digna. Polo tanto, a alternativa do concerto está na tradición do pensamento económico galego.

Señorías, se de verdade se quere ter autonomía, verdadeiro autogoberno con suficiencia financeira, non cabe outra posición que a do concerto, pois é a única que nos permite cobrar todos os impostos que se xeran en Galiza, que os cobre o Goberno galego, posibilitando a suficiencia financeira necesaria para cubrir os gastos da sanidade, da educación e da pro-

tección social e promover o desenvolvemento económico, social e cultural que o noso país necesita, sen condicionantes nin restricións graves.

O concerto, polo tanto, é a alternativa mínima para as nacións ou pobos que teñen vontade política de selo. O concerto é unha alternativa que garante que todos os ingresos pola carga tributaria que soportan os galegos sexan de xestión da Xunta de Galiza, acordando despois unha cantidade ou achega a pagar ao Estado polas funcións que este desempeña no noso país.

Deste xeito, o concerto fundaméntase na capacidade propia, na responsabilidade e na igualdade, fronte a un modelo do centralismo e fronte a esa idea, que defenden con tanto ímpeto as forzas estatais, da incapacidade de Galiza e desa necesaria tutela do Estado, porque, se non, parece que non xeramos como sociedade os recursos suficientes como para manter os elementos centrais do Estado do benestar e poder desenvolver o noso país.

Desde o Bloque temos moi claro que o actual sistema e calquera das modificacións das súas variábeis están na liña de manter a idea de que Galiza vive da solidariedade do Estado, en contra de comprobar que vivimos do noso propio esforzo, sendo o Estado un produto financeiro dos que o soportamos. Só, polo tanto, desde unha mentalidade colonial se pode dicir que co concerto Galiza sairía perdendo.

E eu creo que é moi grave que as forzas políticas estatais sigan asentadas nesa idea, porque lle está causando un grande dano ao noso país e porque, ademais, están intentando dicirnos que a ficción que crea este sistema de financiamento é a realidade da capacidade económica de Galiza.

Os partidos estatais avalan sempre, e supoño —ao mellor me sorprenden, ¿non?— que hoxe o volverán facer, esta idea: a capacidade fiscal que ten Galiza é única e exclusivamente a que define o sistema de financiamento que significa a parte de impostos que están cedidos ao noso país e non contemplan a totalidade, é dicir, a totalidade dos impostos que pagamos ben as persoas físicas ou ben pola actividade económica do noso tecido empresarial. É dicir, vostedes queren debuxar unha Galiza á metade e non que vexamos a totalidade do que xeramos como país. Sen embargo, se analizamos a totalidade, os datos son moi diferentes dos que nos presenta esa ficción, ese conto que vostedes están contando aos galegos e galegas.

Se collemos os datos de 2014, comprobaremos como a carga fiscal real mínima que soporaron os galegos e galegas superou os 11.000 millóns de euros, mentres que as achegas que fixo o Estado polo actual sistema de financiamento achegáronse aos 7.043 millóns de euros.

Creo tamén que sobre o debate do financiamento é interesante que vexamos como o actual sistema de financiamento non garante a suficiencia nin o financiamento dos servizos públicos que temos transferidos. Se collemos os datos do sistema de financiamento, vemos como o Estado entregou á Xunta 5.108 millóns de euros para manter os servizos públicos fundamentais, é dicir, a sanidade, o ensino e a protección social. Sen embargo, o que destinou a esas partidas a Xunta de Galiza nese ano foron 6.217 millóns de euros, con recortes incluídos. É dicir, que temos unha realidade na que esa suposta solidariedade e suficiencia financeira da

que tanto nos falan non se mantén no actual sistema. E eu, desde logo, creo que é unha irresponsabilidade que teimen en manter esta situación e en manter esta ficción.

Ben, pois se collemos as cifras reais, o que vemos é como entre os 7.000 millóns de euros que recibe a Xunta polo financiamento e os máis de 11.000 que realmente soportamos os galegos e galegas por impostos, hai 4.088 millóns de euros de diferenza. É certo: Galiza tería que facerlle unha achega ao Estado por aquelas competencias que o Estado ten. E se collemos os datos que está utilizando neste momento Euskadi para calcular o cupo —que imaxino que ao Partido Popular se lle valen para Euskadi lle valerían para Galiza—, vemos como a aportación que teríamos que facer estaría nuns 630 millóns de euros. Polo tanto, hai máis de 3.400, case 3.500 millóns de euros, de diferenza entre o sistema de concerto e o sistema vixente. E estes recursos serían importantísimos para mellorar a calidade de vida da nosa xente e, desde logo, desenvolver unha política económica, social e de protección do medio ambiente ben diferente á que temos na actualidade.

Polo tanto, é evidente que o actual modelo de financiamento é insuficiente e inxusto. E tamén o señor Núñez Feijóo debería con humildade recoñecer nalgún momento que a súa aportación ao sistema de financiamento no noso país o único que conseguiu foi que teñamos un sistema cada vez peor, porque a insuficiencia cada vez é máis grande, e, aínda que non o queiran recoñecer, vostedes iso sábeno. Fíxense: no ano 1999 o peso que tiña Galiza no sistema de financiamento, é dicir, o peso que tiña no montante global, era o 7,59 %; no 2007 esa situación era do 6,93 %; no 2009, o 6,78 %; no 2014, o 6,73 %. ¿Isto que quere dicir? Que cada vez fomos perdendo peso no que significa Galiza dentro do sistema de financiamento, e, polo tanto, son recursos que o noso país deixou de recibir e que, como vemos, necesitaría para poder financiar as competencias que ten atribuídas no actual marco.

E o grave é que, fronte a esta situación, vemos un Goberno galego que, coma sempre, non quere cambiar nada, que todo o que veña de Madrid lle parece ben e que, polo tanto, nega que Galiza teña unha posición propia que defenda os nosos intereses e que nos permita avanzar. E, desde logo, para nós, este parécenos un punto de partida inaceptábel.

Eu, como sei que este é un tema no que logo me van descualificar —porque é a tónica xeral que moitas veces aparece—, antes de que o fagan gustárame citarles a unha persoa que creo que polo menos para unha parte deste hemicycle ten unha certa autoridade política —non sei se doutro tipo—. Miren, é unha cita literal, non dura moito. Di: «*Sobre el tema del concierto, mire usted, un nacionalista gallego le querrá un concierto económico para Galicia, y, si le oye usted como lo calcula, ahí habría un debate interesantísimo, porque el nacionalista gallego...* —vou poñer aquí unha paréntese, parecemos como unha especie estraña—, *porque el nacionalista gallego está absolutamente convencido de que tenemos una infrafinanciación y que los recursos de Galicia son excedentarios y tendría superávit. Y además se lo razona con mecanismos parecidos a otras comunidades autónomas. Pero yo —di— no conozco, salvo un par de comunidades autónomas, que no digan que es Madrid, que no me da lo que me corresponde. Con lo cual no digo que no tenga razón en cuanto a la demanda, porque es verdad que lo tiene Euskadi, lo tiene Navarra, esto es absolutamente cierto. También es cierto que en la discusión constituyente se llegó al acuerdo de que Cataluña no tuviese concierto. Ahora bien, es verdad que estas cosas se pueden cambiar, se pueden plantear y se pue-*

den discutir, ¿no? El problema es cómo nos ponemos de acuerdo en los contenidos del concierto, que es lo que se mide y lo que no se mide, lo que se pondera y lo que no se pondera».

Estas palabras son do ausente presidente da Xunta de Galiza, pronunciadas hai un ano precisamente en Cataluña ante a pregunta dunha persoa que estaba nese Círculo de Economía, en relación con cal era a súa posición sobre o concerto económico. E eu creo que é unha reflexión interesante a que nos fai Alberto Núñez Feijóo desde Cataluña. Primeiro porque o que nos di é que hai debate, hai debate, e que o que non se fixo hai corenta anos non pode ser un impedimento para que hoxe fagamos algo diferente.

Creo, ademais, que, se desde o Partido Popular en Cataluña defenden que é interesantísimo o debate que plantexamos, hai que tomar en consideración esta iniciativa para que abra un debate en serio sobre o modelo de financiamento e que Galiza teña unha posición forte e unha posición que defenda o noso interese e non o interese das forzas estatais nin das elites económicas estatais, e que, polo tanto, abramos unha oportunidade, unha porta para cambiar as cousas.

Pero hai algo que a min me parece máis transcendente, que é por que o presidente da Xunta acepta o concerto para Euskadi e para Navarra, cre que o concerto sería unha opción razoable para Cataluña e, sen embargo, nega esa mesma posición a Galiza.

Miren, eu non vexo nin o Partido Popular nin o Partido Socialista dicindo en Euskadi e en Navarra que queren suprimir o concerto. E non o fan porque saben que foi un elemento fundamental...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...no desenvolvemento económico deses territorios. E a pregunta que nos temos que facer é por que vostedes non queren que ese sexa o elemento que tamén fortaleza o autogoberno do noso país e nos dote de mellores ferramentas para que en Galiza a nosa xente viva mellor.

Agardo, señorías, que modifiquen ese inmovilismo e que hoxe poidamos saír de aquí cun grande acordo de país que abra unha posición diferente, ambiciosa e de confianza en Galiza en materia de financiamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente, bos días.

Señoras e señores deputados, xa lles anuncio que o noso grupo se vai posicionar en contra da toma en consideración desta proposición de lei, porque consideramos que é inoportuna

politicamente, imprudente legalmente e insensata desde o punto de vista económico e financeiro. Imprudente politicamente porque estamos nun proceso de debate sobre a reforma do sistema de financiamento autonómico, e esta posición está debilitando a Galicia ao utilizar argumentos que reforzan de maneira moi clara, de maneira moi nítida, a aqueles que queren reducir o nivel de solidariedade en España porque privilexian a autonomía financeira das comunidades sobre calquera outro criterio, como pode ser o criterio de equidade e de suficiencia. Iso reforza a aqueles que están pelexando contra nós polos criterios de distribución dos recursos no interior do sistema de financiamento autonómico. Está apartando a atención do esencial. E o esencial no caso de Galicia é a cobertura das necesidades de gasto que temos nunha comunidade que —en fin, eu sinto que os datos vaian nunha dirección diferente ás súas opinións— non é capaz de financiar cos recursos que xera todas as competencias que ten, así como contribuír ao sostemento xusto das cargas do Estado. Aparta a atención do esencial.

E logo, en fin, nas augas confusas do debate catalán, introducir este tema complica e xera confusión. Porque, no fondo, vostedes están metendo pola porta de atrás un modelo confederal como substitutivo do modelo federal que temos hoxe. E a min paréceme completamente lexítimo que se defenda esa posición, pero non pode facerse pola porta de atrás, senón, francamente, de fronte.

É imprudente desde o punto de vista legal. Preguntaba vostede por que o País Vasco e Navarra poden desfrutar do concerto. Porque hai unha previsión na Constitución española do 78, creo recordar que na disposición transitoria primeira fai referencia á continuidade do réxime foral para estas comunidades. Que eu lembre, na Constitución do 78 non hai ningunha previsión parecida referida a Galicia. Por tanto, temos unha dificultade legal tamén para pór en marcha o que vostedes propoñen. Temos unha dificultade legal para cumprir o artigo 133 da Constitución, que é un artigo básico porque defende a solidariedade entre territorios e obriga a un tratamento igual aos cidadáns no conxunto do territorio español. E isto non se produciría se aplicamos a súa fórmula de concerto económico e a xeneralizamos ao conxunto das comunidades. Porque isto o que significa é que cada unha ía ter o financiamento que puidese xerar. Por tanto, para aqueles que teñen máis capacidade fiscal, máis financiamento; e para as que temos menos capacidade fiscal, menos financiamento, rompendo ese criterio de tratamento igualitario dos españois no conxunto do territorio. O cal significa que, de facto, se aprobaramos esta proposición de lei e o Congreso dos Deputados despois a aprobase tamén, estaríamos reformando o Estatuto de autonomía de Galicia do ano 81. E eu creo que se debe reformar, eu creo que se debe reformar, pero hai que facelo de acordo cos procedementos que están establecidos, discutindo o conxunto, discutindo, por tanto, competencias e financiamento, e non facelo —xa digo— pola porta de atrás.

E, por último, pero non de forma menos importante, eu creo que é unha proposición que desde o punto de vista económico e financeiro é pouco sensata para Galicia. Aplican un principio que eu comparto, que é o principio de autonomía financeira. É un principio que eu comparto, que creo que está insuficientemente considerado no actual sistema de financiamento autonómico, e deberíamos ter a capacidade, a través desa reforma, de ampliar a autonomía financeira do conxunto das comunidades, non só de Galicia. Na propia comisión de expertos, por exemplo, introdúcese un sistema para que as comunidades poidan decidir

sobre os tipos de IVE de maneira colexiada, de maneira que ao mesmo tempo que teñan máis autonomía financeira non rompan a unidade de mercado nin creen problemas á hora da circulación dos bens no territorio. Estas son propostas razoables, pero non é o que vostedes propoñen. Vostedes propoñen o principio de autonomía financeira como o único principio, único principio, e ademais unilateral. Unilateral quere dicir que, se xeneralizáramos o sistema de concerto, teríamos unha facenda moi importante, que é a facenda da Administración central, que carecería de ningún tipo de recursos. E se o principio de autonomía financeira é un principio válido, tamén é un principio válido para a facenda central. E deberíamos prover esta dos recursos necesarios para poder cumprir os seus cometidos, que son cometidos algúns pouco importantes, ou que lle parecen pouco importantes, como a defensa, pero outros tan importantes como a xustiza ou as infraestruturas. Por tanto, temos que ser coherentes. E vostedes non o son neste punto.

Pero é, sobre todo, unha aplicación unidimensional. ¿Onde está, na súa proposta, o principio de equidade? ¿Onde está? Quebrar a equidade, que é a aplicación do principio de solidariedade entre persoas ou entre territorios, quebrar a equidade, pode ser para os máis fortes unha opción, pero para os que somos máis débiles en termos económicos iso non é unha opción, é un suicidio desde o punto de vista económico. Por tanto, non pode ser. E a min estráñame que, desde posicións políticas progresistas, nos esquezamos da aplicación deste principio tan relevante. Pero, claro, ao ler a exposición de motivos da súa proposición de lei vexo que teñen unha visión absolutamente conservadora, individualista até o final, no que é a fiscalidade. Estannos falando da aplicación do principio custo-beneficio para os individuos en relación coa imposición. Isto, en fin, a min recórdame o «residuo fiscal» dun premio Nobel, que me parece que fai moitas contribucións desde unha perspectiva extremadamente individualista, como é James Buchanan. Pero non esperaba atopalo nos documentos do BNG.

Ao mesmo tempo hai que calcular os efectos financeiros desta proposta. Estes días foron publicadas as balanzas fiscais correspondentes ao ano 2014, un traballo técnico de enorme calidade, un traballo técnico moi interesante, moi ben feito, por profesionais moi recoñecidos, que en España non pode discutirse sensatamente sobre os seus resultados. Para o conxunto da acción pública en Galicia —non só para a Administración autonómica, quero precisalo—, para o conxunto da acción pública en Galicia, indica que hai un desequilibrio entre ingresos e gastos que é de 3.692 millóns de euros para o ano 2014, 3.692 millóns de euros máis en gasto público que en ingresos. Gasto público para Galicia non quere dicir só gasto público no territorio, porque tamén iso inclúe, sen dúbida, a contribución ás cargas do Estado e inclúe tamén o sistema da Seguridade Social. Por tanto, non podemos comparalo coas súas cifras. Pero nun cálculo moi lixeiro pero aproximado do que significaría en termos de merma do financiamento autonómico e do financiamento local —que está incluído na súa proposta— o seu sistema indica que estaríamos por riba dos 1.000 millóns de euros, arredor dos 1.200 millóns de euros, menos de financiamento para Galicia. Este sería o resultado da súa proposta a non ser que deixásemos de contribuír aos gastos do Estado, pero teríamos que facelo aquí porque son funcións necesarias; ou que deixásemos de pagar a débeda pública. Pero teríamos que facelo porque forma parte tamén das nosas obrigas.

Mil millóns de euros menos quere dicir moitos servizos públicos menos, quere dicir que teríamos moita menor capacidade de atender as nosas necesidades de gasto. Entendo que a

súa proposta está sacrificando os servizos públicos e os intereses xerais puramente en persecución dun obxectivo de carácter ideolóxico.

E logo chámame a atención, por último, algunha cuestión concreta da súa proposta, que creo que ten moito interese. Hai unha sección dedicada á imposición local que está incluída nisto. Ben, eu creo que a imposición local debe relacionarse tamén máis coas competencias autonómicas. Pódese avanzar nesa dirección. Pero, se len o texto do que propoñen, din que a definición dos tributos locais é unha competencia da Xunta de Galicia, non do Parlamento de Galicia, non, non, da Xunta de Galicia. A ver, é unha proposta, supoño, ben meditada, ben pensada e, en fin, a verdade é que, pensar que a imposición ten que deixar de ser unha competencia do Parlamento —cando nacen os parlamentos en Europa xustamente para ocuparse dos orzamentos, da fiscalidade— para pasar a ser unha competencia do Executivo, eu creo que ben merece unha reflexión interesante.

Por todas estas razóns, xa digo, inoportunidade política, dificultades legais e consecuencias económicas, o noso grupo vaise posicionar en contra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

Como consideración previa, o proxecto político de En Marea, co que En Marea nace e se presenta ao conxunto da sociedade galega, foi dende o primeiro momento un proxecto nacional galego baseado na democracia e na xustiza social, e isto significa, na articulación neste caso do discurso económico en materia de financiamento, o recoñecemento dun determinado contexto: o contexto da plurinacionalidade; o contexto, polo tanto, do recoñecemento como principio básico para artellar o discurso sobre o financiamento de soberanía fiscal, e, arredor del, o desenvolvemento dunha serie de consecuencias que expoñeremos a continuación.

Quero dicir con isto, en relación coa exposición do tema, dúas cousas. En primeiro lugar que, partindo dese eixo da soberanía fiscal, sendo parte do eixo troncal formulado polo BNG, imos votar favorablemente a toma en consideración, aínda que nós posteriormente extraemos as nosas propias consecuencias, dada a forma de concibir a articulación dese proxecto nacional galego no conxunto do Estado español, e que, polo tanto, dará lugar a que eu explique cales son esas circunstancias particulares.

Tamén non deixa de ser sorprendente que a estas alturas do ano, co debate xa moi avanzado en termos políticos e incluso de carácter económico, aínda a día de hoxe non coñezamos cal é a proposta do Partido Popular en materia de financiamento autonómico. Porque non se trataba —como xa dixemos aquí hai varios meses dende a tribuna— de expertos independentes, senón de políticas que fixesen que despois os expertos puidesen desenvolver unha articulación concreta desa posición política, posición que aínda seguimos ignorando a día

de hoxe, co cal supoñemos que non é nada máis e nada menos que defensora dun *statu quo* que nós cremos que é necesario modificar.

Polo tanto, o enfoque ao que me referirei agora é un enfoque soberano e confederal da maneira de concibir o financiamento autonómico que debe responder a tres cuestións: o que, o para que e o como.

Ese primeiro *que*, á hora de articular un sistema de financiamento autonómico xusto e equitativo para o noso país, implica en primeiro lugar soberanía fiscal, consecuencia desta maneira tamén do carácter nacional galego, algo que foi recoñecido xa na Constitución de 1978 —naquel momento con carácter de nacionalidade histórica—, e que polo tanto non supón ningún tipo de afrenta constitucional, aínda que, evidentemente, a potestade orixinaria para establecer tributos establecida na Constitución daría lugar a unha posible articulación da capacidade normativa plena en materia impositiva pola vía do artigo 150.

Para nós é tamén unha cuestión de corresponsabilidade, ou máis ben, por dicilo plenamente, de responsabilidade. É un sistema imperfecto aquel que prevé un poder político que ten capacidade para recadar os impostos e que despois confire a outro poder unha capacidade limitada de gastar atribuíndo competencias. Non é admisible a existencia dun deber competencial por parte da Xunta de Galicia de atender dereitos fundamentais e dereitos sociais pero despois non fornecer recursos para facelo.

E anudado a isto, como corresponde nunha democracia, ten que vir, evidentemente, selado o principio de control electoral. É necesario referendar ou non politicamente a quen está facendo non soamente as decisións de gasto, senón tamén as decisións de ingreso, e unha e outra teñen que ser corresponsables. É dicir, debemos de exixir a quen ten a obrigação competencial de establecer políticas de gasto público, por ter competencias asignadas, tamén a capacidade tributaria, entre outras cousas, para que a cidadanía poida decidir a existencia dunha correspondencia entre ese ingreso e ese gasto e o tipo de políticas fiscais e de políticas en xeral que se queiran establecer en relación con isto.

Polo tanto, como non é admisible —entendemos nós— un réxime de competencias sen control sobre os recursos, é polo que tamén entendemos que, desde o punto de vista desta óptica, a soberanía fiscal é unha solución a este problema.

En terceiro lugar, e relacionado con isto, o control sobre os ingresos é non soamente a contención sobre os gastos, que foi o que levamos visto durante estes últimos anos. Isto é un exercicio soberano dunha política fiscal relacionada tamén coas políticas que derivan da propia competencia material que establece o Estatuto de autonomía. Nós queremos activar un mecanismo de xustiza social que se produce cando se redistribúe renda e riqueza, e a redistribución de renda e riqueza non se produce só exercendo a competencia material sobre o que establece o Estatuto de autonomía, senón tamén recadando mediante a vía impositiva a riqueza de quen a ten para poder redistribuíla conforme os principios de solidariedade.

Soberanía, polo tanto, para facer política social; soberanía para facer política fiscal; política fiscal de carácter social e redistribución de renda. E fronte a isto atopámonos ata este mo-

mento cun neoliberalismo impositivo e insolidario, que está instalado agora no conxunto do Estado e tamén no Goberno da Xunta, onde medra a recadación —e acabamos de coñecer os datos dos últimos anos— a custa dos impostos indirectos, mentres baixa a recadación a custa dos directos, particularmente nos beneficios empresariais, algo que consideramos totalmente inaceptable.

A segunda parte desta exposición sería o *para que*. Nós entendemos que o *para que* respóndese coa idea de suficiencia de recursos. Temos dereito a atender os dereitos fundamentais e os dereitos sociais que nos foron encomendados neste vetusto Estatuto de autonomía que sería necesario mellorar e superar, establecendo e recoñecendo novos dereitos sociais e novos dereitos de carácter fundamental que agora non son atendidos convenientemente desde as políticas do noso país, e, polo tanto, iso fundamentaría a necesidade de calcular cales son as necesidades de gasto en función tamén da satisfacción dos dereitos sociais do conxunto da cidadanía.

Para iso nós queremos autonomía, para facer política social, para poder redistribuír renda e riqueza, para que todo o mundo poida vivir mellor. E tamén, por que non, xa o dixemos moitas veces, co desexo de ampliar e mellorar liberdades públicas e dereitos fundamentais de carácter social, para o cal fan falta tamén recursos económicos. En definitiva, para satisfacer materialmente o contido da autonomía, da autonomía que ten carácter político, non administrativo. Non somos meros xestores como un concello, cunha serie de recursos e de competencias. Temos capacidade política, e capacidade política significa non soamente gastar, senón decidir de que maneira se recada e de que maneira se exerce a solidariedade social neste corpo de carácter civil que constitúe o conxunto da cidadanía galega.

Nós non nos conformamos cun sistema que a día de hoxe prevé que a suficiencia de recursos unicamente debe facerse tendo en conta a fotografía fixa que ofrece a nosa sociedade; non nos conformamos coa idea dunha Galicia minguante, na que haxa que atender unha poboación dispersa e envellecida. Estamos fartas dese discurso. Queremos que a autonomía política sirva dunha vez por todas para reverter as situacións sociais que non son desexables para o noso país.

Non queremos un país minguante, queremos un país que teña oportunidades de futuro. Non queremos paro, non queremos emigración, non queremos despoboación, non queremos desarticulación do país, e para iso necesitamos unha política fiscal alternativa, por iso a suficiencia de recursos. Neses termos queremos nós concibir o debate do financiamento autonómico, e queremos que todo isto sirva para cambiar, en definitiva, o noso país desde un punto de perspectiva social, facendo políticas sociais.

¿De onde saen os cartos? Díxosenos aquí hai varios meses por parte do propio presidente da Xunta que o novo sistema de financiamento debería de servir para repartir o que hai. Nós non concordamos con iso, hai máis recursos que os que se poñen enriba da mesa para o novo sistema de financiamento autonómico. O sistema de financiamento actual que se pretende reformar pon sobre a mesa non poñer máis recursos que os que ata agora se poñían das comunidades autónomas, e nós pensamos que iso non debe de ser así.

O Estado ten capacidade, e está recadando por unha serie de competencias que exerce e por outras que non exerce, pero está recadando igual, sen que exista unha correlación entre o

diñeiro que recada e as competencias que exerce, e todo iso debe ser aberto, polo tanto, debe de haber máis diñeiro para financiar adecuadamente as comunidades autónomas e para financiar neste caso, concretamente, o noso país en relación cos recursos que necesita para satisfacer as necesidades sociais das súas maiorías.

Isto non se está facendo, e o Partido Popular non ten vontade de facelo. Por iso nós rexeitamos calquera modelo de mantemento do *statu quo*, porque queremos asegurar un benestar que agora non se asegura, xa que non existe correlación entre competencias asumidas polo Estado e o seu sistema de financiamento.

E o terceiro punto sería o *como*: como facer este sistema de financiamento. Pois nós cremos que os dous principios anteriores deben de conxugarse co principio de cooperación. Un sistema de multilateralidade dende a igualdade, o recoñecemento pleno da capacidade fiscal de cada un dos elementos que integran con carácter soberano o Estado español, e, polo tanto, a partir de aí, en plena igualdade, negociar un modelo xusto e equitativo que permita atender as necesidades de carácter social do noso país.

Cooperación, e cooperación para garantir o solo de ingresos. Nós dixemos, e forma parte do noso discurso económico, que non temos un problema de teito de gasto, temos un problema de solo de ingresos. Temos que garantilo, e para iso están as institucións, para garantir a suficiencia de recursos para atender as demandas sociais. A xente ten dereito a vivir con dignidade, e é obrigación dos poderes públicos garantir as condicións materiais para vivir con dignidade, e ademais para desenvolver económica e culturalmente, de forma próspera, o conxunto do país, e iso hai que facelo de forma cooperativa, para asegurar que a redistribución de renda e riqueza se produce asegurando un mínimo de ingresos. Ese mínimo de ingresos prodúcese cooperando nese gran patio de mazá que neste momento constitúe o Estado español, nesa gran casa que neste momento constitúe o espazo europeo. Contexto estatal, polo tanto, e contexto europeo de cooperación.

Rexeitamos o *dumping* fiscal, rexeitamos a desfiscalización das rendas do capital, a desfiscalización dos beneficios empresariais. Cremos que hai que buscar a riqueza alá onde exista, e temos que evitar por todos os medios a elusión e a evasión fiscal, algo que dende logo é de grande interese para o Partido Popular, que despois dese gran patriotismo español baseado na indisoluble unidade da nación, que os leva tamén a non entender o principio de soberanía fiscal e de cooperación, utilizan Suíza ou Panamá como segundas nacionalidades. Polo tanto, nós, nun reforzo da loita contra a evasión e a elusión fiscal, entendemos que debe de facerse tamén un sistema con carácter cooperativo.

Vou rematando. En definitiva, En Marea o que pretende é a soberanía fiscal para asegurar ingresos suficientes que permitan realizar a redistribución de renda e riqueza no noso país; é dicir, realizar a xustiza social e poñer en práctica políticas económicas que nos permitan reverter a situación minguante na que nos ten sumidos a política neoliberal do Partido Popular.

Non, non nos resignamos ao Partido Popular nin ao seu esmorecemento. Queremos unha Galicia próspera, por iso defendemos un sistema alternativo de financiamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, hai pouco máis de un ano o Bloque trouxo o mesmo debate no que xa manifestamos os motivos do noso voto contrario, e desde entón non se teñen dado moitos máis argumentos que fagan cambiar a nosa opinión, a opinión do noso grupo.

Os argumentos técnicos e políticos dados entón son perfectamente aplicables, porque insisto en que non houbo ningún cambio. De entrada non houbo o cambio fundamental, que era que o Bloque trouxese un papel no que esas cifras que literalmente inventan e pintan estivesen minimamente respaldadas pola realidade.

Houbo algunha novidade dende aquel debate. Por exemplo, pasouse o control democrático que dixo o portavoz de En Marea. Efectivamente, quen trouxo o debate do cupo perdeu un escano e perdeu dous puntos porcentuais de voto. E quen o rexeitou, nese caso o Grupo Popular, mantén o número de escanos e subiu dous puntos porcentuais de voto.

Tamén hai nova información académica, rigorosa, que confirma o exposto hai un ano. Pese á controversia sobre a utilidade das balanzas fiscais, acaba de facerse pública unha que demostra que en España hai solidariedade, solidariedade entre persoas e solidariedade entre territorios; que as comunidades autónomas onde hai persoas que teñen rendas altas contribúen a financiar os servizos públicos das persoas con rendas baixas que residen noutros territorios, porque estamos cun sistema fiscal progresivo, que sobe as cargas impositivas aos cidadáns que teñen máis renda e báixallas e oferta máis servizos públicos a quen ten rendas máis baixas.

As balanzas fiscais din que Galicia se beneficia dos fluxos fiscais de España nun 6,85 % do seu PIB ao ano, na liña de Castela-León e Andalucía, mentres que Madrid perde un 9,82 % do PIB e Cataluña un 5 % da PIB, o cal, por certo, é habitual en todos os sistemas federais que aplican un sistema de redistribución territorial.

Evidentemente, tamén as balanzas fiscais amosan a anomalía do cupo vasco e do País Vasco, que, tendo unha renda superior á media, ten un saldo fiscal favorable, o 5,30 % do seu PIB.

Como a balanza expresa o que se recada con tributos, que ten que ver coa riqueza e coa renda de cada persoa que reside en cada territorio, e os gastos teñen que ver tamén con cuestións como o desemprego, que atende o Estado, ou as necesidades sociais ou a seguridade social, que tamén financia o Estado, vese claramente que hai solidariedade coa excepción vasca, da que se podería desprender que o que hai é que retocar o cupo e non, ao contrario, xeneralizalo.

Falabamos da Seguridade Social, e no debate do financiamento da Seguridade Social e das pensións está incluído, ademais das cotizacións sociais, o financiamento tributario. Ese é

un risco máis de romper o sistema fiscal español. E os últimos datos, onde se ve que, pese ao crecemento, o gasto en pensións crece en Galicia tres veces máis que as cotizacións, fan pensar que ese déficit de máis de 2.000 millóns que teñen as pensións en Galicia, que probablemente se incremente tamén no conxunto de España e que, polo tanto, haxa que cubrir con impostos, nos dá un pouco idea do descabellado da proposta que nos trae o BNG.

A Xunta está a defender unha posición clara, señor Villares, vostede estaba nesta Cámara cando o 7 de febreiro votamos unha moción que transaccionamos coa emenda presentada polo Partido Socialista; aí está a postura política da Xunta e o Goberno está a defendela; por exemplo, o primeiro punto daquela iniciativa era o de conseguir que a solidariedade do sistema fose plena, e non, como defenden e defenderon os nacionalistas cataláns, que non fose plena, que se excluían os servizos públicos, agás dous ou tres considerados máis fundamentais; por exemplo, a Xustiza non era considerada un servizo público fundamental. Os expertos, entre eles o nomeado pola Xunta de Galicia, despois de ser consultados os grupos desta Cámara, precisamente teñen conseguido introducir ese aspecto no informe que teñen presentado.

Polo tanto, a Xunta ten unha postura clara. A excepción vasca foi excluída especificamente para cataláns e para galegos, polos deputados cataláns e galegos, que sabían que isto era un anacronismo, resultado dun proceso histórico no que houbo tres guerras carlistas, tres guerras civís en España, foi o froito dun pacto, e o importante é que nós o defendemos exclusivamente non polos seus resultados, que se poderían axustar, senón precisamente porque están incluídos nesa Constitución á que onte vostedes dous foron a Cataluña dicir que non queren cumprir, que non queren respectar e que hai que saltarse á toreira. Esa é a situación. (*Aplausos.*)

En definitiva, o cupo é un mecanismo pouco xeneralizable. Se se fai, remataríase coa solidariedade, e certamente sería prexudicial para Galicia.

Hai outros cambios mínimos na proposta do Bloque. Está na exposición de motivos e hoxe quen defendeu esta proposición de lei fixo referencia a iso: unha idea que reforza a inanidade técnica da proposta que nos presenta o Bloque —insisto— sen ningún papel. Dise que nos remitimos ás liquidacións tributarias, aos datos de recadación tributaria en Galicia para demostrar que teríamos máis recursos co cupo; efectivamente, recórdolle o que di o último informe liquidado da Axencia Tributaria, do ano 2014 —é que parece que ás veces vostede pinta os datos, cita as fontes pero non as cita ben—. Nese informe dise que a recadación da Axencia Tributaria en Galicia por todos os tributos foi de 5.777 millóns de euros. E Galicia liquidou xa definitivamente 6.385 millóns de euros, estamos a falar de 608 millóns de euros. Se vostede lle engade, ademais, os 1.110 millóns de euros das transferencias do Estado para financiar os gastos dos entes locais galegos e os 367 millóns de euros que recibiu Galicia como recursos finalistas liquidados nese exercicio, verá que a diferenza entre o recadado en Galicia e o gastado por todas as administracións en Galicia como consecuencia das transferencias do Estado a través do sistema de financiamento autonómico, do sistema de financiamento local e dos recursos finalistas, son 2.000 millóns de euros. E vostede acaba de dicir que, segundo ese informe, simplemente mirando a liquidación, xa teríamos un negocio feito; evidentemente, un negocio ruinoso de 2.000 millóns de euros menos. Evidentemente, isto non é como se calculan as balanzas fiscais —e remítome ao que acabo de dicir anteriormente—.

O certo é que en España hai solidariedade interpersoal, hai solidariedade interterritorial, iso está garantido pola Constitución, e nós, dentro do sistema constitucional e da reforma do financiamento autonómico, seguiremos con eses principios aprobados na moción nesta Cámara en febreiro, seguiremos intentando manter a capacidade de gasto da Comunidade Autónoma.

A acción política, señorías, pode moverse polos principios ou polo interese, e falo do interese lexítimo. De feito, nós temos a obriga de defender o interese de Galicia, e cada un defende o interese de Galicia de acordo cos seus principios. E, certamente, eu creo que, no tema da reforma do financiamento autonómico, nós defendemos os principios de que os mercados xeran unha distribución desigual, que hai que corrixir a través de instrumentos de equidade. Iso está na Constitución, e estou seguro de que o profesor Buchanan ten publicado moitas veces que os mecanismos da redistribución da Constitución son unha forma axeitada de resolver os conflitos sociais. Nós pensamos que eses mecanismos de redistribución compensan a evolución histórica ao longo do tempo, e os nacionalistas ben saben que houbo tempos nos que Galicia mandou a outras comunidades autónomas, por exemplo Cataluña, moitas persoas que contribuíron ao crecemento de Cataluña, e que moitos galegos que emigraron a outros países de Europa ou de América mandaron aforros que durante moitos anos contribuíron a reforzar o investimento noutras rexións como Cataluña. Nós entendemos que a redistribución para equilibrar os resultados do mercado é un principio básico.

Ese sistema, que está constitucionalizado, evidentemente, é o principio que nós defendemos. Os vascos defenden outro, defenden o principio da soberanía fiscal plena, e que está recoñecido dalgún xeito pola nosa Constitución; e págalles a conta, porque están por riba da media de renda. O que é absolutamente inconcibible é que un grupo que di defender o interese de Galicia, por principios, defenda unha posición no financiamento autonómico que sería unha auténtica ruína para Galicia.

O BNG ten con isto un exemplo da súa máxima incoherencia: está en contra da redistribución do mercado xerado ao longo de moitas décadas en España, está en contra do que lles interesa ás arcas públicas galegas, e, ademais, no caso de xeneralizarse este sistema —como xa dixo un dos precedentes no uso da palabra—, Galicia perdería financiamento a esportas, e mire que estamos falando de máis de 1.000 millóns de euros, ao contrario do que ocorre co sistema de financiamento actual, onde o financiamento per cápita e habitante axustado está dando a Galicia máis recursos que a media das comunidades autónomas.

Finalmente, hai un problema de oportunidade. O último día vimos como alguén publicaba as balanzas fiscais, dicindo que Cataluña sae prexudicada. Tamén vimos como hai simulacións, feitas por certo por un membro da Asemblea Nacional Catalá, que representou os expertos, a Comunidade de Baleares, que din que o que habería que facer é recuperar a normalidade, e, segundo ese informe, Cataluña gañaría 1.000 millóns de euros e Galicia perdería 570. É nese momento no que estamos negociando como se traducen os principios do informe nunha reforma do sistema de financiamento autonómico. Sabemos que os custos do cupo son impresionantes para Galicia, que o actual sistema nos está dando un saldo fiscal do 5-6 % do PIB. Sabemos que non é xeneralizable, sabemos que é irracional desde o punto de vista da organización dunha Facenda territorial. Sabemos que é incompatible co que

marca a Unión Europea, o que significa o principio de empezar a introducir tamén a nivel europeo a harmonización fiscal.

Tendo tantos custos e tantos riscos asociados a introdución do cupo, estando en contra do previsto pola Constitución, traen a un pleno un desafío soberanista, e, evidentemente, o Bloque está nun chanzo máis do retorno ao pasado; é dicir, vostedes houbo un momento en que parecía que adoptaban a autonomía e agora van para atrás, tamén electoralmente. Vostedes saberán o que fan.

Ao final, o BNG o que fai é defender un sistema de financiamento prexudicial para Galicia, no peor momento posible, que é cando se está reformando. Defenden a redución da redistribución da renda entre persoas e entre territorios en España, defenden o aislacionismo financeiro, e tamén o económico. España foi o quinto país do mundo que nos últimos corenta anos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...cun sistema democrático descentralizado, máis creceu economicamente, grazas á apertura á democracia e á autonomía.

Moito nos gustaría que reflexionasen sobre isto e deixasen e abandonasen estas cousas baseadas en números pintados que serían, ademais, unha cousa ilóxica desde o punto de vista dos principios fondamente prexudicial para a Facenda galega e, polo tanto, para todos os galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Réplica do grupo autor da proposición de lei, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu, en primeiro lugar, quero darlle as grazas a En Marea polo seu apoio á toma en consideración dunha lei para que neste Parlamento puideramos debater sobre unha proposta seria, ambiciosa, beneficiosa para o noso país, e que nos permitiría romper cun centralismo que —insisto— é un negocio pésimo para Galiza.

E eu, a respecto das intervencións que houbo dos grupos que non van apoiar esta iniciativa, o primeiro que lle digo, desde o respecto e o afecto, ao portavoz do Grupo Socialista é que eu non dou carnés de progresista; parece que vostede vén aquí darnos carnés de progresista. O que teño moi claro é que o progresismo non se constrúe indo de ganchete co Partido Popular (*Aplausos.*) nun tema tan importante para Galiza como é o modelo de financiamento e con romper precisamente algunhas das inxustizas que creou o actual *statu quo*.

Insisten neses argumentos case iguais; non acertan a cifra; un di que perdemos máis que outro; non sei se é que non teñen papeis ou cada un fai as contas como lle convén; en todo caso, vostedes din que esta proposta non é oportuna polo que pasa noutros territorios. Pois

eu creo que Galiza non pode estar cativa a respecto dos debates que temos que dar como país en función do que fan os demais. Precisamente esa é unha parte do problema que nós temos para conseguir avanzar.

Téñolle escoitado en moitas ocasións ao presidente da Xunta de Galiza queixarse de que no debate do ano 2009 foi un convidado de pedra, que non pintaron absolutamente nada nese debate. E o que están facendo, en pleno, no ano 2017 e no debate que se vai producir no 2018, é que voltamos repetir ese escenario, que Galiza non pinta absolutamente nada e que imos volver saír perdendo.

Saímos perdendo porque vostedes non están defendendo o interese xeral de Galicia; non, non; están defendendo o interese do centralismo, porque o problema que nós temos non é que non haxa recursos ou que os cidadáns non estean pagando moitos impostos neste momento; non, non; o problema é que temos un sistema fiscal inxusto, inadaptado en moitos casos á nosa realidade e, en terceiro lugar, que permite que o Estado teña prioridades de gasto que non teñen nada que ver coas necesidades da sociedade galega pero que acaban pagando as persoas que viven ou que vivimos no noso país.

Durante os anos da crise houbo un momento en que descendeu moito o nivel de recadación, pero tamén houbo outro en que, se comparamos os últimos anos, vemos como houbo unha recuperación fiscal polas reformas que fixo o Goberno central, e resulta que ese maior pago de impostos non tivo un reflexo no sistema de financiamento e non obtivemos máis recursos, porque o Goberno central, con vostedes de acordo, decidiu que era prioritario, antes que salvaguardar a educación e o ensino, rescatar a banca, acabar regalándolle máis de 40.000 millóns de euros.

E nós queremos cambiar ese modelo. E esta é unha proposta que non ten ningún problema de legalidade. Díganme, se non, cales foron os reparos xurídicos que lle puxo a Mesa do Parlamento. ¿Houbo algún reparo xurídico? Ningún, porque non é un problema de legalidade, é un problema político. A Constitución española non di en ningún sitio que non poidamos ter un concerto económico. Díganme vostedes onde prohibe que poidamos ter un concerto económico. É a súa mentalidade centralista a que nos está impedindo que avancemos nun sistema co que, desde logo, só teríamos vantaxes.

E despois fálannos vostedes de dous criterios, como son a solidariedade e a igualdade. Entón, dígnos que o actual Estado é o que nos garante a todos e a todas ter igualdade e solidariedade. ¿Están realmente convencidos diso? ¿Temos os mesmos servizos que teñen en Madrid, temos exactamente as mesmas conexións de AVE, as mesmas conexións ferroviarias, os mesmos salarios, exactamente as mesmas pensións? ¿Esa é a igualdade da que vostedes falan? ¿De que igualdade lles falan aos galegos e ás galegas, que teñen os salarios máis baixos, que seguen tendo que emigrar ante a falta de oportunidades, porque non hai a valentía política de confiar nas posibilidades que temos e desenvolver un proxecto de futuro? (Aplausos.) Vostedes o que están é mantendo unha estrutura absolutamente anquilosada de Estado centralista e dicíndolles aos galegos e galegas que non valem, que non podemos, e niso, desde logo, non conten con nós.

Galiza, señorías, paga moitos máis impostos que eses 5.000 dos que vostedes nos falan, porque seguen insistindo en que a capacidade fiscal de Galiza é a que recoñece o actual sistema

de financiamento, e iso é só unha parte pequena dos impostos que acabamos pagando os galegos e galegas. E sabe tamén o señor Puy —porque eu sei que é unha persoa intelixente e que non comete ese tipo de erros— que o debate sobre o modelo do sistema de financiamento non ten nada que ver co debate sobre o sistema das pensións; son caixas diferentes, o sistema de pensións págase a través da tributación que fan os traballadores e traballadoras; e o único que queren é, como en todo, meter medo á xente e non querer asumir os debates sobre as posicións políticas e tamén sobre as oportunidades que abren.

Estamos nun momento no que se abre o debate do modelo de financiamento, e a proposta que Partido Popular e Partido Socialista defenden parece ser que se reflicte...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—vou rematando, señor presidente— nese informe dos expertos. Unha proposta na que se di que o Estado non ten que poñer máis recursos para o sistema de financiamento, na que se di que a alternativa é máis centralización e menos capacidade fiscal, onde se di ademais que hai que romper con esa cláusula do *statu quo*, o que pode significar menos ingresos para o noso país, ou na que se di que unha das fórmulas para financiar os servizos públicos son máis repagos na sanidade ou unha suba de impostos regresivos, como pode ser o IVE.

Ese, desde logo, non pode ser un punto de partida válido, porque é unha proposta antisocial e antigalega, e nós o que defendemos con esta proposta de concerto é a proposta de que confiamos en que Galiza si que pode, e que desde logo os servizos públicos que temos non nolos paga ninguén desde Madrid, pagámoslos os galegos e galegas cos impostos que cada día relixiosamente cobra o Estado español. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei do G. P. Popular de Galicia, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro de Economía e Emprego, señorías, moi bos días a todos.

Agora si imos falar de algo que interesa a Galicia. Presentamos a proposición de lei do G. P. Popular, a Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais. Non imos descubrir hoxe aquí que na última década vivimos varios anos de fonda crise económica que levaron á destrución dunha parte do tecido produtivo de Galicia. Tampouco imos descubrir que o novo contexto de recuperación e crecemento está a abrir un novo horizonte para a nosa economía que deberemos aproveitar para dar un impulso aos nosos sectores consolidados e para captar outros novos que fortalezan a nosa economía. Un mundo no que o mercado e a competencia son internacionais; nese mundo, os desafíos

son moi grandes, pero tamén o son as oportunidades. E por iso temos que facerlles fronte aos desafíos e aproveitar as oportunidades que se nos presentan. Ese é o dobre obxectivo que o Grupo Popular trae con esta proposición de fomento da implantación de iniciativas empresariais.

Creemos que debemos dar un paso adiante para converter a Galicia nun lugar que sexa capaz de competir con territorios do noso contorno e que resulte atractivo para albergar proxectos industriais de calidade. A idea central deste texto é unha cuestión de filosofía política, do xeito no que debemos entender as institucións. Dende o Grupo Popular creemos firmemente que as administracións non deben ser unha fábrica de trabas para a actividade económica senón un facilitador para que esta se produza con garantías. E por iso esta proposición de lei nace con tres obxectivos fundamentais: o primeiro é simplificar, o segundo é liberalizar e o terceiro é potenciar. Queremos simplificar; simplificar os procedementos administrativos para reducir á metade a duración dos trámites necesarios para a posta en marcha dun novo proxecto industrial. Queremos liberalizar; liberalizar sectores para converter a Galicia nun territorio de referencia internacional. E queremos potenciar; potenciar a atracción de empresas con incentivos e exencións para que as empresas escollan a nosa terra para que bote a andar o seu novo proxecto empresarial.

Pero isto non queda en ideas xenéricas, senón que se concreta nunha batería de medidas que facilitan todo o proceso de implantación, dende o proceso de documentación, de nacemento do proxecto industrial, pasando pola busca do emprazamento e polo inicio da actividade. Queremos acompañar os novos proxectos industriais en todo ese paso, en todo ese trámite, e facelo dende as administracións, non só dende a Xunta de Galicia, tamén dende os concellos. E, polo tanto, esta é unha lei que implica a todos, é unha lei que queremos que naza co máximo consenso posible.

Con esta lei os proxectos que escollan Galicia terán que dirixirse á Administración autonómica para integrar nun só procedemento a autorización ambiental integrada, a declaración de impacto ambiental e, se fose necesario tamén, o informe sectorial pertinente. Non se trata de reducir as exixencias medioambientais, do que se trata é de reducir a burocracia, de reducir os trámites, de reducir os tempos e, polo tanto, eu creo que ninguén pode estar en contra da non redución da burocracia, porque a burocracia, señorías, non é garantía absolutamente de nada. E iso é o que pretendemos con esta iniciativa.

Ofrecemos solo industrial nas condicións máis vantaxosas posibles, elevaremos a rango de lei a súa bonificación, así como os dereitos de superficie ou o dereito preferente sobre fincas colindantes. Ademais, propoñemos medidas novas, como o desenvolvemento de polígonos a medida da demanda existente en cada momento, permitindo a urbanización parcial de certas áreas; crearemos o Censo de Solo Industrial de Galicia e ofreceremos pago aprazado e sen xuros para facilitar a compra das parcelas.

Poñemos enriba da mesa a necesidade de dar incentivos económicos ás empresas, garantindo que poidan recibir o máximo nivel de axudas que permite a Unión Europea e mediando para que os concellos alivien a carga fiscal que lles fagan soportar.

E, como somos conscientes de que lle imos pedir ademais un esforzo á Administración local, tamén lle daremos unha contrapartida: ofrecerémoslles aos concellos que colaboren nesta liña beneficios directos aos que accedan a reducir os seus tributos, animándoos a unirse á iniciativa dos concellos *Doing Business*.

Todos debemos poñer da nosa parte para fortalecer a actividade económica, e os concellos son os primeiros interesados, xunto á Xunta de Galicia, de tela para fixar poboación e poder mellorar os seus servizos públicos.

Falabamos con anterioridade de sectores que deberían ser liberalizados, na nosa opinión, e, neste sentido, gustaríanos destacar as medidas en dous ámbitos concretos: o eólico e o forestal. En canto ao eólico, eliminarase o concurso público, aportarase transparencia coa creación do Rexistro Eólico de Galicia e darase certeza temporal, establecendo prazos máximos de autorización, de construción e de explotación. E, no forestal, as empresas que queiran facer unha tala poderán achegarse a unha ventanilla única, que se demanda dende hai moito tempo, que dotará o proceso de garantías. E con carácter xeral o permiso limitarase a unha comunicación previa para reducir os prazos de tramitación.

Ademais, en canto á minaría, tamén se mellora a normativa para axilizar a posta en marcha dos proxectos, e nas cooperativas redúcese ao máximo o número de socios para poder constituílas.

En definitiva, creo que estamos ante un dos proxectos de lei máis ambiciosos que se van levar ao longo desta lexislatura e que pode dar un pulo significativo á nosa política industrial, algo que os grupos da oposición tamén demandan — polo menos era o que dicían nas súas intervencións no anterior período de sesións—. Veremos agora se esa demanda de impulsar a política industrial de Galicia se ve certamente acompañada dese apoio á tramitación desta lei, que abriría esta vía.

Señorías, dende o Grupo Parlamentario Popular cremos sinceramente que Galicia e os galegos merecen que fagamos unha reflexión sincera, sen cortapisas, da situación á que nos enfrontamos. Competimos, competimos con moitos lugares, pero todos somos conscientes de que o noso rival máis inmediato na implantación industrial é o norte de Portugal. Con esa idea nace esta lei, con esa idea presentamos esta proposición de lei.

Segundo o Informe de Competitividade Global do Foro Económico Mundial, do que algúns medios de comunicación se fixeron eco nas últimas datas, España e Portugal amosan diferenzas de calado en moitos dos ítems que o índice analiza.

Nós non queremos competir con Portugal nin pola vía dos salarios nin pola vía dos dereitos dos traballadores, queremos incidir alí onde temos capacidade de facelo; dende o noso autogoberno queremos incidir onde temos capacidade de facelo, e isto é en cuestións como as restricións normativas, o tempo para o inicio dunha actividade ou o número de procedementos para poñer en marcha unha empresa.

O que propoñemos dende o Grupo Parlamentario Popular é dotarnos de todas as ferramentas que permite o noso autogoberno para reducir ao mínimo, á mínima expresión, a brecha cos veciños portugueses nestes puntos.

Señorías, remato xa.

Dende o Grupo Popular fixemos reiterados chamamentos aos grupos da oposición ao longo das últimas semanas para acadar un entendemento sobre unha lei que será das máis transcendentales desta lexislatura. Esta lei dá resposta, polo menos nunha fase inicial, a moitas das demandas que a oposición ten expresado nos últimos meses neste mesmo Parlamento. Levan meses pedíndolle ao Goberno medidas que poidan contrarrestar a dura competencia que lle presentan a Galicia rexións do noso contorno, e este texto ofrece respostas. Levan meses pedindo medidas que sirvan para reindustrializar o país e facilitar a implantación de novas actividades económicas, e este texto ofrece medidas nesa dirección. Levan meses pedindo medidas que favorezan a creación de postos de traballo e que eses postos de traballo sexan cada vez de máis calidade e sexan cada vez máis estables, en empresas que ofrezan alto valor engadido e este texto ofrece medidas encamiñadas nesa dirección.

Se o seu argumento para votar en contra desta lei, como algúns xa anunciaron —eu creo que incluso sen lela durante as últimas semanas—, é que o texto é insuficiente, eu o que lles podo dicir é que ningún longo camiño se fai sen un primeiro paso. E esta lei é un primeiro paso, e esta lei que traemos aquí para tomar en consideración e que inicie o trámite parlamentario é unha oportunidade para sentar a falar do que verdadeiramente preocupa aos galegos e ás galegas, que, dende logo, non é o cupo e, dende logo, non ten nada que ver co que pasa en Cataluña; non, non. Aos galegos o que lles preocupa é crear emprego. Estase creando emprego; estamos nunha situación de recuperación económica; do que se trata é de aproveitar esta situación para crear tecido produtivo. E aquí ou se está ou non se está, pero o que non vale é criticalo todo, estar instalados no «non polo non» e, ao final, estar sempre en contra do Goberno, que é o mesmo que estar en contra de Galicia.

Teñen vostedes unha oportunidade para demostrar que o que din e o que fan é o mesmo. Se, como sospeitamos, o seu argumento é o do non polo non, o da oposición a todo, vostedes estarán facendo un exercicio de hipocrísia política inaceptable, quedarán neste Parlamento e ante a opinión pública retratados como o que moitos pensamos que son: inimigos da actividade económica e, por tanto, inimigos do benestar dos galegos. Nós aquí vémoslos preocupados polo emprego, pero, ao final, ao mesmo tempo, o que piden é pechar empresas, a renglón seguido. E o certo é que as que crean emprego son as iniciativas empresariais como as que queremos potenciar con esta lei.

Señorías, sabemos que moitos de vostedes están máis preocupados polas liortas internas dos seus partidos que polos problemas dos galegos, pero esta é unha oportunidade para empezar ben este período de sesións e para empezar a construír, tamén dende os grupos da oposición, un discurso distinto sobre a Galicia na que vivimos, en vez de falar permanentemente do que pasou hai oitenta anos. Iso está moi ben para dividir, para confrontar, pero, ao final, non produce postos de traballo, e nós estamos aquí para cambiar a situación de Galicia, para aproveitar a situación de recuperación económica e para crear postos de traballo. *(Aplausos.)*

E, polo tanto, nós o que lles pedimos, coa presentación desta proposición de lei, é que se sumen a un debate aberto nesta Cámara, que poidamos escoitar, ler as súas emendas, e que poidamos entre todos enriquecer un texto que estou seguro de que pode incorporar medidas,

propostas dos grupos da oposición. Dicar non polo non ao final está moi ben para facerlle oposición ao Partido Popular de Galicia, pero o non polo non ao final ao único que leva é a que se faga oposición a Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

Debatemos hoxe esta proposta rexistrada polo grupo maioritario; unha proposición de lei na que xa practican algo do que avanza nesa reforma legal, que é saltar pasos e saltar informes. Na súa particular versión do *coworking* o Partido Popular presenta esta lei como grupo parlamentario, non como goberno, malia que o señor conselleiro leva máis dun mes de *tournee* polo país anunciándonos as bondades destas leis, incluso avanzando algunha das modificacións que aínda non se recollen. Para iso, xa que veu vostede a tempo, señor Conde, podía vir aquí falarnos, aínda que sempre é un pracer escoitar o señor Tellado.

En fin, nós a lectura que facemos disto é que así vostedes aforran determinados informes con esta manobra como, por exemplo, o Informe do Consello Económico e Social deste país, que aglutina diferentes axentes e que, ademais, está a elaborar un estudo sobre unha alianza no sector industrial galego que, sen dúbida, sería de interese. Pero, ben, vese que a vostedes non lles interesa.

Despois, a xustificación da urxencia xa é directamente un insulto á intelixencia. Vostedes baséanse nunha análise absolutamente de parte unicamente centrada no cadro macroeconómico e non se esforzan en facer unha radiografía exhaustiva de cales son as necesidades do noso tecido produtivo. Esquecen unha vez máis un pilar fundamental que xa invalida de raíz esta proposta: que o modelo económico sempre alimenta o modelo social; e non podemos entendela separadamente ou continuaremos deixando atrás moitos galegos e galegas para os que as cifras da macroeconomía non están a supoñer ningunha mellora nas súas condicións de vida e non os van sacar da precariedade na que están instalados.

Mire, señor Tellado, vostedes chegaron tarde ao debate da deslocalización. Despois de que empresas, sindicatos e grupos da oposición insistiramos sen descanso en que era necesaria unha estratexia de país para esta cuestión, parecía que vostedes caían da burra; parecía, pero non. Primeiro puxéronse de perfil e agora pretenden aproveitar un problema e unha realidade xa recoñecida por todo o mundo para colarnos unha lei que é un auténtico caixón de xastre. É a versión adiantada de calquera das leis de acompañamento que vostedes implementan sempre cos orzamentos.

Vostedes aproveitan unha necesidade que ten este país, como, por exemplo, a de axilizar trámites e favorecer a ordenación do chan industrial, que é unha demanda que existe, pero que usan única e exclusivamente como un disface, como un disface, porque o que fan en realidade é modificar substancialmente, de forma discrecional, numerosas leis de importancia capital para o benestar da nosa cidadanía e para o desenvolvemento da nosa industria.

Modifican a Lei de minería, modifican a Lei eólica, modifican a Lei de montes, modifican a Lei de conservación da natureza, modifican a Lei de augas, modifican a Lei do solo e moitas outras máis sen consenso e sen participación. Xa no máximo exercicio posible de cinismo político, veñen redactar esta exposición de motivos dicindo que abriron un proceso de participación pública para a cidadanía en xeral, e agora vén o señor Tellado dicirnos que estivo facendo chamamentos ao Espírito Santo e aos grupos da oposición (*Aplausos.*) ¡Pero en que planeta viven!

Mire, unha cousa, por dicila, non se converte en verdade, e o que vén de dicir é directamente mentira: nin existiu ese procedemento nin vai existir, porque vostedes pasarán por este texto legal coa súa apisoadora da maioría absoluta.

Por iso desde o Bloque Nacionalista Galego facémoslles tamén un chamamento: se realmente o que queren é diálogo, o que queren é consenso, falar cos grupos da oposición e falar cos axentes sociais, pois retiren esta proposición de lei, retiren esta proposición de lei e inicien un proceso máis pausado, se iso é o que queren, porque nós non lles compramos nin as formas nin o contido.

Miren, estamos diante dun momento determinante no que, diante deses retos da deslocalización, deses retos de saír das consecuencias da crise socioeconómica e da falta de investimento e de deseño deste país, ten dúas saídas: dunha banda, a que nós defendemos, que pasa por impulsar un cambio de modelo produtivo, intenso, en actividades de maior valor engadido e de coñecemento, e contando coa participación pública como motor; ou, doutra banda, a saída que directamente propón o Partido Popular, que plasma nesta lei o máis encarnizado neoliberalismo. E serei directa: esta lei é a lei propia, señores e señoras, dun país colonizado, e nós non lle imos dar o noso voto favorable. A proba é que se centra exclusivamente, na práctica, en tres sectores: na enerxía, na extracción e no forestal. Enerxía, extracción e forestal. Díganme: ¿que planificación de desenvolvemento económico é esa nun país? ¿Simplemente abrir as portas para que aquí veñan levar os recursos que queira quen considere?

Desde logo, nós entendemos que, cos cambios que están a implementar, o que fan e o que buscan é que o interese xeral das empresas extractivas ou enerxéticas prevaleza por riba de calquera outro tipo de interese, sen marxe para o consenso e para a negociación, igual que o nacemento e o final desta lei. E fano limitando, entre outras cuestións, o acceso á información e os prazos de exposición pública. Ninguén dubida de que hai prazos neste país que hai que axilizar, de que hai que favorecer a conexión entre as administracións e racionalizar todo ese entramado. Pero onde vostedes din axilización o que hai realmente é saltar transparencia e limitar a capacidade de opinión e intervención da veciñanza, dos colectivos e tamén dos concellos, si, tamén dos concellos.

Porque é absolutamente escandaloso o uso que fan vostedes nesta lei da supramunicipalidade, entendida como unha ferramenta para saltar os concellos, non para cooperar con eles. Fano legalizando e reforzando dous grandes cabalos de Troia: reforzando esa declaración de proxectos empresariais singulares reducindo as condicións, e caendo así nese capitalismo de amiguetes, porque máis que liberalización o que fan é capitalismo de amiguetes, para que sexa o Consello da Xunta quen poña o nome e os apelidos das empresas e punto. Tamén vai nese sentido o reforzo da figura dos proxectos industriais estratéxicos, e así abren a porta a que grandes empresas esquilmen os nosos recursos sen control e sen consenso político e social. E iso non o imos permitir, e confiamos en que este país se rebelará contra estas cuestións.

Señores do Partido Popular, eu recoméndolles que abandonen o seu cinismo e que o digan claramente: díganos claramente se esta lei é o salvoconduto para Elnosa, díganos se esta lei é o salvoconduto para Ence (*Aplausos.*), se é o salvoconduto para que Porto Cabral sexa un centro comercial en lugar dun monte comunal, se é o salvoconduto para que situacións onde a instalación dun eólico ten algún tipo de colisión cos intereses veciñais e municipais —como en Laxe— vaia para adiante, se é o salvoconduto para que Gas Natural Fenosa poida facer —vía modificación da Lei hidráulica— as modificacións que lle dea a gana no encoro de Conchas e de Salas e que non teña que pasar por ningún lado. Se esa é a súa filosofía política, nós non llela compramos.

E miren, vou avanzar tamén algunha cuestión máis no pouco tempo que me queda. Esta lei demostra tamén que vostedes carecen de modelo de país e que só se escoitan a si mesmos. Un exemplo: Sogama. Vostedes recollen nesta lei a creación dunha planta de compostaxe de Sogama, que certifica que o modelo de incineración está morto e fracasado, porque por fin teñen que asumir as condicións que as directrices europeas e as organizacións ecoloxistas e ambientais puñan enriba da mesa. Pero, aínda así, demostran que non aprenderon nada. Introducen un canon menor, que é o que está cobrando Sogama, asumindo que é máis barato, e nin así fan unha aposta rigorosa por levar máis plantas de compostaxe a máis comarcas do país. Mentres vostedes fan iso, o modelo Pontevedra vai cinco pasos por diante, e xa está traballando na compostaxe *in situ*.

Pero hai máis razóns que certifican que esta lei é un absoluto disparate. Hai numerosas eivas e carencias. Por exemplo, limitan o aspecto económico a incentivos vía subvencións, sen establecer os criterios e deixando a decisión basicamente na macroconsellería de Industria, e o abaratamento das taxas municipais. Renuncian *de facto* á participación pública. Seguen pagando coa modificación da Lei eólica máis multas por ter dinamitado de forma sectoria o concurso eólico exemplar do Bipartito, pero, aínda así, seguen a renunciar á participación pública.

Tampouco propoñen nin unha soa mellora para o papel do Igape, nin unha soa medida para favorecer o peche dos ciclos produtivos en Galiza, na liña da creación da Axencia Forestal Galega e do fomento de ningún tipo de trabas para a tala e de reducir xa calquera aspiración a un aproveitamento multifuncional e a dotación de valor económico do monte, alén da produción madeireira.

Nin unha soa medida para fomentar o reequilibrio territorial. Non abonda con recoller que poida haber polígonos máis pequenos, senón que hai que introducir medidas para o reequilibrio e para que o sur do país medre por igual.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nin unha soa medida —e vou rematando— para actuacións específicas para revertir esa deslocalización que parece que por fin asumiron que existe. Nin unha soa medida para incidir nos criterios de mellora do emprego e de que este sexa de calidade. Nin unha soa medida en conexión co I+D+i ou as universidades galegas.

En suma, esta é unha lei cabalo de Troia, para que as empresas que o Consello da Xunta de Galiza decida fagan co noso país o que lles pete, e, polo tanto, desde o BNG imos votar en contra da súa toma en consideración, e facemos un chamamento a que, se realmente teñen vontade de dialogar, vontade de incorporar propostas da oposición ou dos sectores afectados, retiren esta lei e que inicien ese diálogo do que tanto falan e tan pouco practican. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, acaban de reeditarse dous artigos publicados por Hannah Arendt que se titulan «*Verdad y mentira en la política*». Eu vou ler un pequeno parágrafo, porque, a verdade, o que quero dicir é que a primeira noticia que tiven como deputado da proposición de lei do Partido Popular rexistrada o día 28 de xullo de 2017 ás 9.30 horas da mañá foi cando os servizos administrativos do meu grupo ma enviaron. Dígoo por se alguén cre que realmente houbo ese período de consultas previo; polo menos co Grupo Socialista non o houbo, non sei se o houbo co Bloque Nacionalista Galego ou con En Marea; entón, sentiríame dobremente agraviado.

Escribía Hannah Arendt, bastante ben, coma sempre: «*Las mentiras resultan a menudo mucho más verosímiles, más atractivas para la razón que la realidad, porque quien miente tiene la gran ventaja de conocer de antemano lo que su audiencia desea o espera oír, ha preparado su relato para el consumo público, esmerándose en que resulte creíble, mientras que la realidad tiene la desconcertante costumbre de enfrentarnos con lo inesperado, con aquello para lo que no estamos preparados.*»

Non estamos preparados fundamentalmente para a pobreza e a desigualdade nun país que tiña mellorado a súa situación social durante varias décadas, e lamentablemente nesa non preparación é onde campa este magma ideolóxico que hoxe o señor Tellado nos describiu aquí.

Estamos asistindo a un auténtico teatro, con todos os meus respectos. Cando se rexistra esta proposición de lei o 28 de xullo, e o 29 de xullo o señor conselleiro di nunha entrevista, fa-

lando desta proposición de lei: «*Es un paso más, un paso importante que trae una simplificación administrativa vertebradora del ciclo de un proyecto industrial. Es un trabajo de todo el Gobierno, en el que han participado todas las consellerías de la Xunta.*», ¡home!, señor conselleiro, polo menos non estaría mal que se acordara do Grupo Parlamentario Popular, que foi quen o rexistrou, (*Aplausos.*) polo menos, polo menos, por isto de recoñecer o traballo feito.

Pero, ademais, as notas de prensa da Xunta, ese departamento de publicidade e propaganda que certamente funciona moi ben; rexistrada —insisto— o 28 de xullo; nota de prensa do 4 de setembro: «*Conde inicia coa CEL a rolda de contactos para consensuar a futura Lei de implantación empresarial de Galicia*». Espere que se aprobe. En fin, ¿a vostede parécelle razoable a secuencia? ¿Parécelle que, en termos de dignidade, desta Cámara é razoable que o grupo maioritario da oposición rexistre unha proposición de lei —ten todo o dereito a facelo— dunha forma, como dicía a voceira do Bloque Nacionalista Galego, absolutamente travestida, absolutamente patrimonializada polo Goberno galego?

Eu a verdade é que creo que non. A ver se se poñen de acordo, porque se inicia a rolda de contactos coa CEL agora, en setembro, a vostede vese que se lle adiantou o señor Tellado cos contactos cos grupos parlamentarios na realidade virtual, esa cuarta dimensión que nunca sei moi ben onde se sitúa (*Aplausos.*). Houbo un momento —e logo deime conta de que era un espellismo— en que ata me soou poético o discurso do señor Tellado; por un momento dixen: ¡hostias!, pero non, era un espellismo.

Dixo tres infinitivos, que rimaban loxicamente: *-ar, -er, -ir*. Pero eu teño outros tres, que é o que está detrás desta lei, que é unha lei profundamente ideolóxica. Vostedes levan votando que non a propostas da oposición, do Grupo Socialista e dos outros grupos, para mellorar o que é a política industrial desta comunidade autónoma non nesta lexislatura, dende o ano 2009, e díllelo quen foi voceiro —con maior ou menor éxito, en termos de votacións no Parlamento con moi pouco — dende hai algún tempo.

Non se trata de desregular para non se sabe moi ben que. Non, non, a secuencia é outra, señor Tellado e señor Conde. A secuencia é unha secuencia que non é nova, que non a inventa a Xunta de Galicia, que se arrastra no que é a economía capitalista dende hai décadas. E é, primeiro, desprestixiar a administración pública, con que hai moitas normas, con que dificulta, con que paraliza etc., etc., para despois abrir a porta á desregulación —e estamos nesa fase— para despois xustificar a privatización. E esta secuencia, que non é ningunha obsesión de Abel Losada nin do Grupo Socialista, é o que vén acontecendo sempre que goberna a dereita nos países desenvolvidos occidentais. Poden vestilo como vostedes queiran, pero, por certo, mesmo o vestiron mal.

Eu tomei a molestia de buscar algunhas palabras clave nestas 82 páxinas —82 páxinas, ¡eh!—. Investigación; unha vez; 82 páxinas, unha vez. É verdade. Dígoo por se van agora ao Acrobat, que sae outras seis, pero nas que se fala exactamente de investigación mineira e de investigación eólica. ¡Oh, casualidade! Investigación nun concepto macro —iso que a vostedes lles gusta tanto, señor conselleiro; creo que ao señor Tellado tamén—. Unha vez. «Innovación» aparece unha vez cando se refire á orde da Consellería de Industria do 7 do 9 do 2007. A palabra innovación nesta implantación empresarial, en 82 páxinas, aparece unha vez referín-

dose a unha orde dun goberno da Xunta; polo tanto, coma se non estivera. «Formación», cero; «capital humano», cero; «emprego estable e de calidade», tres veces —82 páxinas—; «competitividade», dúas, ningunha no articulado, as dúas na exposición de motivos.

Eu creo que isto enmarca perfectamente cal é o obxectivo político desta lei, e enmárcao porque o obxectivo político desta lei, efectivamente, como dicía antes, é, despois de ter desprestixiado o ámbito público, desregular e, posteriormente, privatizar. E mire, cando se atrasan os procedementos administrativos... Eu comparto plenamente a ventanilla única para as cortas forestais. Pero a solución non é eliminar procedementos, ¡eh!, a solución é que haxa persoal público que resolva en tempo. Esa é a solución.

Cando ideoloxicamente se decide que hai que adelgazar o Estado e a Administración pública porque ese é o problema e non a solución é cando se fan proposicións de lei como esta.

Polo tanto, non nos enganen, non se trata de axilizar nada, trátase de desregular para permitir que os intereses económicos dos actores privados campen sobre os intereses colectivos públicos. E ese é o obxectivo desta serpe de verán —dicíao tamén a voceira do BNG— absolutamente complexa no formal porque, efectivamente, é unha especie de lei de acompañamento bis. Eu só espero que agora na Lei de acompañamento dos orzamentos non nos metan outra vez 82 páxinas de modificacións porque, se non, eu recoñezo a miña incapacidade persoal, intelectual, case de capacidade de lectura para entender estas cuestións.

En realidade, o que fai, señor conselleiro —e sábeo perfectamente—, é saltar os preceptivos informes. ¿A vostede parécelle razoable que unha proposición de lei que leva por título «fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia» non pase por un informe do CES? ¿Parécelle que é o normal, o común? ¿É tan urxente? Se é tan urxente, ¿pódeme explicar por que levan votando que non sistematicamente a iniciativas da oposición que teñen que ver directamente con estas cuestións? Porque queren saltar ese tipo de controis.

E eu quero, moi rapidamente, ir aos temas que afecta: Administración local, hidráulica, solo e urbanismo, medio ambiente, Sogama, enerxía eléctrica, incentivos ao investimento, instalación de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, minaría, parques eólicos, cooperativas, portos, montes, turismo, estradas, patrimonio cultural e Administración autonómica.

Está tan mal feita que na exposición de motivos nin sequera fai referencia ás leis que modifica, nin sequera fai referencia a todas as leis que modifica, o cal non deixa de ser sorprendente. Non ten nada que ver co que aparece no programa electoral do seu partido de hai un ano. A maior parte das medidas non aparecen... (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Tellado, ao mellor, vostede ten unha versión incunable do programa electoral do PP. Eu falo da que estaba colgada na páxina web, que é á que teño acceso, evidentemente.

Polo tanto, non aparecen a maior parte das cuestións no famoso Plan estratéxico 2014-2020. Por certo, aí xa sabemos que non aparecen moitas das cuestións que vostedes levan adiante. E, ao final, do único que parece que queren falar —pero é en realidade do que non queren

falar— é do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais, que, por certo, nos seus papéis progresivamente se vai xibarizando. Cada vez ten menos metros cadrados. Antes era porque a demanda estaba diminuindo, agora, que parece que nos recuperamos, eu creo que sería conveniente unha revisión á alza.

Eu quero recordarlle que en febreiro do 2015 —é dicir, hai dous anos— se promulgou o decreto lexislativo polo que se refundían as disposicións en materia de política industrial: a Lei do 2010, de adaptación aos servizos no mercado interior; a Lei do 2011, de política industrial de Galicia; a Lei do 2013, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. ¿Pódeme explicar que elemento novo hai no escenario económico desta comunidade autónoma que leve a esta —e permítaseme..., ía dicir chapuza, pero probablemente a palabra é..., en fin...—, a este traballo ideoloxicamente sesgado, formalmente impresentable e que o único que pretende é saltar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...os controis administrativos que debería de ter unha lei nun país serio?

E, por último, coma sempre, a Xunta de Galicia. *La Xunta invita y los concellos a ver si pagan algo*, que, tendo en conta que apenas teñen asumido competencias que non lles son propias, pois aquí, unha máis. Iso si, fálase dun hipotético apoio en determinadas subvencións...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...pero nada máis que iso.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, nós imos votar en contra desta iniciativa.

E, por certo, falando de concellos, quero manifestar dende aquí o apoio do Grupo Socialista aos concellos gobernados polo Partido Socialista de Cataluña, que, sen ningunha dúbida, deben defender a legalidade, algo tan básico e simple como iso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Losada, sobraronlle uns segundos para ter unha intervención perfecta, os últimos; para a miña opinión, claro, evidentemente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, señor Losada.

O señor Tellado falaba dun mundo globalizado. Eu digo: si, onde se globalizan os capitais. E é certo, ninguén que teña dous dedos de fronte pode evitar que todas as medidas teñen que ir enfocadas tendo en conta esa realidade, pero vostedes nese mundo globalizado parecen

empeñados en converter Galicia en Katanga, que ten un modelo económico, para a desgraza dos seus poboadores, que permite o espolio das grandes empresas con actividades de moito impacto ambiental e pouca xeración de emprego que deixan pouca riqueza e que deixan hipotecados estes países, incluso na súa saúde, para moitos anos.

Nada do que se dixo hoxe nin nada do que se dixo cando o Partido Popular presentou esta proposición de lei é certo, nin nada do que se di da exposición de motivos é certo. Esta non é unha lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais, é unha lei de desregulación ambiental, de desprotección do noso patrimonio, de redución da participación pública e de negocio para unhas cantas empresas do sector eléctrico, mineiro e algunha forestal. Está feita a medida das grandes empresas para acelerar o espolio en actividades extractivas que xeralmente provocan altos impactos e crean pouco valor e pouco emprego. Ningunha aposta novidosa para desenvolver sectores endóxeos, como pode ser a industria agroalimentaria, a industria auxiliar da automoción, a industria auxiliar para renovables, etc. Queren especializar este país en venda de materias primas baratas para beneficiar unhas cantas empresas. Escriben ao ditado de determinados *lobbys* económicos e empresariais.

Falan de participación pública na exposición de motivos, acaba de dicir o señor Tellado. ¿Onde está? Que nola expliquen.

Miren, persoalmente, mantiven xuntanzas —mantivemos xuntanzas— co Sindicato Labrego Galego, con Unións Agrarias, con Ventonoso, con Adegas, con Montes Veciñais en man Común de Galicia, con Comisións Obreiras, coa CIG, coa Plataforma contra a Contaminación, coa Plataforma pola defensa de Corcoesto, con asociacións para a defensa do patrimonio como Mariña Patrimonio, etc., e ninguén coñecía o contido desta lei nin tiveron conversas con vostedes. E como a min non me gusta chamarlles mentireiros, si que creo que houbo participación pública. Se ao amplo elenco co que habería que ter participación pública lle restamos todos estes colectivos que viven da terra e que defenden a terra, o que nos queda, evidentemente, son aos que vai beneficiar esta lei.

Vostedes si que fixeron a participación con Sacyr, con Gas Natural, con Endesa, con Iberdrola..., con estas empresas que se van ver beneficiadas con esta lei. Si, porque xa sería demasiado descarado que a presentasen eles directamente. E vostedes actúan como un partido instrumental destes intereses.

Por outra banda, tamén é falso, dende o principio, o artigo 1, o obxecto: «Constitúe o obxecto da presente lei o fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia mediante a previsión de medidas que faciliten o desenvolvemento, o acceso e xestión do solo empresarial, a mellora da normativa aplicable e a devandita implantación e provisión de oportunos incentivos, así como a coordinación das actuacións neste eido das diferentes consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos concellos, no marco da competencia exclusiva daquela para o fomento e planificación da actividade económica de Galicia».

Nin unha palabra de que aquí cambian de arriba abaixo o modelo do sector eólico, nin unha palabra de que introducen o que non puideron introducir cando querían facer o Plan sectorial de actividades extractivas, que o redactou a propia Cámara Mineira, e non puideron pola

contestación social que tivo o documento; nin unha palabra do cambio de arriba abaixo da Lei de minería para seguir beneficiando o espolio. Tratan de esconder esas medidas que non puideron coar democraticamente, porque neste país si que hai xente que quere outro modelo para o país, un modelo de actividade económica que permita tamén a conservación do noso patrimonio, do noso medio ambiente e da nosa paisaxe, que, ademais para nós, son básicos para o desenvolvemento económico futuro deste país. Por iso o fan unha vez máis con nocturnidade e aleivosía, para coar estas medidas sen que se entere a sociedade. Iso si que é reducir trabas administrativas. Exactamente o que para vostedes significa reducir trabas administrativas é reducirilles trabas administrativas aos grandes; para os pequenos, nada de reducir trabas administrativas, incrementalas. Vostedes redúcenlle as trabas administrativas ao oligopolio eléctrico, mentres unha persoa que ten que solicitar o tícket eléctrico ten que facer unha chea de trámites, e moitos deles non poden ter esa axuda pola burocracia —esa si é burocracia—, que prexudica a xente do común. Vostedes non lle retiran as trabas administrativas a un pequeno produtor de enerxía eléctrica. Vostedes fixeron un decreto de autoconsumo para poñerlle trabas administrativas a quen quixese producir enerxía eléctrica na súa casa e, aínda por riba, pónenlle impostos.

E, no colmo da desfachatez, o señor Feijóo di que non van utilizar métodos franquistas contra *la familia Franco*, claro que non; non van utilizar métodos franquistas con *la familia Franco*, pero para o comúns dos mortais vanos utilizar.

O que propoñen vostedes nesta lei é reforzar, en contra da xente, a Lei de expropiación forzosa de 1954 —franquista— para que as empresas como Sacyr, Gas Natural, Endesa, etc., utilicen como arma de presión para conseguir os terreos e conseguilos a prezo barato. Neoliberalismo si, pero con papá Estado detrás; é o que practican estas empresas.

Tanto na minaría —e non teño tempo, neste gran debate sobre un tema tan crucial, a di-cilo— como no eólico vostedes reforzan a figura da declaración de utilidade pública. ¿Como é posible que neste país se declare sistematicamente de utilidade pública o que son negocios privados de grandes empresas en contra da xente? ¿Como pode ser que sistematicamente, sempre, se decida polo mesmo lado que utilidade é pública? É un negocio privado. En tal caso, discutiremos onde se ten que facer e como se ten que facer, pero estas empresas o que están facendo é un negocio privado. Non se pode sistematicamente utilizar a utilidade pública para prexudicar a xente e para que estas empresas consigan o terreo. Un gandeiro, cando quere aumentar a base territorial da súa explotación, non ten detrás a declaración de utilidade pública para ameazar coa expropiación a quen non venda os terreos, incluso aínda que os teña abandonados, sen cultivar ou plantados de eucalipto en terras agrarias. Eses non teñen detrás a papá Estado, como teñen as grandes empresas para as que vostedes traballan.

Ou proxectos declarados de especial interese. Vostedes están cambiando de arriba abaixo o modelo eólico. Danlle carpetazo ao modelo do concurso e, en vez de facer un debate aberto de que modelo eólico, despois de darlle carpetazo ao método do concurso que queremos facer, vostedes meten escondida unha proposición de lei que o que vai facer é concentrar aínda máis o negocio nunhas cantas empresas. O modelo eólico desenvolto neste país dá como resultado uns datos: máis do 70 % dos megavatios deste país corresponden a empresas que están radicadas no estranxeiro, fondos buitres, grandes empresas eléctricas, grandes

empresas da construción. Factura este sector entre 600 e 700 millóns de euros. ¿E que é o que queda aquí? Hai estudos que din que queda o 1,5 % en arrendamentos, cando hai outros países que só nese concepto sobrepasan o 6 %.

Ningunha medida para mellorar iso. Ningunha medida para mellorar o retorno social, ningunha medida para ter zonas de exclusión máis alá da Rede Natura, que ademais esa exclusión é parcial porque permitirá a repotenciación. Ningunha medida para que parques eólicos como o que queren instalar en Laxe paguen o canon eólico: tres aerogeradores, 9 megavatios instalados e non vai pagar nin un euro de canon eólico. Pero vostedes para iso non fan ningunha medida.

Proxectos declarados de especial interese. Vanlles recortar os prazos á metade, tamén os de participación pública. Para unha empresa rebaixarlle quince días na participación pública, ou dez días, non significa a diferenza entre instalarse ou non instalarse. Pero para a xente que quere presentar alegacións e que ten dereito a facelas si que pode significar a diferenza entre poder presentar alegacións ou non. Ese é o obxectivo verdadeiro. Igual que cando retiran a autorización de Patrimonio. Vostede fala de trámites administrativos e de burocracia. Pois dimita algún, dimita algún, porque vostedes son os responsables desa mala xestión. Son vostedes os responsables de que cando unha persoa quere cortar nun lugar BIC, ou nos contornos dos bens de interese cultural, ten que esperar nove meses, dez meses ou un ano pola autorización de Patrimonio. É responsabilidade súa a mala xestión. Polo tanto, o que hai que facer non é suprimir a autorización, como se fai aquí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si se suprime! ¡Sí, señor! Lea a lei. Eu lina, eu lina. Suprímese esa autorización en vez de poñer máis recursos. Iso tamén é crear emprego.

Mire, hai dous arqueólogos en toda a provincia da Coruña. Pois poñan máis para facer eses informes. Non son tan difíciles. Se hai unha mámoa, faise un informe coas medidas que hai que tomar antes de cortar e xa está. Son quince días. Poñan a xente a traballar na arqueoloxía. Tamén poderemos xerar emprego para a posta en valor dese patrimonio. Iso é economía tamén, pero é economía que favorece a xente do común, non os oligopolios eléctricos, os oligopolios mineiros.

Se hai trabas administrativas é pola súa ineficaz xestión, pero non se pode solucionar iso eliminando os trámites, as garantías, como fan vostedes. Ata se meten cos camiños de Santiago, que tiñan unha marxe de 3 metros protexidos para a corta xeneralizada de frondosas autóctonas e vostedes abren a man para que se dean casos de xeneralización desas cortas, cando saben que o principal problema do sector forestal para este país non é a axilización administrativa —aínda que o hai para a xente do común—, non é. É cambiar o modelo para crear un modelo que cree máis emprego, que cree máis valor, que transforme aquí. E diso, nin unha soa liña nesta proposición de lei.

Na minería o mesmo. Vostedes non poden aprobar isto á luz do día, téñeno que facer con nocturnidade. Porque aquí a actividade mineira require doutro modelo diametralmente oposto, máis control ambiental, menos descontrol.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vostedes xa fixeron un plan director de Rede Natura para permitir que en Rede Natura se ampliasen as explotacións a ceo aberto, etc.

É todo mentira, porque coa verdade por diante non poden ir neste país, por moito que o señor Tellado, nun xesto totalitario, diga que votar contra isto é votar contra Galicia. Vostedes non son Galicia, son unha parte de Galicia. Pois nin sequera nesta sociedade, se vostedes presentan isto coa verdade por diante, a poderían aprobar. Porque este país non quere ser Katanga. Este país quere combinar a actividade económica...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...coa conservación do medio ambiente, da paisaxe e que teña retorno social, que non haxa unha actividade de 700 millóns de euros —que é a metade da produción agraria— que a leven no 95 % as empresas estranxeiras ás que vostedes se deben.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Eses recursos naturais pertencen ao pobo e ao pobo teñen que voltar. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Réplica.

Polo grupo autor da proposición de lei, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Pasou o que esperabamos que pasase, que fixeran o seu papel, ese no que levan, no último ano, co reloxo parado: «No es no, votamos a todo en contra». E claro que é votar en contra de Galicia votar en contra desta proposición de lei. Porque isto o que pretende é xerar industria, xerar empregos, e vostedes están permanentemente en contra do emprego, esa é a realidade. Son os únicos que veñen a este Parlamento a pechar empresas. A nós non nos vai ver nesa conxuntura.

E non entenden que o Grupo Parlamentario Popular poida facer unha lei en colaboración co Goberno, co noso goberno, co goberno emanado da nosa maioría. E non o entenden porque vostedes, cando gobernaban, o que facían era facer oposición a si mesmos. Facíanse oposición dende o seu propio partido, do grupo aos conselleiros do seu partido, do outro partido, entre eles... Un anunciaba unha medida pola mañá, o outro criticábaa pola tarde. Ese era o seu modelo. Pero nós, que representamos a maioría —non porque vostede nos deixe, señor Antón Sánchez, senón porque así o quixeron os galegos—, traballamos todos os días, e conxuntamente, o Goberno e o Grupo Parlamentario Popular que o sustenta, a maioría. Traballamos todos os días para xerar postos de traballo aquí en Galicia.

Polo tanto, a crítica permítame que non lla compre. E a verdade é que fai falta ter valor dende determinados grupos para vir aquí queixarse dos procedementos parlamentarios polos que se

tramita esta lei, cando vostedes xustificaron o que pasou o outro día en Cataluña, (*Aplausos.*) ¡vostedes, vostedes...! Iso si que é unha burla antidemocrática, unha burla antidemocrática.

Eu teño que recordarlle á señora Noa Presas, ademais, que o señor Francisco Conde é membro do Grupo Parlamentario Popular. E, efectivamente, está aquí sentado como membro do Goberno, pero podería sentarse na bancada traseira como membro do Grupo Parlamentario Popular. E, polo tanto, ¡como non imos colaborar co conselleiro na elaboración da lei! ¡Como non imos escoitar o Goberno, que está todos os días cos interlocutores!, non cos próximos ideoloxicamente a vostedes, como fan vostedes, que só se reúnen cos que lles interesa e cos que lles bailan a auga. Non, non, nós reunímonos cos axentes sociais de Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señora Presas, eu teño a sensación de que, viaxando a Cataluña, non tivo moito tempo para ler o texto do que falabamos, non o viu, e si que tivo tempo para sacarse fotos con Arnaldo Otegi. (*Aplausos.*) Polo tanto, entenda, non me fale de procedementos parlamentarios. Nós, dende logo, non imos estar nunca nesa foto lamentable. Teño que dicirlle que foi máis listo o señor Luis Villares, que non sei se estivo con Otegi. Polo menos, compartiu pancarta, compartiu reivindicación, pero non se fixo a foto, non se fixo a foto. (*Murmurios.*) Supoño que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois fallarían as redes.

Fala vostede de colonización. Mire, estamos no século XXI. Temos que competir. Abandonen os discursos rancios, eses discursos que fan que vostedes estean na oposición durante tanto tempo.

E falan vostedes de «capitalismo de amiguete». Señora Noa Presas, capitalismo de amiguete foi o concurso eólico do Bipartito. Vostede non se acorda porque non estaba aquí. (*Murmurios.*) Un concurso que foi criticado polo 50 % do Goberno ao outro 50 %. Non llelo dicimos nós, dicíao o señor Pachi Vázquez, dicíao o señor Méndez Romeu, que había moitas dúbidas sobre aquilo, que si se aprobou con nocturnidade e aleivosía, no límite, no tempo límite, dunhas eleccións autonómicas. Capitalismo de amiguete, señora Noa Presas, efectivamente.

Señor Losada, di vostede que é unha lei ideolóxica. Efectivamente, claro que é unha lei ideolóxica. Nós temos un obxectivo, que é que Galicia sexa competitiva, competitiva co noso contorno, que en Galicia se cree emprego, emprego de calidade, emprego estable. Vostedes están a outras cousas. Xa confesou vostede que non a leu. Usou o buscador do *word* e buscou palabras. Vostede leu palabras, pero non leu a literalidade da lei. Están moi ocupados nas leas internas, eu enténdoo ben. Pero deberían ter dedicado moito tempo a ler esta lei, porque é importante, porque di moitas cousas das que vostedes nos falan aquí. E, polo tanto, cando vostedes presentan iniciativas nunha dirección, en realidade o que queren é que llelas votemos en contra. Porque agora temos a oportunidade de tramitar todos xuntos esta Lei de implantación empresarial de Galicia e vostedes o que din é que non, que non se tramite, que é o mellor. ¿En que quedamos? Chega tarde pero vostedes prefiren que non chegue. Unha de dúas, nalgún momento non están dicindo a verdade.

Eu teño que dicirlle que moitas das medidas desta lei están no noso programa de goberno e están no discurso de investidura do noso presidente. Polo tanto, eu creo que teñen ocasión de separarse del «no es no», que é unha mala copia dos populistas.

Señor Sánchez, o noso modelo non é Katanga, pero o seu é Venezuela. (*Murmurios.*) O noso modelo é Galicia, ¡o noso modelo é Galicia! (*Aplausos.*) E Galicia é apostar polo emprego, saber o que fan os emprendedores, apoiar as iniciativas empresariais. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O modelo de Galicia non é pechar empresas nin botar empresas de Galicia. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Iso é o que queren facer vostedes.

O seu modelo é Venezuela, esa Venezuela. O seu modelo é ir a Cataluña con Otegi. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor TELLADO FILGUEIRA: O noso, non. Nós non estamos nesas. Polo tanto, aquí cada un que renda contas do que fai e que renda contas do que defende. O seu modelo é Venezuela, o noso non é Katanga, o noso é Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E non escoitou a miña intervención, porque eu falei de eólica e eu falei de minería con claridade. O que queremos facer é dinamizar estes sectores, que son xeradores de emprego, de riqueza e de postos de traballo, gústelles ou non lles guste.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Vostedes utilizan un discurso propagandístico, frases feitas que non son máis que propaganda pero que ao final non din absolutamente nada.

Mire, os galegos o que nos piden é que apostemos polo emprego, que xeremos emprego. E os empregos créanos as empresas que teñen beneficios.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Vostedes queren afundir todas as empresas de Galicia porque iso fainos sentir moito mellor. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós, dende logo, lamentamos o exercicio de hipocrisía dos grupos da oposición. Non veñan aquí a falar de reindustrializar Galicia, non veñan aquí a falar de postos de traballo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...porque esa, dende logo, non é a súa preocupación.

Aprobaremos esta lei porque os galegos nos deron unha maioría ampla para que Galicia avance. Aprobaremos a tramitación desta lei...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado. Terminou o seu tempo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e, dende logo, teremos ocasión de escoitar as súas propostas se é que as fan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación dos textos lexislativos.

Pechen as portas, por favor.

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, pola que se aproba o modelo de financiamento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 52.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. Popular de Galicia, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, tómase en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto segundo da orde do día.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar da Estratexia Autónoma 2020

O señor PRESIDENTE: Para formular a intervención desta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, bos días.

Desde que a economía galega comezou a presentar os seus primeiros síntomas de recuperación, a prioridade deste Goberno foi facer que esa recuperación sexa palpable nos fogares, nas rúas e nos sectores produtivos de Galicia. Hoxe comparezo ante esta Cámara porque, transcorrida xa case unha década desde que empezou a crise, un dos piares que máis contribuíu á nosa economía para que retornara á senda do crecemento foron precisamente os traballadores e as traballadoras autónomas deste país. Comparezo, polo tanto, para expoñer as principais liñas de apoio que o Goberno galego puxo á disposición deste colectivo, que é, como saben, a columna vertebral da economía galega, pero tamén para falar de propostas de cara ao futuro e, polo tanto, de traballar para que Galicia sexa cada vez máis emprendedora e sexa máis innovadora.

E quixera que o trasfondo da miña intervención fose unha clara mensaxe de recoñecemento aos autónomos; recoñecemento por canto contribúen co seu traballo a crear emprego e riqueza en Galicia, por canto lle supón a un traballador por conta propia converter unha idea de negocio nunha empresa rendible —ás veces precisando dunha segunda oportunidade—, por todo canto teñen que arriscar polo camiño —en moitos casos, tamén os seus aforros e o seu patrimonio— e, finalmente, tamén por esas renuncias que os autónomos teñen que facer a miúdo cando se ven abocados a desenvolver un traballo e, polo tanto, renunciar a aspectos vinculados co eido familiar ou persoal.

Antes mencionaba o noso obxectivo de ampliar o alcance deste ciclo de recuperación que temos iniciado. E son moitos os motivos polos cales os autónomos e as autónomas galegas están no centro das nosas políticas de crecemento e de creación de emprego. Primeiro, porque, como administración e como sociedade, nos corresponde a todos compensarlles todos eses esforzos por ser un colectivo profesional que tanto achega ao noso modelo económico. E, segundo, porque prestando unha especial atención ás súas circunstancias específicas estamos á fin e ao cabo dando solucións concretas aos galegos e ás galegas nun marco tan im-

portante como é o emprego e o emprendemento. E ese, señorías —o emprego e o emprendemento—, é un compromiso irrenunciábel e inaprazábel para este Goberno.

Do que lles falo, do peso que os traballadores e ás traballadoras por conta propia teñen na economía galega, dan boa fe os últimos datos rexistrados, uns datos que nos din que en agosto de 2017 había en Galicia 224.540 persoas traballadoras autónomas e por conta propia. Estamos a falar, señorías, de que unha de cada catro afiliacións á Seguridade Social na nosa comunidade pertence a este colectivo. Son preto dun milleiro de persoas afiliadas máis respecto de xaneiro deste ano, e trátase dunha porcentaxe que se mantén estable nos últimos anos.

Se facemos unha análise comparativa respecto do conxunto de España para, polo tanto, saber cal é a posición deste colectivo respecto do resto de España, encontrámonos con que Galicia é a comunidade autónoma cunha maior porcentaxe de autónomos. Reúne o 7 % das persoas traballadoras autónomas e por conta propia do conxunto de España. Pero, ademais, somos unha das autonomías con maior estabilidade do emprego autónomo: 6 de cada 10 negocios teñen unha antigüidade superior a cinco anos. E en termos de igualdade, a participación da muller no emprego autónomo de Galicia é a maior de España. A porcentaxe dos autónomos galegos que son mulleres é do 42,2 %, que son 7 puntos máis que a media nacional.

A propósito deste último punto, gustárame resaltar tamén os matices que ten o emprego autónomo, porque mesmo estamos a falar de empresas tradicionais xa consolidadas como de *startups*, ou mesmo nos suxire emprendemento e xuventude como abrangue a casuística do relevo xeracional. Con isto quero dicir que se trata dun colectivo profesional moi extenso e heteroxéneo, e quizais iso é o que fai que as medidas do Goberno teñan que ser máis exixentes para apoiar e deseñar aquelas solucións que precisan para salvar os problemas que teñen que afrontar cada día.

Somos conscientes de que os autónomos conforman un sector que sufriu os embates da crise coma ningún outro. Pero tamén, polo seu arraigo na estrutura económica e social de Galicia, sabemos que son actores decisivos na creación de emprego e, en consecuencia, na recuperación económica. E recorro a un dato significativo para ilustralo: dende o ano 2009 a porcentaxe de autónomos con asalariados subiu en Galicia en máis de tres puntos, do 18 % ao 21,4 %.

Señorías, xa hai oito anos que asumimos o Goberno, e dende entón o noso obxectivo foi sempre amparar esa cuarta parte da economía galega, que é a que representan os traballadores e as traballadoras por conta propia. E o modo de facelo foi, en primeiro lugar, aliviando moitos dos obstáculos que a crise económica lles puxo polo camiño. Hoxe podemos dicir que ser autónomo en Galicia é máis doado do que o era no ano 2009. Hoxe, con carácter xeral, para ser un autónomo non é necesario dispoñer dunha licenza previa á apertura dun negocio. Hoxe para os autónomos existen incentivos fiscais, como o imposto cero no rural e as axudas que lles pasarei a detallar ao longo da miña intervención, axudas que reducen as cargas de traballar como autónomo. Hoxe os autónomos dispoñen en Galicia dunha rede de aceleradoras que presta apoio a calquera persoa que teña unha idea de negocio con potencial. E hoxe en Galicia calquera autónomo que sexa provedor da Xunta de Galicia cobrará as súas facturas con máis axilidade ca nunca, 23 días antes que a media estatal.

Son, como dicía, algunhas das medidas que contribúen xa a aliviar as dificultades que comporta exercer esta actividade, e que moitas veces están máis no eido normativo que no propio eido dos incentivos. Mais temos presente que os retos da economía actual e as exixencias dos mercados precisan que as administracións, que todas as administracións, acompañemos as necesidades dos autónomos.

Somos ben conscientes de que a resposta ás súas demandas está en aprobar iniciativas que axuden a simplificar a vida do autónomo, que dean seguridade e garantías á hora de botar a andar un negocio, que minoren o peso das cargas excesivas que teñen que afrontar para poder sacalo adiante, que lles outorguen maior protección social e, en definitiva, que lles recoñezan os seus dereitos como traballadores; principios, todos eles, que creo que deberíamos compartir nesta Cámara, porque todos temos a responsabilidade política de apoiar un colectivo profesional tan indispensable para a economía dun país como son os autónomos. Por iso, dende o Goberno entendemos que afianzar a recuperación económica en Galicia ten que pasar necesariamente por darlles aos autónomos máis facilidades para seguir xerando emprego e actividade económica neste país.

Con esa premisa foi como elaboramos a Estratexia Autónomo 2020, que, como saben, aprobamos a comezo deste ano 2017. Trátase dun dos piares fundamentais da nosa Axenda 20 para o emprego, e con ela queremos axudar e acompañar as necesidades dos autónomos e, por extensión, apoiar e reforzar a nosa economía.

Todas e cada unha das medidas que recolle esta Estratexia Autónomo 2020 están deseñadas para cumprir catro retos e catro prioridades. En primeiro lugar, incorporar novas persoas ao emprego autónomo; polo tanto, necesitamos seguir favorecendo o emprendemento. Pero ao mesmo tempo precisamos consolidar a actividade e a calidade do emprego xa existente, dos autónomos que levan anos e décadas loitando por sacar o seu negocio adiante. Xunto a isto necesitamos simplificar e axilizar a tramitación administrativa. E, finalmente, tamén no eido dos autónomos necesitamos facilitar na medida do posible o relevo xeracional como unha fórmula para aproveitar o coñecemento e a veteranía do talento que alberga este sector. Queremos, en definitiva, levantarlles as barreiras aos profesionais autónomos galegos, que sexa máis doado desenvolver a súa actividade e que a súa única preocupación sexa precisamente ver crecer o seu negocio.

A estratexia conta cun orzamento de 160 millóns de euros para os vindeiros catro anos, e con ela propoñémonos axudar a 40.000 traballadores e traballadoras deste colectivo. Hei de destacar que supón un incremento do 45 % respecto da anterior lexislatura, e iso reforza a posición de Galicia como a comunidade autónoma que máis apoio público destina ao emprego autónomo, con máis de 40 millóns de euros anuais de aquí ao ano 2020. Das vinte iniciativas de apoio que recolle esta estratexia, a metade son novidasas. Pero o máis relevante é que, neste ano 2017, 9 de cada 10 euros dos fondos previstos xa están activados. E será a finais deste mes cando estará activada toda a estratexia ao cen por cento.

Hoxe quixera, se mo permiten, determe nas cinco medidas que fan de Galicia unha comunidade pioneira no apoio ao colectivo profesional dos autónomos. Son cinco medidas que pretenden ser o mellor complemento ás medidas que xa ten adoptadas o Goberno central e

que están a permitir que, dende a perspectiva das propias competencias estatais, os autónomos e as autónomas galegas teñan hoxe xa un marco normativo fiscal e social moito máis favorable e moito máis igualitario. Loxicamente, con estas cinco medidas e o conxunto da estratexia dos autónomos, o que pretende a Xunta de Galicia é que os autónomos teñan un complemento axeitado naqueles eidos nos que precisamente se precise reforzar a propia estratexia do Goberno central.

A primeira delas ten como obxectivo axudalos a consolidar o seu negocio. Tradicionalmente as axudas aos autónomos estaban destinadas aos emprendedores, aos que iniciaban a súa actividade. Neste caso o Goberno pon unha medida, precisamente, para aqueles autónomos que xa teñen unha antigüidade superior aos corenta e dous meses; polo tanto, intentaremos axudalos a consolidar ese negocio reforzando a profesionalidade, reforzando o desenvolvemento estratéxico e reforzando fundamentalmente a súa competitividade. Estoume a referir ao bono do autónomo, que, unha vez pechado o prazo de presentación das solicitudes o pasado 31 de agosto, xa recibiu 2.224 solicitudes. Ten un orzamento de 4 millóns de euros, cunha axuda de ata 3.000 euros que aos traballadores e ás traballadoras por conta propia pode permitirilles, en primeiro lugar, profesionalizar o seu negocio. Porque a través deste bono do autónomo poden acceder a axudas orientadas a servizos de xestión financeira, a optimizar os procesos dentro do seu negocio, a favorecer actividades de márketing e de comercialización e tamén a favorecer o seu posicionamento *web* e nas redes sociais.

En segundo lugar, tamén a través do bono do autónomo se pode desenvolver un plan de mellora empresarial e redefinir o modelo de negocio do autónomo, ou tamén identificar novos mercados ou socios potenciais. Como lles dicía, é a primeira vez que o Goberno pon en marcha unha medida de apoio específica para os autónomos que teñen unha antigüidade superior aos tres anos e medio, que é unha vía clara para facerlles máis doado consolidar e adaptar os seus negocios ás novas exixencias do mercado e ás novas exixencias do consumidor.

Outra das medidas de calado desta estratexia é a ampliación de seis meses da tarifa plana do Estado. O pasado 24 de agosto saía publicada no *Diario Oficial de Galicia* a convocatoria desta axuda, que conta cun orzamento de 3 millóns de euros, e que calculamos que pode beneficiar a 6.000 persoas. Grazas a esta iniciativa, os autónomos galegos poderán manter durante medio ano máis a cota reducida á Seguridade Social, pagando deste xeito tan só 50 euros durante o seu primeiro ano de actividade. Trátase dunha actuación dirixida a aquelas persoas que acrediten ter sido beneficiarias este ano 2017 da axuda do Estado e que a teñan esgotada. E permitirá que os autónomos e as autónomas galegas que se constituían como tal neste ano 2017 teñan o mesmo trato que os que o fagan unha vez que entre en vigor a nova normativa do Estado, dando cumprimento a un acordo adoptado na Mesa do Autónomo. Como saben, a partir do ano que vén, os galegos e as galegas que traballan por conta propia poderán seguir beneficiándose dunha tarifa plana dun ano, que, ademais, no caso particular dos menores de 30 anos, e das mulleres de ata 35 anos, se estenderá ata os trinta e seis meses. É unha medida que vai permitir fomentar a incorporación de novas xeracións de autónomos pero que, sobre todo, vai permitir apoiar a andadura dos seus negocios, porque, como saben, esta tarifa plana vai poderse manter cando se contraten traballadores.

Referíame ao comezo da miña intervención ás renuncias que teñen que facer os autónomos dende o punto de vista persoal e familiar, uns autónomos que moitas veces teñen que atender os seus negocios 24 horas ao día, ou os 365 días do ano. Parte dos dereitos que tanto a estratexia da Xunta como a Lei de autónomos do Goberno lles queren recoñecer teñen que ver precisamente con outorgarlles aos autónomos unha maior protección social. De aí que unha das propostas máis novidasas da nosa liña de axudas a este colectivo sexa ampliar en dezaseis semanas adicionais a bonificación do cen por cento da cota da Seguridade Social da persoa contratada cando un autónomo ou autónoma teña un fillo ou unha filla. Mediante este apoio, os profesionais por conta propia van obter unha compensación para ampliar durante dezaseis semanas máis a quen o substitúa á fronte do negocio durante o período de baixa por maternidade ou tamén —e esta é outra novidade— por paternidade. A baixa por paternidade ou maternidade para os traballadores e traballadoras por conta propia vai ser así unha baixa de verdade, e vai supoñer un paso fundamental cara á equiparación de dereitos cos traballadores por conta allea.

Mañá mesmo será presentada esta orde ao Consello Galego de Relacións Laborais para o seu ditame. E a previsión é que sexa aprobada este mesmo mes polo Consello da Xunta. É unha forma, en definitiva, de ampliar o noso compromiso cun marco laboral que permita a conciliación da vida laboral e familiar tamén entre os colectivos autónomos. É unha iniciativa que complementa o feito de que as traballadoras autónomas que se reincorporen ao traballo despois da baixa maternal tamén desfruten da tarifa plana durante un ano.

O reto que afrontan, e que con estas medidas a Xunta de Galicia lles quere axudar a afrontar, non é só botar a andar un negocio, no caso dos autónomos, senón, como dicía, facelo solvente e darlle continuidade.

Saben que Galicia ten a rede máis sólida de empresas familiares de todo o Estado, e dalgunha forma o que pretendemos é que esta cultura da continuidade dun negocio, baseada, precisamente, na experiencia profesional e no coñecemento do negocio, se poida trasladar tamén ao emprego autónomo.

Estamos a falar dos autónomos que finalizan a súa vida laboral e que se atopan na conxuntura de ter que legar a súa empresa para dar o relevo a unha nova xeración. A Estratexia Autónoma contempla, neste caso, un programa de relevo xeracional que estamos a perfilar e que estamos a consensuar coas asociacións do sector; un programa que parte, precisamente, da necesidade de establecer unhas medidas de acompañamento ás persoas que se van xubilarse e tamén a quen as releva; un programa que ofrecerá un conxunto de instrumentos que fagan máis doado o proceso de relevo xeracional, non só a través do financiamento de apoio, senón especialmente —e aí estará a clave do funcionamento deste programa— a través de servizos de formación e de servizos de asesoramento.

Facémolo convencidos de que facilitar a transición cara á xubilación dos autónomos é un modo de aproveitar a experiencia acumulada durante anos por este colectivo, pero sobre todo tamén debe constituír unha oportunidade para que os mozos e as mozas galegos poidan acceder a un posto laboral coas vantaxes de que se trata dunha actividade que conta xa cunha traxectoria consolidada.

Non é un proceso sinxelo, somos plenamente conscientes, porque non é, señorías, moi doado facer coincidir no tempo a vontade de darlle continuidade a un negocio por parte dun autónomo, que ademais soubo converter nun proxecto de éxito, co voluntarismo dun emprendedor que teña a capacidade e a ilusión de asumilo. Non é doado, mais estou convencido de que intentaremos que Galicia teña un programa de relevo xeracional que lle permita avanzar cara a unha cultura máis colaborativa e unha cultura de apoio ao emprendemento.

Todas estas medidas, todos os servizos do Programa de relevo xeracional e as diferentes medidas que conforman esta estratexia, van incluírse dentro da Oficina do Autónomo, unha medida moi relevante para que os autónomos teñan un punto de información e un punto de xestión integrado. Esta Oficina do Autónomo nace coa idea de que sexa unha verdadeira oficina virtual, que conecte coa sede electrónica da Xunta de Galicia, que actúe como unha xanela única, pero sobre todo que tamén sexa unha oficina de tramitación das axudas que o Goberno galego pon ao alcance dos profesionais; unha Oficina do Autónomo, en definitiva, que dote de máis transparencia, de máis información e dunha mellor tramitación os autónomos.

Toda esta liña de autónomos que lles acabo de expoñer é un reforzo das axudas tradicionais que xa durante os últimos anos o Goberno estaba poñendo á disposición dos autónomos e que se mantiveron este ano 2017. Refírome ás axudas para o establecemento como autónomo e ás axudas para a contratación indefinida de traballadores, cuxo prazo está aberto ata o vindeiro 2 de outubro e que contan cun orzamento de 18 millóns de euros.

Falo tamén das axudas para a promoción do emprego autónomo entre os menores de 30 anos que están inscritos no sistema de garantía xuvenil, que este ano está dotada con 2,5 millóns de euros e que van permitir que as axudas que reciben os máis xoves dupliquen as que reciben do réxime xeral.

Falo tamén das axudas para a formación de ocupados, unha formación de ocupados imprescindible dentro do apoio á formación, e que este ano está dotada con 22,5 millóns de euros, pero o relevante é que ten unha partida específica de 3,5 millóns de euros adicados especificamente aos autónomos. É, polo tanto, unha oportunidade para que os autónomos, a través desta formación de ocupados, poidan reciclar o seu *curriculum* laboral, e con iso mellorar a competitividade dos seus negocios.

Pero, ademais das axudas de fomento ao emprego, tamén os autónomos contan cos servizos que lles ofrece o Instituto Galego de Seguridade e de Saúde Laboral, e teñen á súa disposición o Igape, para que, polo tanto, a través do Igape, poidan obter financiamento a través das diferentes iniciativas para desenvolver os seus proxectos empresariais; liñas de financiamento que tamén teñen que chegar aos autónomos e ás autónomas do noso país.

Señoras e señores deputados, termino.

Hai escasos días coñecemos que Galicia foi unha das sete comunidades autónomas onde descendeu o desemprego no pasado mes de agosto, concretamente a terceira comunidade autónoma na que máis baixou. Fomos a autonomía na que máis subiron as afiliacións á Se-

guridad Social, tamén no mes de agosto. Coñeciamos recentemente que a economía galega crece agora a un ritmo anual do 3,2 % por riba da media estatal, acadando niveis previos á crise e superando as previsións que tiñamos marcadas dende o Goberno galego.

Son síntomas todos eles, xunto coa evolución das exportacións, de que Galicia se está situando no camiño da recuperación económica, e estannos a situar nunha posición máis favorable que hai uns anos. Pero tamén é certo que o Goberno non pode caer en conformismos nin tampouco en triunfalismos. O reto que temos agora por diante é, precisamente, consolidar eses datos, e temos o reto de axudar as empresas galegas a seguir exportando, a seguir innovando e a seguir creando emprego de calidade, e nese contexto tamén a devolver as rendas a niveis previos á crise, para contribuír a un maior benestar e a unha calidade de vida das nosas familias e para que, polo tanto, a recuperación tamén teña como destinatarias as familias.

Nese contexto, nos traballadores autónomos temos unha peza fundamental para consolidar a recuperación económica, e por iso o obxectivo da Xunta de Galicia pasa por darlles aos autónomos as maiores facilidades para emprender e para crecer, para crearlles un contorno laboral máis flexible, con menos barreiras, máis incentivos e tamén máis igualitario. Dedicarlles un investimento anual de 40 millóns de euros de aquí ao ano 2020 é un esforzo adicional do Goberno, pero é un esforzo que ten que ir orientado, precisamente, para que este colectivo tamén poida facer fronte aos retos da economía dixital e, polo tanto, para mellorar a competitividade dos seus modelos de negocio.

Coa vista posta na Galicia do ano 2020 hoxe tomabamos en consideración a Lei de implantación empresarial, que ten que ser tamén un paso máis dentro deste obxectivo de que os autónomos e as nosas empresas se encontren con menos trabas, con máis facilidades e, polo tanto, que sexa máis doado desenvolver os seus negocios.

Polo tanto, quixera concluír con este apoio e con este recoñecemento co que empezaba a miña intervención aos autónomos. Se a crise incidiu especialmente nalgún colectivo foi precisamente nos autónomos, pero eles foron quen de salvar as diferentes dificultades, e agora, neste proceso de consolidación, temos que contar con eles para que a recuperación da economía galega sexa máis forte, e iso significa reforzar tamén os apoios dos autónomos.

Por darlles un dato final, dende o ano 2009 duplicáronse en Galicia as iniciativas empresariais de menos de 6 meses promovidas por autónomos, e hai case 9.000 galegos e galegas que dende o ano 2009 se están incorporando e que están decidindo poñer en marcha o seu negocio por conta propia, que é un 6,3 % do total. Son datos que reflicten que os autónomos seguen sendo a forza motriz da nosa economía, e, loxicamente, aínda que sabemos que é un camiño longo e que aínda estamos lonxe do final, tamén é certo que temos as medidas para poder acompañar as necesidades dos autónomos; medidas complementarias que o Goberno de España ten adoptadas. En definitiva, ten que converter que este marco normativo e este marco de incentivos que os autónomos galegos teñen á súa disposición sexa o que lles permita desenvolver os seus negocios con menos trabas, máis facilidades, máis incentivos e tamén que sexa un contorno máis igualitario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Bo día, señor conselleiro.

Son moitos os problemas de fondo de Galiza que bloquean e inviabilizan o seu desenvolvemento. É imperiosa a exixencia de lles dar solución cunha verdadeira política alternativa; problemas que conduciron a esta situación de retroceso, na que, a pesar do seu discurso autocompracente, está Galiza, e situación que é consecuencia dunha desastrosa política de integración na Unión Europea. Galiza ten problemas acumulados de décadas, de desastres de políticas de dereita, de políticas neoliberais, de políticas do Partido Popular; políticas que fixeron de Galiza un país máis desindustrializado, máis dependente, máis empobrecido e máis vulnerable. Como mostra temos a degradación da situación social e o retroceso das condicións de vida de miles de galegos e galegas, que fixeron unha Galiza tremendamente vulnerábel e fráxil e que se expresan nun agravado déficit produtivo, demográfico, de ordenamento do territorio, de infraestruturas e de servizos públicos que fan de Galiza unha nación extremadamente exposta e sen instrumentos. E o Partido Popular segue negándose a que Galiza teña instrumentos para poder actuar autonomamente, para poder tomar as decisións que posibiliten ter unha Galiza, dende logo, dona de seu e non unha Galiza dependente, ao servizo dos ditados doutro.

Hoxe pola mañá, efectivamente, o Partido Popular vota a favor da toma en consideración da Lei de implantación empresarial, que é unha lei dun goberno galego que desiste de tal, que desiste de exercer de goberno galego. E, por moito que lle fastidie ao señor Tellado, as palabras teñen significado, e «colonial» significa precisamente iso: ter un país cun goberno que non exerce de seu, facendo todo tipo de medidas para favorecer o espolio e o saqueo dos nosos recursos. Vostedes acaban de aprobar a toma en consideración desa lei exclusivamente para ese fin.

Temos unha situación económica en Galiza cada vez máis dominada polos monopolios, polo gran capital, polos fondos de investimento, polos capitais-riscos, por todos estes que controlan o sistema financeiro, os seguros, as telecomunicacións, os medios de comunicación, a distribución alimentaria, os grandes sectores industriais, os servizos públicos, que vostedes lles están entregando entusiasticamente a todas estas empresas ao servizo da oligarquía, e ademais da oligarquía de fóra de Galiza. É un gran papelón o que vostedes están a facer.

Eu o que lle digo, señor conselleiro, é que non hai compatibilidade posible entre as necesidades de Galiza e os intereses dos grandes grupos que dominan a nosa economía. E ignorar esa realidade e finxir que é posible unha política económica e de fomento do emprego, de fomento das melloras dos autónomos, é autoenganarse. Eu xa non digo que se poñan a solucionar estes problemas estruturais, pero polo menos podían poñerse na dirección de intentalo, e, dende logo, da súa exposición, nada de nada.

Vostede deu aquí unha serie de datos a respecto da situación do emprego e dos autónomos en Galiza, pero deu os que lle deu a gana, e, como sempre, despois retórceos. O que non deu é que en Galiza hoxe hai datos de xullo: 215.455, que son 2.229 menos que en xullo do ano 2016— ¡ 2.229 menos que en xullo do ano 2016!—. E o que non di é que hai 13.221 autónomos menos que no ano 2009, en que o Partido Popular volveu ao Goberno da Xunta. Eses datos esquecéuselle a vostede dalos. Tamén se lle esqueceu dicir que Galiza foi das tres únicas comunidades autónomas do Estado español que perderon autónomos no primeiro semestre do ano 2017. Estou falando de datos da EPA. Vostede fará despois referencia a non sei que datos; eu estou falando de datos da EPA, das tres únicas que perderon autónomos.

Tamén un dato: máis do 85 % dos autónomos non superan, en Galiza, a base de cotización mínima. Isto non é casualidade. Se un autónomo paga polo mínimo, sabe que logo vai ter xubilación e prestacións polo mínimo. ¿Por que o fan? Porque resulta que teñen unhas rendas que non lles permiten pagar máis alá da base de cotización mínima. ¿Que é o grave? Que sobe ao 90 % cando falamos de autónomos que levan menos de cinco anos dados de alta. Sobe case ao 100 % cando levan menos de cinco anos dados de alta, e cando teñen unha idade inferior aos 40 anos chega ao 90 %. Dende logo, non son datos para poder sacar peito.

¿Consecuencia disto? Pois que en Galiza os autónomos teñen unha pensión media de 556 euros —datos de agosto do ano 2017—, mentres no Estado español teñen unha media de 640. É que o 80 % se xubila con pensións que non chegan ao salario mínimo. Esa é a realidade dos autónomos en Galiza. E outra realidade é unha moi alta rotación. Son precisas bastante máis de 10 afiliacións para que se establezca un autónomo. Vostede sabe perfectamente que ese é o dato, e falamos dunha realidade de autónomos e autónomas pobres, e iso non o di aquí o Bloque Nacionalista Galego, senón que o di un estudo que realiza a Comisión Europea anualmente sobre emprego e Seguridade Social, que di que para o Estado español o 35 % dos autónomos entre 35 e 39 anos está en risco de pobreza. ¡En risco de pobreza!, que sabe vostede que iso é situarse por debaixo do 60 % da media. E o grave é que é só superado por Romanía, na Unión Europea, ¡só superado por Romanía!

¿E cal é unha das causas principais desta situación de empobrecemento? Pois a Comisión Europea cífralo na situación e na proliferación alarmante dos falsos autónomos. ¿Que son os falsos autónomos? Pois todas esas persoas que tiñan que estar traballando para empresas, mais que as súas reformas laborais o que permiten é que esas empresas os despidan e que logo os obriguen a que se dean de alta como autónomos, traballando para esas empresas. Non son Trade, non son esa modalidade de traballo no que o 75 % do traballo o facturan para unha empresa e entón teñen unha consideración de Trade, pero significa que teñen dereito a paro, dereito a unha serie de prestacións; non, son falsos autónomos, o que significa que son pobres, significa que facturan moi por debaixo duns mínimos para desenvolver unha calidade de vida mínima e, polo tanto, estamos a falar non só de traballadores por conta allea pobres, senón tamén de traballadores e traballadoras autónomos.

Os datos evidencian que as medidas impulsadas polo Partido Popular non serviron para solucionar esta situación. E o Partido Popular vén hoxe aquí... Lémbrolle que non son novos, que levan unhas cantas lexislaturas, e están como se acabaran un pouco de descubrir a situación dos autónomos. A realidade é que nin as tarifas planas nin as deducións nin os in-

centivos nin os aprazamentos de cotas permitiron unha solución á situación das persoas autónomas en Galiza, que, efectivamente, son o 25 % dos traballadores e traballadoras; é dicir, 1 de cada 4 traballadores en Galiza son autónomos e teñen esta situación que eu lle acabo de describir, señor conselleiro.

Estes datos amosan que a Lei do emprendemento e da competitividade que presentaron no 2013 foi un fracaso porque vostedes xa presentaron aquí iniciativas habidas e por haber para favorecer a situación dos autónomos, dándolle outro nome. Noutros momentos cabalgaron a lombos do emprendemento como gran mantra. ¿Que foi desa lei do emprendemento do ano 2013, hai catro anos, señor conselleiro? ¿Cal é o resultado? ¿Cal é a avaliación? ¿Cando vai vir vostede aquí dar datos de cal é o resultado desa cuestión? ¿Cal é a avaliación desa lei anunciada a bombo e platillo? Por certo, ¿que foi do Consello de Traballo Autónomo?, que tamén era unha desas medidas anunciadas con moita alegría e que sete anos despois, dende logo, a información que ten o BNG é que é totalmente inoperativo. ¿Para que serviu ese organismo, señor conselleiro?

Ante esta situación, algunhas das medidas que propón nesta Estratexia Autónomo 2020 son avances, pero son totalmente insuficientes. Son parches para solucionar a situación que lle acabo de describir. Non atallan os principais impedimentos para poder desenvolver unha actividade emprendedora. Teñen que ver cun sistema económico totalmente desregulado e cunhas políticas económicas do Partido Popular que impiden, dende logo, un contexto acaído.

Vostede nesta estratexia non fala de que un dos problemas dos autónomos é un fráxil sistema de innovación, non fala de cales son os recursos destinados á innovación, de canto rebaixaron eses recursos, de que pasou do 1 % ao 0,89 %, da falta de acceso ao crédito, do desmantelamento do noso sistema financeiro, de que haxa miles de euros do que aforran os galegos e as galegas que emigran de Galiza, que non están ao servizo dos sectores produtivos en Galiza, non fala vostede dun modelo económico e comercial que non favorece a consolidación destes proxectos. Esta estratexia, señor conselleiro, no canto de enfocar eses problemas estruturais, o que fai é un tipo de propostas inconexas que en moitos casos nada teñen que ver co obxectivo principal de solucionar os problemas, senón co obxectivo de conseguir titulares...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Medidas para mellorar as estatísticas do emprego, señor conselleiro, mais non para mellorar as condicións laborais e de vida das persoas autónomas.

Proporcionan condicións favorables para que as persoas desempregadas se dean de alta como autónomas, se dean de alta no REA, mais non para que logo poidan continuar coa súa actividade. E vostede sabe que isto é así porque vostede sabe que os datos din que o 80 % deses emprendedores aos que vostedes lles din que teñen todas estas facilidades, aos dous anos morren; eses proxectos morreron aos dous anos, e o 10 % a maiores morren aos cinco anos. Esa é a auténtica realidade: o autoemprego, o emprendemento, o traballo autónomo é percibido como unha necesidade, como un cravo ardendo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...para moitas persoas —remato, señor presidente—, mais non como unha oportunidade real. E duran o que duran as axudas ao emprendemento.

Presentan, señor conselleiro —permítame que llo diga así—, unha estratexia de luces cortas; unha estratexia de luces cortas propia dun goberno que busca mellorar as estatísticas pero que non busca, nin moitísimo menos, mellorar a situación económica e estratéxica do noso país, porque para iso terían que querer ter instrumentos, e vostedes sistematicamente non queren instrumentos porque son un goberno...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...totalmente pregado ao que lle digan desde Madrid.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, lin na páxina web da Xunta a Estratexia Autónomos 2020, igual que lera a Lei de implantación industrial, ademais de saber que existen buscadores en Acrobat Reader...

Mire, unha cuestión, empezando polos números e de verdade. Home, seguro que vostede aos seus alumnos lles explicaba que coller datos de emprego mensuais é, cando menos, metodoloxicamente discutible. As afiliacións á Seguridade Social efectivamente aumentaron en Galicia no mes de agosto máis que a media española, moi considerablemente, pero no conxunto do ano en España aumentaron un 3,5 % e en Galicia un 2 %. Polo tanto, creo que o discurso foi, en termos xerais, autocompracente e, por certo, o número de autónomos baixou no último ano —os últimos datos que eu teño, que son de xullo— un 10 % en Galicia, de 217.684 a 215.455, por se houbese algunha dúbida cuantitativa.

Algunhas cuestións metodolóxicas que eu creo que son importantes. Conceptualmente tratar igual os desiguais acaba sendo sempre inxusto e xerando inxustizas. O mundo dos autónomos é un mundo absolutamente complexo, no que existen diferenzas —e voume centrar nesa cuestión— en nichos de negocios, en niveis de información, en acceso á información, en capacidade para establecer plans de negocio... En fin, mundos que van desde a innovación de vangarda nunha *startup* vinculada a un centro de investigación ou a unha universidade ata unha tenda destas multiconsumo nun concello illado da Galicia interior.

Polo tanto, eu creo que unha batería de medidas con escasa discriminación funcional está condenada non sei se ao fracaso, pero eu creo que se necesita polo menos darlle unha volta, necesita unha repensada, porque, volvo insistir en que os mundos son radicalmente diferentes.

Logo tamén iniciou vostede a súa intervención gabándose do elevado número de autónomos que hai en Galicia. A correlación é en xeral pouco afortunada, señor conselleiro. Eu, se quere, lle digo cales son os tres países que teñen máis porcentaxe de autónomos na Unión Europea, que son Grecia, Italia e Polonia, e tamén lle digo cales son os tres que teñen menos, que son Suecia, Dinamarca e Alemaña. Polo tanto, a correlación de que haxa moitos como algo positivo eu persoalmente creo que non existe, pero, en todo caso, tamén, ao mellor, tería que darlle algunha outra pensada, non sei se dende a Xunta ou coa axuda inestimable do señor Tellado e do Grupo Parlamentario Popular; sempre pode ser vía proposición de lei, que todos sabemos que se utiliza ás veces.

Sorpréndeme, por exemplo, o tema do relevo xeracional. Digo que me sorprende que agora o plantexe, sorpréndeme positivamente, positivamente si, si, porque hai escasamente tres meses votaron aquí en contra dunha iniciativa dos socialistas nesta liña. Entón, eu sei que o camiño de Damasco é longo, que a xente cae do cabalo, que se pega golpes na cabeza e ve a verdade revelada, o cal está moi ben, pero, ¡home!, ao mellor, recoñecer *al César lo que es del César...*, por non continuar. Certamente, é un tema fundamental nesta comunidade autónoma, fundamental nunha lexislatura do rural, fundamental nunha comunidade autónoma envellecida e fundamental nunha comunidade autónoma cun nivel medio de cualificación da poboación máis envellecida moi por debaixo da media española, como vostede ben sabe.

Claro, vostede enfocou o tema dunha forma que resulta difícil non compartir o que di, pero eu creo que hai un déficit cuantitativo moi importante. Vostedes levan gobernando, non vostede exactamente nesa consellería, pero levan gobernando nove anos, ou oito anos; polo tanto, eu creo que darse conta agora de que os autónomos galegos necesitaban unha estratexia... ¡Home!, ao mellor, vai cun certo atraso, pero, insisto, benvida. Creo que é pouco precisa e creo que, se solución os problemas dun grupo de autónomos, desde logo, vai deixar necesariamente abandonado outro.

Efectivamente, 160 millóns de euros, catro anos. Teño que felicitalo porque a cifra coincide coa que deu en xuño. Recoñezo que esperaba que a inflación tivera actuado entre xuño e setembro, pero teño que recoñecer que foi exactamente a cifra que deu en xuño. Dígoo porque normalmente o seu goberno tende a ir progresivamente incrementando. Neste momento debemos de ter aproximadamente 200.000 prazas de 0 a 3 anos, aínda que só temos 60.000 nenos, pero neste caso vostede... Ben, 160 millóns de euros, o cal o fai un pouco máis crible, certamente.

Dentro dese contexto que dicíamos de correlacionar éxito económico e peso dos autónomos, por exemplo na provincia de Lugo, un 41 % dos afiliados ao réxime da Seguridade Social son autónomos, e un 33 % en Ourense. Son cifras altísimas. É verdade que están mediatizadas polo sector primario..., en fin, por moitas variables. Pero eu creo que hai que darlle unha volta a esta cuestión porque, volvo repetir, no eslabón máis débil da cadea, no eslabón dos autónomos de máis idade e autónomas, menos cualificados, etc., o que son as liñas xerais tendenciais do mercado laboral xogan claramente na súa contra. É dicir, un mercado laboral que nos asalariados está sendo cada vez máis desregularizado —non sei se a palabra lles gusta moito ou non, pero, bueno, podemos chamarlle como prefiran—, cuns salarios á baixa, cunha temporalidade que non se reduce nin cun crecemento do 3 % do PIB... Eu creo que algo deberíamos de reflexionar sobre isto. ¿Que estamos facendo mal ou que está facendo

mal a política económica dos gobernos do Partido Popular para que, cun crecemento do 3 % do produto interior bruto, os niveis salariais estean literalmente conxelados e a temporalidade non se reduza. E non todo é turismo. É verdade que o turismo leva implícita a temporalidade, pero non todo é turismo.

E logo, claro, os datos non son tan optimistas como vostede di. Un 80 % deles non teñen asalariados; é dicir, falamos de autónomos individuais; co cal, dobremente débil ese escalón. Un 80 % cotizan pola base mínima, xa o dicía a señora Prado. É que cotizan pola base mínima porque os niveis de beneficio son absolutamente reducidos e iso non permite unha maior cotización. Ese é o comportamento habitual. Non quere dicir que non haxa casos excepcionais en que, efectivamente, quen podería economicamente permitirse unha maior cotización, por unha estratexia de xubilación, que é moi respectable, pois non o faga. Pero, en principio, esta parece a razón fundamental.

E logo hai tres cuestións, señor conselleiro, que eu creo que son as asignaturas pendentes das que vostede falou pouco e que son absolutamente relevantes.

A primeira é o que ten que ver cos falsos autónomos, que se están convertendo, neste mercado laboral desregulado, nunha figura que o único que consegue é diminuír os custos laborais das empresas, empeorando obxectivamente as calidades do mercado laboral e as calidades dos traballadores.

E algo disto necesariamente ten que haber, porque logo vemos os datos de como se reparte o PIB entre salarios e rendementos do capital. Indubidablemente, sei que a vostede lle parece que son demasiado perseverante con este dato, pero a min sempre me explicaron aquilo de repartir a tarta, e, bueno, *las tartas se reparten y se reparten de una manera u otra, y no es igual un reparto que otro*.

Polo tanto, a cuestión dos falsos autónomos. A cuestión das subcontratas e de todas esas... —que tamén está directamente relacionado coa desregulación—, estes fíos sen fin que o único que fan é empeorar o mercado laboral, empeorar as condicións laborais, baixar, evidentemente, os niveis salariais...; en fin, que seguimos movéndonos neste tipo de cuestións.

E logo, por último, é moi relevante o tema da formación, da formación tanto no tema da *startup* máis vangardista na universidade, máis punteira —onde, indubidablemente, volvo repetir que os datos macro non nos acompañan, máis alá de que haxa exemplos exitosos, moitos, ¡oxalá foran máis!, e creo que deberían ter todo o apoio público posible—, e, por suposto, a formación daqueles autónomos con menor nivel de formación de partida.

Eu quero recordarlle que mentres que no conxunto de Europa as actividades profesionais dentro dos autónomos son case o 12 %, destes en Galicia son algo máis da metade, o 7 %. É dicir, que temos un sesgo á baixa no nivel de cualificación medio que eu creo que sería imprescindible ir recortando.

E logo hai dúas cuestións. Vostede falou do Igape. De verdade, eu entendo que está aí, pero... ¿Vostede de verdade cre que está satisfacendo as demandas do tecido produtivo de Galicia? É

unha pregunta retórica. Sei que non me vai dicir que non, pero déalle outra volta, e xa sei que isto parece un tiovivo, pero, ¿de verdade o cre? Eu... Envían os datos trimestrais de préstamos, de avais, e xa sei que agora as figuras dos avais están en cuestión, etc., etc., en fin... ¿Vostede cre que se están satisfacendo as necesidades? Porque, desde logo, os representantes das asociacións de autónomos din que non e os empresarios quéixanse. Eu non sei se só se nos queixan á oposición e a vostedes lles din que todo vai ben, que tamén é posible ¡eh!, pero, desde logo, a nós os *inputs* que nos chegan é que o sistema é lento e non cobre as expectativas, e volvo repetir que cando digo que é lento non quero dicir que o privaticen ¡eh!, quero dicir que contraten xente, quero dicir que o ámbito público chega a unha porcentaxe do PIB como a que teñen eses países dos que vostede lexitimamente fala e aos que quere mirar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, eu creo que o financiamento e a formación son dúas cuestións fundamentais, sen ningunha dúbida, porque están directamente relacionadas co outro tema, e en principio entendo que a Estratexia Autónomo 2020 sería o que intentaría evitar, que é a baixa duración das experiencias ou dos negocios dos autónomos. É dicir, que o 80 % dos novos autónomos non duren máis de dous anos é unha expectativa moi baixa, e eu creo que ese debe ser, efectivamente, o obxectivo: unhas condicións laborais e salariais dignas, pero sobre todo permanecer no tempo, porque iso é o que permite obter e consolidar nichos de mercado e iso é o que permite ir incrementando as ganancias. O outro poden ser ou ben especulacións puntuais ou ben conxuntura, pero eu sempre defendín un pouco máis a estrutura, supoño que por un sesgo ideolóxico.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

Parafraseando un programa de televisión: «xa escoitaron o Goberno; agora ímoslles contar a verdade». En parte, foi ben explicada polos portavoces do BNG e do Partido Socialista, e eu buscarei un oco dentro deses datos.

Primeiro vulle facer o balance, señor conselleiro. Dende que vostedes gobernan hai 34.400 traballadores e traballadoras por conta propia menos. Ese sería o balance sintético, cuantitativo, que falaría de fracaso: 34.400 menos hoxe, catro anos de recuperación económica, no medio da gran recesión do ano 2009.

O segundo, señor conselleiro, sorprendeume, ¡eh!, porque eu creo que esa consellería normalmente fala con precisión. Presumiu do dato de período medio de pago aos provedores en Galicia. Eu teño aquí —e logo llo dou— o informe da Federación Nacional —chámanse eles, que supoño que é estatal— de Asociacións de Traballadores Autónomos —a ATA—: *Informe sobre morosidade, primeiro semestre do 2017*. O informe di que o período medio de pago aos

autónomos da Comunidade Autónoma galega é de 64 días. Isto é o dobre do que marca a Lei de morosidade.

Segundo dato: o período medio en España, no Estado español, é de 54 días. Polo tanto, Galicia é a terceira comunidade que peor paga aos autónomos no Estado español. ¿E sabe quen di isto? Lorenzo Amor, que non sei se sabe que é afiliado do Partido Popular.

Ese é o balance sintético do resultado cuantitativo, e do que vostedes presumen. É certo que Galicia é a comunidade autónoma que ten un maior peso de traballadores autónomos, o 22 % das persoas traballan por conta propia. Pero, como se dixo aquí, ¿isto é positivo? ¿Supón algunha vantaxe para o noso país? ¿É algo para gabarse? Pois non, máis ben ao contrario. Cando se analiza a estrutura do emprego, compróbase que son as comunidades autónomas menos desenvoltas as que teñen máis traballadores por conta propia, e as comunidades autónomas máis desenvoltas, as que teñen maior nivel de renda e as que teñen menos peso do traballo autónomo. E cando se abre o foco ao conxunto de Europa o resultado é o que contou Abel Losada. Eu sintetízoo nunha cifra: en Galicia 1 de cada 5 ocupados é autónomo e en Dinamarca é 1 de cada 15. Voulle dar un dato tamén. Aposto con vostede que en El Cairo hai moitos máis traballadores autónomos que en Nueva York ou que en Berlín, porque ese modelo de traballador autónomo ten unha parte que se corresponde con proxectos empresariais e outra parte moi relevante que é a resposta a unha situación desesperada de desemprego.

É certo que en Galicia —tamén se dixo— a fórmula de propiedade e o peso que ten o sector primario na economía fan que o peso do traballo autónomo sexa superior ao conxunto do Estado. Pero a causa fundamental que leva ás persoas no Estado español e en Galicia a facerse autónomos é non atopar un emprego asalariado decente, en termos de condicións laborais e en termos de salarios dignos. Non estamos falando de convencemento, de emprendemento. O emprego autónomo en moitos casos non é máis que un intento desesperado de saír dunha situación de desemprego, especialmente nas persoas que levan máis tempo en paro e que xa teñen unha idade maior. E esta é unha crítica fundamental á Estratexia Autónomo 2020 da Xunta de Galicia, que incentiva de forma xeneralizada sen ter en conta as motivacións que hai detrás desas iniciativas empresariais. Non hai unha política segmentada con respostas diferentes a realidades diferentes, e iso provoca un escenario cheo de problemas, porque baixo a etiqueta do emprendemento agóchanse realidades moi preocupantes.

Voulle dar dous datos dos que xa se falou aquí, un é de Eurostat. Eurostat di que en España —non baixa ao nivel de comunidade autónoma— o 28 % das persoas que traballan por conta propia están en risco de pobreza ou exclusión social. Nos traballadores e traballadoras asalariados, esa taxa de pobreza, ese risco de pobreza, é do 12 %. Isto quere dicir que os traballadores e traballadoras autónomas teñen un risco de pobreza que duplica o dos traballadores asalariados; esas son en Galicia 60.000 persoas que teñen ingresos tan baixos que están por debaixo do limiar da pobreza.

O segundo dato díxose aquí, e é posiblemente o máis preocupante, o máis revelador, porque non afecta só unha parte do colectivo, non afecta só durante un tempo da súa vida, senón que é unha condena de por vida. Señor conselleiro, como xa se dixo, a pensión media de xu-

bilación dos autónomos en Galicia é de 556 euros, mentres que a pensión media dun traballador do réxime xeral é de 904 euros, case o dobre.

Señor conselleiro, ¿556 euros é unha pensión digna? ¿Pode unha persoa vivir dignamente con 556 euros de pensión? ¿Pode un goberno gabarse de que esa sexa a realidade? Esa realidade reflicte, ademais, perfectamente cal é o nivel de ingresos que teñen os autónomos e, polo tanto, as bases de cotización polas que cotizan e que determinan logo a súa pensión.

¿Este é o modelo de emprendemento que defenden vostedes? Cando un analiza, ve que as análises sobre a economía galega demostran que un dos problemas que temos é o minifundio empresarial, o peso abusivo das microempresas. O 83 % das empresas galegas non chegan a 2 asalariados. Polo tanto, a cuestión non é seguir incentivando a aparición de novas iniciativas empresariais sen analizar a súa viabilidade. A estratexia do Goberno tiña que ser exactamente a contraria, como, por certo, din noutros documentos seus: buscar elementos de concentración empresarial que permitan ter unha estrutura produtiva, con grandes empresas, que permitan ter empregos asalariados decentes; empresas máis competitivas.

As políticas a favor do emprego non poden ser xeneralizadas, non poden ser indiscriminadas. As empresas de economía social, os autónomos, as iniciativas empresariais locais son diferentes, como se dixo aquí, e hai algunhas que hai que apoiar e outras que non se deberían de apoiar, señor conselleiro, porque dentro do autoemprego existen realidades que deben de ser combatidas polo sector público, porque son as prácticas cada vez máis frecuentes dos falsos autónomos. Esta é a estratexia de moitas empresas, de grandes empresas que queren facer pasar por relación mercantil o que realmente é unha relación laboral.

Esa é unha estratexia reforzada pola reforma laboral dun modelo de subcontratación en cadea que é utilizada polas grandes empresas do transporte, da comunicación, da enerxía, do comercio, da distribución, da hostalería, da construción: cambiar contratos de traballo por contratos mercantís, con gravísimas consecuencias para a clase traballadora.

Non teño tempo, pero léolle algúns —titulares de xornais galegos—: «Máis de 20.000 galegos aceptan ser falsos autónomos para ter emprego»; «Unha gran empresa de alimentación galega» —non vou dar o nome— «contratou 160 falsos autónomos»; «O Supremo dá a razón a tres falsos autónomos de Lugo contratados por Zardoya Otis.» «Satse» —o sindicato de enfermería— «alerta de fixos obrigados a ser falsos autónomos».

Estamos falando dun modelo de subcontratación que supón precariedade extrema, porque traslada todo o risco empresarial á parte máis débil. Cambiar un modelo de contrato laboral por un contrato mercantil supón eliminar dun só golpe todos os dereitos laborais: non hai salario, non hai vacacións, non hai baixas por enfermidade, non hai dereito a desemprego, non hai horario, non hai dereito á formación, non hai dereito de folga, non hai negociación colectiva. E vostedes son cómplices nese proceso.

¿Incentivamos iso?, ¿dámoslles cartos aos autónomos que traballan para Telefónica para que Telefónica gañe máis cartos aínda coa subvención indirecta da Xunta de Galicia?

Obviamente —vou ir rápido—, o modelo actual de incentivos xeneralizados conduce á frustración.

O conselleiro liouse cos datos da afiliación. Eu voulle dicir, entre xaneiro e agosto en Galicia déronse de alta no réxime de autónomos 20.457 persoas. Podería parecer un éxito, pero ¿sabe cantos se deron de baixa nese mesmo período? Déronse de baixa 20.448. En oito meses, a diferenza entre as altas, a xente que arriscou os seus cartos montando un negocio, e as baixas, a xente que perdeu todos os cartos nese negocio, son 9 persoas. Unha por mes. Estamos falando dunha política que incentiva para que haxa un autónomo máis por mes no cuarto ano da recuperación económica.

E, señor, conselleiro, emprender un negocio co señuelo da tarifa dos 50 euros, é fácil. A dor, a destrución de capital, é cando hai que pechar ese negocio.

Eu falaba cun compañeiro de En Marea que foi autónomo, iniciativa empresarial. Saíu, saíu... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Un compañeiro que está aquí. Saíu debendo unha porrada de euros.

Non se pode aplicar esa política indiscriminada que non se emende, que non teña en conta cales son as realidades, que realmente apoie o que é o emprendemento e non sexa cómplice da precarización.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Remato.

Einstein dicía que a loucura é facer as mesmas cousas pensando que os resultados van ser diferentes. O que lles describimos aquí o Partido Socialista, o BNG e En Marea describe unha parte ampla da realidade. E o que fan na Estratexia 2020 é continuar aplicando o mesmo que vai levar a agravar todos estes problemas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Gustaríame comezar a miña intervención facendo —igual que facía o propio conselleiro— un recoñecemento de todo o Grupo Parlamentario Popular, un recoñecemento sincero a eses aproximadamente 225.000 traballadores autónomos e por conta propia que hai en Galicia.

Dicíao o conselleiro, case 1 de cada 4 traballadores. Son persoas que poñen en risco cada día todo o que teñen; que se enfrontan co seu patrimonio persoal e o seu esforzo en moitas ocasións a unha excesiva burocracia; que pagan os seus impostos ás veces máis puntualmente

do que reciben os seus ingresos, e que renuncian a moito na súa vida para sacar adiante o seu soño e a súa familia. Para todos eles, dende logo, o noso recoñecemento.

Por iso lamentamos que o conselleiro acuda á sede parlamentaria a presentar unha batería de medidas que se contemplan dentro desta estratexia e que ningún dos grupos da oposición fose quen de falar nin de unha soa das medidas que anunciou o conselleiro para beneficiar a todos estes autónomos.

E tamén transmitirilles que como partido, pero tamén como grupo parlamentario que sustenta o Goberno, entendemos a súa sensación de que en plena crise foron os que peor a pasaron, pero dende logo eu tamén teño que recordarlles aos que me precederon no turno de palabra que esta crise tamén tivo pais e nais. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E que, dende logo, falar da crise en abstracto dende algúns partidos non deixa de ser curioso.

Foron tempos duros nos que a todos nos tocou facer sacrificios, e a eles, aos autónomos, posiblemente máis que a ninguén. Por iso está o conselleiro representando o Goberno e está o Grupo Popular hoxe aquí para explicar algunhas desas medidas que terían merecido posiblemente moito antes, pero que a situación de crise non permitiu desenvolver ata que a recuperación económica mellorou a situación das administracións.

Nós temos ese compromiso e gustaríanos que alguén máis neste Parlamento tamén o adquirise e se sumase a ese compromiso de aportar propostas para mellorar a calidade de vida e o emprego dos nosos autónomos. Eu creo que na Cámara vimos a actitude dos distintos grupos, e creo, señor conselleiro, que se con alguén se pode contar é co PSOE, porque o resto ao único que veñen aquí é a criticar directamente ao Goberno e a non propoñer absolutamente nada. Eu creo que o ton do Grupo Socialista foi ben distinto.

Señor conselleiro, vostede ten dito nesta e noutras ocasións que espera traballar e negociar co resto dos grupos parlamentarios. ¡Oxalá fose posible! ¡Oxalá a intervención do Partido Socialista indique que, efectivamente, queren facer propostas. Pero eu, ¿que quere que lle diga? Con todo o respecto, señor conselleiro, non espere moito. Dígollo con todo o respecto pero tamén o digo con tristeza: non espere moito. Non espere moito dunha oposición que está igual ou peor que o 26 de setembro de 2016, o 26 de setembro do ano pasado, que quedou noqueada co resultado electoral e que aínda se atopa mirando cara a si mesma co reloxo parado. Ese é un pouco o reflexo dos grupos da oposición, escoitámoslos todos os días.

Non espere nada ou espere moi pouco do BNG porque o único que soubemos deles nas últimas semanas foi que queren copiar en Galicia un espectáculo igual ao de Cataluña. Ese é o seu modelo. Queren levar a Galicia a esa confrontación que nada produce e que todo o para. Os nacionalistas prefiren falar de independencia; prefiren falar de cupos, aínda que iso nos custe diñeiro a Galicia; e prefiren afundir o noso país na inestabilidade política. Diso saben moito, porque foi o que fixeron cando gobernaba o Bipartito aquí en Galicia. Inestabilidade política antes que as cuestións que verdadeiramente preocupan á inmensa maioría dos galegos.

Espere pouco do Partido Socialista, que está moi ocupado e moi preocupado nesas liortas internas por ver quen é o que berra máis forte «no es no». Iso é o que lles interesa. Están

buscando quen publica algo nas redes sociais dende as contas oficiais, e a verdade é que están envoltos nesa guerra norte-sur que protagonizan o señor Besteiro e o señor Abel Caballero, na guerra sucia do twitter e das críticas persoais, e están envoltos en ver quen é máis oficialista dos oficialistas, pero todos están *en el* «no es no». Esa é a militancia do Partido Socialista.

Señor Losada, eu voulle propoñer unha cousa. A vostede, que usou o buscador en vez de ler a Lei de impulso empresarial, propoñolle que volva usar o mesmo buscador pero co seu programa electoral, e dígame cantas veces aparece a palabra autónomo. Nin unha soa, ¡nin unha soa! ¿Sabe para que aparece a palabra «autónomo» no programa electoral do Partido Socialista? Para referirse a organismos autónomos. Esa é a realidade. (*Aplausos.*) E vostede mesmo dixó que resulta difícil non compartir o que dixó o conselleiro. ¡Home, pois se comparten o que dixó o conselleiro, apoiem o Goberno!, porque é unha mensaxe que todos os autónomos de Galicia van entender. Apoiem o Goberno no impulso de medidas para apoiar os autónomos.

Mire, nós non estamos improvisando. Nós apoiamos unha lei do emprendemento en Galicia no ano 2013, e agora traemos esta Estratexia Autónoma 2020 que é continuidade da mesma liña de traballo.

Mire, señor conselleiro, non espere nada das Mareas de Podemos porque, ata decembro, deles só saberemos se os alcaldes conspiran contra Villares, se Villares resiste, se hai uns cantos que van montar unha escisión. Ningunha proposta en serio. Eles só van votar «no es no», igual que o resto dos partidos.

Pero, pensándoo ben, quizais sexa mellor que non teñan nada que dicir e nada que aportar na Estratexia de Autónomos, porque non sei que poderá aportar en materia de autónomos un partido cuxo número dous é Echenique, e todos sabemos cal é o modelo de contratación de autónomos do señor Echenique. (*Aplausos.*) Non agarde moito, non agarde moito. E sabemos o que pensan dos autónomos, porque a señora deputada Tania Sánchez dicía que os autónomos eran autoexplotadores. Mire, eu pediríalles un pouco de respecto para os autónomos de Galicia.

Señor Lago, sobre as medidas do conselleiro, nada de nada, vostede non falou. Como hai un segundo turno, espero que nese segundo turno falemos das medidas concretas anunciadas polo conselleiro.

E sobre os falsos autónomos, ¿que dicir? Que, efectivamente, son unha preocupación para todos, tamén para o Goberno da Xunta de Galicia, tamén para o grupo maioritario, pero dígallo vostede aos alcaldes das Mareas, que nas cidades onde gobernan contratan a firmantes dos manifestos fundacionais como autónomos para poñelos ao servizo dos seus gobernos. Polo tanto, teñen a quen lle dar as súas propias leccións.

Se metemos nunha batedora todos estes elementos, esa é a oposición que temos aquí, no Parlamento de Galicia. Aos tres grupos minoritarios non lles preocupan o máis mínimo os problemas dos autónomos, nin dos empresarios, nin dos traballadores. Eles están demasiado ocupados cos seus propios problemas, coas súas liortas, e sen asumir o resultado electoral.

Hoxe o conselleiro presenta un documento que marca un rumbo, que é o que nos ten que guiar ata finais da lexislatura no que ten que ver co apoio aos autónomos en Galicia. Pero estaríamos errados se pensamos que con esta batería de medidas todo quedaría feito, porque non é verdade; porque temos que seguir facendo cousas e porque sería bo que desde os grupos da oposición aparecesen propostas concretas que se puideran incorporar a esta estratexia. Polo tanto, gustaríanos escoitar o que din das propostas anunciadas polo conselleiro e se poden melloralas; se cos recursos que hai podemos facer máis cousas.

Temos que perseverar neste camiño, o camiño de eliminar todas as trabas administrativas innecesarias; o camiño de axilizar o pago das administracións públicas; o de aliviar a presión fiscal; o de fomentar a conciliación tamén dos traballadores autónomos; o de asegurar o relevo xeracional, que é unha das cuestións clave para este colectivo; en definitiva, o de facerlles a vida un pouco máis sinxela, porque o merecen e porque o precisan, e, polo tanto, temos que actuar nesa dirección.

Como dicíamos, hai 225.000 autónomos en Galicia esperando polas nosas propostas, esperando polas nosas medidas, e gustaríanos que fosen moitos máis, moitos máis autónomos, e que todo aquel que queira emprender na nosa terra teña unha alfombra vermella para facelo, para formarse e para facer crecer o seu propio negocio. *(Aplausos.)* Tamén nos gustaría atopar do outro lado do arco parlamentario algunha man tendida para poder mellorar as condicións destes traballadores, pero niso —como xa dixen—, señor conselleiro, non agarde nada ou agarde máis ben pouco.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Réplica, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, o primeiro que quería trasladar é o agradecemento ás intervencións dos diferentes grupos parlamentarios, e, polo tanto, a posibilidade de que de forma efectiva poidamos abrir aquí, nesta Cámara, un debate para identificar as medidas que poidan beneficiar a un colectivo que, desde o punto de vista cuantitativo, estamos de acordo que é importante en Galicia, pero, sobre todo, é importante polo que aporta en termos de creación de emprego e en termos de emprendemento.

É certo que sería bo centrar o debate nas diferentes medidas, en como se poden mellorar esas medidas, e incluso nalgunha medida adicional, porque, se non, nalgún caso poderíanos quedar simplemente nunha descrición e non en aspectos propositivos. En calquera caso, terei ocasión de contestar ás diferentes aportacións e suxerencias que se trasladaron.

No caso do BNG sorpréndeme, señora Prado, que agora de repente di que queren facer unha iniciativa de punto cero, e vostedes nunca apoiaron o Goberno en Madrid. Vostedes pasaban

por alí, e cando había que apoiar o Partido Socialista Obreiro Español en Madrid, diso agora xa nos olvidamos. Resulta curioso que vostedes falen da integración na Unión Europea, que falen de políticas neoliberais, cando vostedes estaban en Madrid apoiando este tipo de políticas. Polo tanto, ¡home!, polo menos un pouco de memoria e un pouco cando menos de coherencia dende o punto de vista das medidas que apoiaron en Madrid e das que agora parece que queren renegar aquí en Galicia.

En calquera caso, eu creo que hoxe se tomou en consideración unha lei. A verdade é que na intervención da súa compañeira non houbo ningún tipo de referencia ao contido da lei. E respecto aos comentarios xeneralistas e lugares comúns, todos.

Pero mire, recórdolles que, cando se aprobou neste Parlamento a Lei de emprendemento e de competitividade, vostedes votaron que non. E recórdolles que nesa lei se eliminaron con carácter xeral as licenzas municipais, e hoxe os autónomos e os empresarios estanse a beneficiar, porque hai moitos proxectos que se acumulaban nos despachos das diferentes administracións, nomeadamente da Administración local, que agora, grazas a unha comunicación previa, se poden activar con moita máis facilidade.

Eu non sei cal vai ser a posición final que vai adoptar o Bloque Nacionalista Galego coa Lei de fomento da implantación empresarial, pero gustaríame que, cando menos, valoraran o contido e que nos dixeran, que lles dixeran aos galegos, por que non queren facilitar a simplificación dos trámites burocráticos, mantendo estritamente todos os informes sectoriais e todas as garantías que actualmente recolle a lexislación.

Polo tanto, se queremos apoiar os autónomos, señora Prado, temos que facilitar que os trámites administrativos tamén sexan moito máis sinxelos. Creo que non actuaron conforme os intereses do sector empresarial e do sector dos autónomos cando votaron que non á Lei de emprendemento, e espero que agora teñan unha oportunidade cando abordemos a Lei de implantación empresarial.

En calquera caso, vostede trasladoume que as medidas son insuficientes e que incluso dubidaba de se realmente neste caso o Igape facilitaba ou había acceso ás diferentes liñas de financiamento. Mire, nós abrimos o Igape aos autónomos, e os autónomos hoxe poden acceder ás diferentes liñas de axuda, de financiamento, tanto de microcréditos como de bonificacións de tipos de interese, e os autónomos tamén poden acudir ás diferentes axudas de iniciativas empresariais a través do Galicia Emprende e Galicia Emprende Rural. Os instrumentos financeiros innovadores que se van poñer en marcha durante estas próximas semanas van permitir tamén que os autónomos poidan acceder a liñas de financiamento específicas para mellorar os seus proxectos de innovación, para mellorar a modernización dos seus negocios.

En definitiva, señoría, eu creo, sinceramente, que aí hai unha oportunidade e, loxicamente, seguimos sumando oportunidades tamén para que os autónomos teñan máis facilidades.

Fálame vostede tamén —e fixeron referencia a iso o resto dos portavoces parlamentarios da oposición— de que a base de cotización dos autónomos, que é cerca do 80 %, cotiza

por unha base mínima. É certo, pero é certo que en España é do 86 %. Galicia ten unha porcentaxe moi alta de autónomos que cotizan pola base mínima, pero é certo que esa porcentaxe é moi inferior á media de España. Polo tanto, temos que seguir mellorando nesa dirección, pero, dende logo, a realidade é que, cando facemos a comparativa, loxicamente Galicia, xa digo, ten unha porcentaxe moito menor de autónomos que cotizan por esa base mínima.

En definitiva, creo que o Goberno en ningún caso... Non sei por que esa teima, son lugares comúns. Eu enténdoo, porque o seu partido vive de lugares comúns, pero non sei por que din que este goberno se prega a Madrid. Madrid adopta as súas decisións —por certo, apoiadas pola maioría dos grupos parlamentarios—, e Galicia complementa esas iniciativas. Se quere traer vostede isto ao debate, traia ao debate se realmente precisamos algún tipo de medida adicional, pero esa xeneralidade de que simplemente nos pregamos... Señoría, nós non nos pregamos, nós dedicámonos a darlles solucións, neste caso aos autónomos.

Señor Losada, eu agradézolle esa visión en positivo da propia Estratexia, que reflectiu aquí. Concordo con vostede —igual que concordo co señor Lago— en que temos que priorizar. É certo, os autónomos son un colectivo moi heteroxéneo e, polo tanto, é moi difícil responder a cada unha desas realidades. Polo tanto, temos que priorizar sobre o tipo de emprendemento, sobre o tipo de actividades de autónomos que queremos fomentar.

E aí volvo concordar en que hai un elemento fundamental, que está na Estratexia, no que temos que seguir profundando, que é a formación; a formación non só de ocupados, senón tamén a formación dos proxectos de emprendemento, a través desa rede de aceleradoras que nos últimos anos permitiu apoiar 500 proxectos empresariais. E o principal labor que fan esas aceleradoras e que favorecen o desenvolvemento de *startups* e doutro tipo de iniciativas é, precisamente, o asesoramento e a formación, para que os autónomos poidan conformar o mellor proxecto posible cara ao seu desenvolvemento no mercado.

Aí temos que afondar, igual que temos que afondar —dalgunha forma máis indirecta, pero tamén a trasladaron— e favorecer a innovación e temos que favorecer a dixitalización, porque esa innovación e esa dixitalización non só veñen condicionadas polo desenvolvemento de novos produtos, senón que veñen condicionadas pola propia demanda dos consumidores.

Polo tanto, totalmente de acordo co Partido Socialista e con En Marea en que temos priorizar e, polo tanto, temos que centrarnos en iniciativas transversais no eido da formación, no eido da dixitalización e no eido da innovación tamén de cara aos autónomos.

Tamén lle agradezo a súa reflexión sobre o peso dos autónomos en Galicia. Tamén o señor Lago fixo referencia a ela, e a señora Prado. Eu recórdolle que no ano 2008 e no 2009 era a mesma porcentaxe, e, polo tanto, é certo que forma parte, dalgunha forma, dunha situación estrutural da nosa economía, onde é certo que o peso do sector primario, tanto do sector do mar, do sector do medio rural como do sector forestal, loxicamente, condiciona dalgunha forma que ese peso do sector primario tamén se reflecta nunha maior porcentaxe que teñen outras autonomías ou que teñen outros países.

Pero é certo que temos que facer esa reflexión e, polo tanto, ver como, en primeiro lugar, priorizamos sobre o tipo de negocio de autónomo que queremos promover, pero ao mesmo tempo, loxicamente, fortalecer os autónomos que temos en Galicia, e dalgunha forma a Estratexia ten que responder a ese peso cuantitativo que actualmente ten este colectivo, como dicía, en Galicia. En definitiva, teremos que seguir apoiando os diferentes elementos.

Tamén vostede fixo, señor Losada, referencia ao Igape. Xa trasladei que, efectivamente, o Igape se está abrindo aos autónomos. Creo que ese é un paso fundamental, porque a visión dos autónomos non ten que ser só no eido do emprego, senón que ten que ser tamén no eido do desenvolvemento económico, e, polo tanto, no Igape, a través das diferentes axudas de financiamento, ten que quedar un soporte importante.

O señor Lago plantexábame o balance, faciame a comparativa dende o ano 2009. Eu non fixen esa comparativa con toda intencionalidade, porque é certo que hai menos autónomos que no ano 2009. Tamén é certo, se queremos facer ese tipo de lecturas, que no ano 2009 Galicia perdía 7.500 afiliacións por conta propia, e é certo que dende xaneiro temos preto dun millar máis, 747. Por tanto, eu non quería facer esa comparativa, pero, se facemos esa lectura, hoxe en Galicia, con respecto ao ano 2009, temos máis autónomos integrados en sociedades mercantís cooperativas ou noutras entidades societarias, en concreto máis de 4 puntos que con respecto ao ano 2009. Temos máis autónomos que traballan con asalariados, que é unha forma moi importante de favorecer a creación de emprego, temos máis autónomos menores de 55 anos, temos máis autónomos con novos negocios e temos máis autónomos que cotizan por encima da base mínima.

En definitiva, temos un escenario de mellora, pero insuficiente, e, polo tanto, temos que desenvolver medidas que permitan fortalecer a súa posición dentro do mercado.

Falábanme vostedes dos datos de pago a provedores, e falábame do rigor da Consellería. Eu deille os datos do Ministerio de Hacienda, e vostede reflícteme os datos dunha enquisa. Hai que ter en conta todos os elementos estatísticos, pero eu creo que nesta Cámara debemos de remitirnos con carácter xeral —sobre todo cando as temos— ás estatísticas, e na Estatística oficial do Ministerio de Hacienda vese que Galicia é a cuarta comunidade autónoma que paga con máis axilidade aos seus provedores e, polo tanto, que Galicia está pagando 23 días máis rápido que a media nacional. Os datos que vostede reflicte de ATA son correctos, pero tamén é de xustiza trasladar a esta Cámara que é unha enquisa fronte aos datos oficiais que eu lle trasladei na miña intervención.

Como dicía, concordo co seu posicionamento de que o apoio aos autónomos ten que vir acompañado tamén dun modelo de emprendemento. Eu non falei aquí dese modelo de emprendemento e dese modelo produtivo que estamos a desenvolver en termos de innovación, en termos de apoio á dixitalización e en termos de apoio á industria 4.0, pero eu concordo con que temos que favorecer un incremento do tamaño empresarial en Galicia. Eu non sei —seguramente recollendo aquí a intervención do seu compañeiro de grupo— se teñen que ser tan grandes como para que despois sexan demasiado grandes e, polo tanto, teñamos que facer outro tipo de lecturas terxiversadas sobre a realidade económica en Galicia, pero é certo que Galicia precisa que o seu sector produtivo empresarial teña un maior tamaño, e, polo

tanto, cando estamos apoiando os autónomos e cando estamos apoiando os emprendedores, temos que priorizar e seguramente apoiar aqueles proxectos que teñen unha maior escalabilidade a futuro. E cando se presenta un proxecto de emprendemento e se presenta unha *startup*, onde temos que estar é precisamente con esa visión de escalabilidade e, polo tanto, coa posibilidade de que os autónomos tamén reforcen o tamaño empresarial. Por iso, unha das iniciativas que está tendo maior resposta por parte dos autónomos é, precisamente, favorecer a contratación de traballadores por parte dos autónomos, que é unha forma de apoiar os autónomos para que poidan crecer nos seus negocios.

Polo tanto, son unha serie de medidas, como digo, que intentan, a través desta Estratexia, dar unha resposta aos autónomos. Dende logo, creo que nesta Cámara, loxicamente coa responsabilidade de goberno que temos traendo esta Estratexia e as diferentes medidas que poidamos traballar a futuro, temos que intentar —e a iso intenta responder a Estratexia Autónomo 2020— e temos que traballar para que os autónomos teñan máis facilidades, para que teñan menos trabas burocráticas, para que teñan que asumir menos impostos, para que teñan máis dereitos e para que haxa unha maior protección social.

Ese é o obxectivo. Creo que debe ser un obxectivo compartido. Polo tanto, temos que poñer todos os esforzos, dende o punto de vista do Goberno, pero tamén dende o punto de vista do debate parlamentario, para responder a unha realidade, que é a dos autónomos e para que, polo tanto, os autónomos sigan sumando en creación de emprego e en crecemento económico á economía do noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Bueno, lamento que non estea o señor Tellado, porque, como nos interpelou, eu vou contestar.

Primeiro, creo que se confundiu nesa dupla función que ten. Pensou que estaba nunha rolda de prensa como portavoz do Partido Popular falando da situación política e da oposición, e creo que era unha comparecencia do conselleiro, pero, bueno, ¡alá el! E dixo cales eran as nosas propostas, cousa que tamén vostede repetiu, señor conselleiro. Unha defendeuna hoxe pola mañá a portavoz nacional do BNG: ter instrumentos para poder actuar. ¿E cal foi a resposta do Partido Popular? Votar en contra.

O BNG leva traído a esta Cámara moitas propostas para que Galicia sexa dona de seu, para que nós poidamos tomar as nosas decisións, para non ter que pedirlle permiso ao amo para poder desenvolver o noso país, para non estar ao servizo dos intereses da oligarquía madrileña, en lugar de estar ao servizo dos intereses dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*) ¿E que fai o Partido Popular? Votar en contra.

Propostas do BNG: modelo de financiamento, concerto, defendido esta mañá, e vota en contra; tarifa eléctrica, para que un recurso como é o da enerxía eléctrica reverta en beneficio do tecido económico e dos galegos e das galegas, ¿que fai o Partido Popular? Votar en contra. Dentro de nada vai vir unha ILP aquí para a súa votación, e a ver que vai facer o Partido Popular. Sistema financeiro propio, unha banca pública galega, ¿que fai o Partido Popular? Pois non. Control das nosas infraestruturas, da AP-9, ser donos do noso destino... Esas son as propostas que fai o BNG en vez dos parcheos escasos e insuficientes que fai o Partido Popular. Temos máis propostas, abundantes. Se queren, podemos traerllas. Porque no BNG quere ser donos do noso destino, que os galegos e galegas sexan os donos do noso destino, do seu destino, e non estar a expensas do que nos deixan facer.

E, señor conselleiro, señor Conde, perdeu unha oportunidade de ouro non vindo pola mañá a defender vostede a proposición de lei, de facer as cousas como hai que facelas, e non furtar todos os informes que tiña que traer a lei para traela pola porta de atrás. E tiña que vir aquí a explicar nesa proposición de lei pois cal é o modelo produtivo que vostede ten para Galiza. Perdeu unha oportunidade de ouro. ¿Cal é o modelo de industrialización que vostede defende para o noso país? ¿Que modelo de peche de sectores produtivos ten vostede? ¿Que propostas ten o Partido Popular para ese peche dos sectores produtivos, para crear emprego, economía, desenvolvemento no noso país? ¿Que tipo de traballadores quere vostede para o noso país, señor conselleiro? Perdeu unha oportunidade de ouro, pero priman facer as cousas así, pola porta de atrás, e sen que veña a lei cos informes que teñen que avalala.

Porque dixen tamén ao principio da outra miña intervención que a situación de Galiza, de vulnerabilidade, de fragilidade estrutural, de falta de instrumentos para poder actuar, fai que esteamos continuamente ao albur do que pase noutros lados e das decisións que outras tomen. E así, dende logo, non exerce un goberno que queira ser o Goberno de Galiza. Evidentemente, xa hai tempo que vostedes renunciaron a facer de Goberno de Galiza. Son esa delegación administrativa, e contentos que están con ela.

O feito de que os autónomos en Galiza non fagan máis que descender, señor Conde, e que, efectivamente, teñan tanta importancia no conxunto de traballadores e traballadoras —como xa antes llo dixeron—, non é para vangloriarse. Moi ao contrario, significa que non hai un modelo produtivo nin un modelo de desenvolvemento propio e que vostedes o único que levan facendo ano tras ano, lexislatura tras lexislatura, é dicirlle á xente: «Busca a vida, busca a vida e emprende». E, froito desa política, dan os datos que lle dixen antes.

E nun contexto onde no conxunto do Estado si está aumentando o número de autónomos, significa que esas medidas que vostedes puxeron en marcha, esa cantidade de recursos, de millóns, importantes, dende logo non son con base nunha planificación e nun modelo económico para Galiza, son con base exclusivamente en parecer que facemos.

E as preocupacións fundamentais dos autónomos en Galiza, señor conselleiro, son as que lle dixen antes: que non hai uns modelos de desenvolvemento baseados en cuestións como a I+D, a falta de acceso ao crédito, que segue sendo unha das máximas preocupacións e dos máximos problemas dos autónomos en Galiza, a falta de acceso ao crédito. Ese deseño e esa concentración financeira, que fixo que en Galiza practicamente sectores

importantísimos de galegos e galegas, incluídos os autónomos, queden excluídos do sistema de financiamento, é a súa responsabilidade. E non se contempla ningunha destas medidas. Unha preocupación dos autónomos é a reforma do RETA, señor conselleiro. ¿Vostede cre que é normal que un traballador por conta propia que teña un comercio en calquera vila pague o mesmo que paga un rexistrador da propiedade nunha das grandes cidades?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ¿Parécelle que iso é un sistema xusto e que pode, con esa carga, desenvolver a súa actividade? Pois, desde logo, no BNG dicímoslle que non, igual que lle din que non os autónomos.

Díxome a verdade o señor Tellado —agora que volveu—, dixo que os autónomos estaban agardando polas propostas do Partido Popular. Dixo unha das poucas verdades que dixo aquí, que están agardando polas súas propostas. Porque nas dúas lexislaturas pasadas non tiveron ningunha, nin foron capaces de sacalos do pozo no que están metidos. Efectivamente, esa é a realidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Co cal, señores e señoras do Partido Popular, señor conselleiro, as propostas que pon encima da mesa o Bloque Nacionalista Galego son propostas para...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...desenvolver un país economicamente e, evidentemente, tamén para mellorar a calidade de vida e a situación laboral dos autónomos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: E, dende logo, estas que poñen vostedes son meros parches.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, señor Tellado, vou empezar polo voceiro do Partido Popular.

Mire, o Partido Socialista, en relación cos autónomos, temos unha vantaxe, que é que temos leis aprobadas cando gobernabamos: no ano 2007, a Lei do estatuto do autónomo dese ano, e a lei que regula a prestación por cese de actividade no 2010. Antes gobernaban uns que

eran aqueles de «El Soto del Real Corporation», que dicían que *España iba bien, pero se olvidaban de los autónomos.* (Aplausos.) Entón, mellor non falar.

E, por certo, pasáronlle mal a información, porque todo isto é o que aparece nos dous programas, tanto o estatal... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, si, mire, vaime perdoar: «*España es un país para autónomos, los autónomos y pequeños empresarios...*» (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Como que non, home! Galicia, Galicia tamén. Si, si, si... «Espazo emprendedor, tícket emprendedor, Estatuto de traballo autónomo, Lei de emprendemento, Consello Galego de Traballo Autónomo...» *Tiene mal el Acrobat, tiene que revisar el Acrobat. La ventaja de saber leer es que lo tenemos aquí.* (Aplausos.)

E logo tamén outra cuestión. Alégrome de que volvera. Esta íaa dicir igual porque vin uns sorrisos así moi cómplices, loxicamente, no seu grupo cando falou das nais e dos pais da crise económica. ¿Cóntolle cales son? Mire, en 1980 «El Estado es...» Si, vou atrás, vou todo o atrás que quero. «*El estado es el problema y no la solución*». Desregulamos e acabamos exactamente como acabamos. Todos sabemos cal foi o resultado. Dámonos conta, nos países occidentais, de que a dereita só pode competir vía salarios importándolle nada as condicións laborais e as condicións de vida dos traballadores. E cando isto leva a unha caída da demanda e baixan as contas de resultados das grandes empresas, van meterlle dentelladas ao sector público, que é o que lles queda. Esta é a crise, señor Tellado, esta, sintetizando moito, é a crise. E claro que ten pais e nais, e son vostedes, ¡eh! (Aplausos.) Por moito que o repitan, son vostedes.

Señor conselleiro, vou aos autónomos. Como di un refrán popular, nin unha mala palabra nin un bo feito. É un refrán cariñoso, cariñoso.

Vamos ver, é evidente que a sobrerrepresentación dos autónomos no tecido produtivo está relacionada con taxas de paro elevadas e con empresas pouco potentes en termos de tamaño ou de proxección exterior. Isto é un feito que en xeral é así, eu creo que está aceptado en termos xerais.

Recoñeceu —eu creo que por primeira vez, e é un feito obxectivo— que o tamaño medio das empresas galegas é escaso, ou que debería de incrementarse. É algo evidente. Polo tanto, a min gustárame saber cales son as medidas de cara a incrementar ese tamaño medio. Porque —volvo repetir— non me fale outra vez de innovación e de I+D. Porque volvo repetir que Ucraína e Turquía... Xa sei que o dixeran moitas veces, pero, en fin, os datos lamentablemente seguen aí. Eu recoméndolle, se non o leu —que ao mellor o leu—, un libro. Tamén llo recomendo ao señor Tellado. Chámase *El Estado emprendedor*, dunha profesora italiana que dá clase en Essex, sobre o papel das políticas públicas na innovación e no emprendemento. E exige basicamente dúas cousas. Exige un esforzo financeiro sostido no tempo, premisa *sine qua non*. E evidentemente os recortes son obvios. Vostede non estaba, pero o presidente Feijóo estaba o outro día na inauguración do curso universitario, e escoitou as reclamacións dos reitores dicindo que os recortes en investigación e en innovación estaban dificultando enormemente unha das facetas da universidade —probablemente non é a única, eu creo que tamén a docencia— que, desde logo, é a da investigación. Polo tanto, por un lado, ese esforzo

financeiro. E, por outro, a estabilidade legal e institucional. Son as dúas grandes patas, os dous grandes apoios, no tema do emprendemento. E váleme para o pequeno comercio dunha vila como para a *startup* de última fronteira tecnolóxica.

Ben, debatemos unha proposición de lei esta mañá, e eu intentei secuenciar todo o que vos tedes lexislado —que serían, en termos musicais, variacións sobre un mesmo tema— en relación con esta cuestión. ¿Hai algunha idea en relación co emprendemento que vaia máis alá de desregular? Eu querría sabelo. Porque, se só hai esa, a min como modelo non me vale. Xa sei que é ideoloxía, pero eu reivindico a ideoloxía. Se o único modelo é iso que se chama «facilitar o desenvolvemento de actividades económicas favorecendo as declaracións voluntarias do capital —por chamarlle dalgunha maneira— fronte a unha administración que adelgaza mes a mes e ano a ano», imos camiño da selva. E logo non pregunten quen é o pai e a nai das crises económicas, non pregunten quen é o pai e a nai das crises medioambientais.

Señor conselleiro, disto é do que hai que falar, ou disto é do que eu creo que deberíamos falar. Polo tanto, en fin...

Preocúpame outro tema tamén, ao que vostede fixo referencia. É verdade que o sector primario sobrerrepresenta os autónomos, pero estea atento ao sector secundario, ao sector industrial, porque está claro que se están convertendo moitos traballos asalariados industriais en falsos autónomos. E iso significa peores condicións laborais e salariais sempre, sempre, ou case sempre. Non sei se ao mellor o señor Tellado ten algunha experiencia distinta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Pero, en xeral, case sempre.

E mire, a min gústanme os medios de comunicación escritos, son pouco audiovisual. Temos a xubilación media de autónomos máis baixa de España. Eu creo que hai que darlle unha volta. En fin, mírame con cara de sorpresa. Supoño que o periodista que o firma, que me consta que de economía algo sabe, pois recollería ben os datos.

A última. De verdade, señor conselleiro, son os orzamentos os que definen as prioridades políticas. E a partida, o programa 751.A, de ordenación do comercio, tivo unha redución entre o 2010 e o 2017 —teño aquí os datos, por se tal...— do 50 %. É verdade que nos últimos anos medrou un pouco.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E sen executar 40 millóns de euros. E non falamos de I+D, e non falamos do Igape.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, señor conselleiro, algún bo feito, orzado, e executado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Empecei o curso parlamentario hoxe con entusiasmo, porque nos debates, ata que chegou Tellado, vin nivel nos distintos grupos, falábase do país. Non escoitei ningún insulto, ningún insulto. Chegou Tellado, e mandou parar. De repente, a Cámara deixou de ser un parlamento democrático para converterse nunha barra de bar onde o debate parlamentario se substitúe polo lodazal. (*Aplausos.*) Desapareceron os argumentos e apareceron os insultos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entre insulto e insulto, entre exabrupto e exabrupto, o señor Tellado...

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, eu non percibín insultos. Señor Lago, eu non os percibín.

O señor LAGO PEÑAS: O señor...

O señor PRESIDENTE: Non, insultos non percibín. (*Murmurios.*)

¡Silencio, por favor! Estou falando eu co señor Lago.

Eu non percibín insultos, percibín un debate que ía, ao mellor, un pouco fóra do tema, pero un pouco fóra do tema, nada máis. (*Fortes murmurios.*)

¡Xa está, xa está!, nada máis. Despois volveuse ao tema rapidamente. Pero insultos, sinceramente, non percibín.

En todo caso, continúe, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Ben, entre exabrupto e exabrupto (*Aplausos.*) o secretario xeral do Partido Popular quíxonos dicir como é a democracia. Porque quixo dicir cal ten que ser o papel da oposición. Eu entendo perfectamente que o secretario xeral dun partido fundado por ministros de Franco non entenda ben como funciona a democracia. (*Aplausos.*) Voulle dar unha lección sinxela: o Goberno goberna e a oposición fai oposición. É así de sinxelo. E se o Goberno non é quen de gobernar, se non ten ideas, non ten proxectos, se ten unha política fracasada, que o deixe, que renuncie, que deixe que gobernen os outros. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Volvamos ao debate parlamentario, deixemos o bar, deixemos a barra do bar, respectemos o Parlamento.

A nós gústanos o autoemprego. Apoiamos as iniciativas empresariais de carácter local, as fórmulas da economía social, a pequena e a mediana empresa vinculada ao seu territorio. Gústannos as empresas familiares deste país. Por iso, cando analizamos as medidas da Estratexia de autónomos 2020, non estamos de acordo con elas porque están fundamentalmente encamiñadas, como xa dixemos, ás persoas que empezan a súa actividade, pero esquecen a inmensa maioría dos autónomos, como quedou claro cando o conselleiro explicitou cales eran

esas medidas. Nós, nese sentido, propoñemos un cambio radical na orientación desta política fracasada, unha reorientación que ten que dirixir as políticas de fomento da pequena e mediana empresa, dos autónomos, ao conxunto do colectivo e non só aos que comezan.

Por dicir tres ou catro elementos fundamentais, o primeiro é que o modelo non pode ser a subvención pública xeneralizada, esa non pode ser a clave da actuación para incentivar as empresas. Sábeo, conselleiro. E ata agora esa é a peza clave: incentivar a través dunha subvención o primeiro ano da actividade das empresas. E esa é unha estratexia fracasada.

É preciso actuar resolvendo os problemas reais aos que se enfrontan as pequenas e medianas empresas e os autónomos, pero para iso fai falla un goberno competente, porque é máis complexo que dar subvencións. Hai que analizar sectores e actividades, hai que negociar e acordar coas organizacións representativas dos autónomos, hai que definir estratexias de medio e longo prazo, hai que facilitar a actividade dos negocios.

Máis alá do debate —que vai un pouco fóra das competencias do Goberno autónomo— da fiscalidade e das cotizacións, cando un fala co sector son catro os problemas fundamentais que teñen. E a resposta a eses problemas debería ser o eixo da Estratexia 2020. En concreto, os autónomos teñen un problema de facturación, de cifra de negocio, que ten que ver coa debilidade da demanda interna, porque son empresas que se dedican exclusivamente a un mercado local de proximidade, e, polo tanto, as políticas de devaluación salarial, de fomentar a competencia para exportar máis, teñen consecuencias moi negativas nese sector. Polo tanto, un cambio de política de rendas que permita mellorar a demanda das empresas.

O segundo é a enorme dificultade que teñen os pequenos e medianos empresarios e empresarios deste país para acceder ao financiamento. E cada vez máis, porque, na medida en que desaparecen as entidades que financiaron historicamente este país e quedamos en mans dun oligopolio financeiro, teñen máis dificultades de financiarse.

O terceiro son as dificultades que teñen para acceder, señor conselleiro, a concursos públicos. A política da Xunta é, cada vez máis, facer paquetes máis grandes, que dificultan e fan que as empresas que gañan os concursos sexan multinacionais. Son multinacionais nas limpezas, nas vixilancias, nas seguridades... Os lugares vinculados á área pública onde si podería haber apoio a estes sectores domínaos o gran capital.

E, por último, remato co tema sobre o que abrín o debate, coa morosidade das grandes empresas para que as que traballan, incluídas as administracións públicas. Isto é un elemento intolerable. Os autónomos, as pequenas e medianas empresas, nesa cadea de subcontratacións na que se articulan moitos negocios, cobran a 180 días, a 200 días, impostos polas grandes compañías, que teñen que financiar as pequenas e medianas empresas, os autónomos. Cos seus propios recursos teñen que financiar esa enorme carga financeira...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ...que ás veces invalida o negocio.

E digo: o informe de ATA reflicte que esa é a opinión dos autónomos galegos, que din que ese é o período de cambio.

Señor conselleiro, debatamos de verdade cal sería a estratexia dos autónomos, que ten que ir moito máis alá da subvención curtopracista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Na miña réplica anterior, na toma en consideración da Lei de impulso empresarial, lamentei que os tres grupos da oposición fixesen un gran exercicio de hipocrisía. Pero, como vostedes sempre son capaces de superarse, o certo é que viñeron a esta comparecencia a regodearse nesa hipocrisía e pasárllela pola cara a todos os galegos. Iso é o que vimos neste momento.

Señor conselleiro, ¿acaso non lle parece un exercicio de hipocrisía que o Partido Socialista queira darnos leccións de creación de emprego? (*Aplausos.*) Atoparon España con dous millóns de parados e deixaron España con cinco millóns. E preguntan quen é o pai e a nai da crise. O pai chámase Zapatero, e a nai chámase Touriño (*Risos.*) E vostede traballaba moi cerca del. Naquela campaña do ano 2008, cando todo o mundo sabía que estaban afundindo España, o seu lema era: «*A por el pleno empleo*», señor Losada, *a por el pleno empleo*.

Señor conselleiro, ¿acaso non lle parece un exercicio de hipocrisía que os socios daqueles gobernos, os nacionalistas do BNG —que os apoiaban no Congreso—, digan que teñen agora a receita para crear emprego? ¡Home!, pois se a tiñan, ¿por que non a usaron? Porque foron goberno e non o fixeron. ¡Hipocrisía!

¿E acaso non lle parece un exercicio de hipocrisía o das Mareas de Podemos, que non puxeron nin unha soa proposta enriba da mesa sobre este tema? Claro que é hipocrisía, pero xa sabemos que ese é o seu discurso, o da oposición a todo. Porque, cando gobernan, o que mellor se lles dá é non facer nada, nada, (*Murmurios.*) e aí están todos os concellos, como ben recorda a señora Carmen Santos. Esa é a realidade (*Aplausos.*)

Señor Lago, eu nunca insultei en cámara parlamentaria a ninguén. Iso deixámosllelo aos seus correligionarios, ao señor Beiras, ao señor Villares, e aos seus compañeiros de grupo. Eu nunca lle faltei ao respecto a ninguén desta Cámara. O que si teñen que facer é escoitar o que lles digo, porque eu, cando falo aquí, falo en nome dun grupo que representa a maioría dos galegos. O 47 % dos galegos votáronnos; e a vostedes, o 19 %. E ¿por que vostedes falan en nome dos galegos, en nome da xente do común? Vostedes representan a unha pequena parte dos galegos. E eu creo que o seu malestar na súa intervención... ¿Sabe con que ten que ver? Ten que ver con que vostede non se sente cómodo no partido no que está. (*Aplausos.*) Vostede está nas Mareas de Podemos, que onte estaban con Otegi, ¡con Otegi!, percorrendo

as rúas de Barcelona. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nós aí non imos estar nunca, nunca. Estaba o seu partido. E eu entendo o seu malestar. Mire, eu pertenzo a un partido democrático, que nace coa Constitución española. Vostede milita nun partido, o Partido Comunista, que ten nas súas costas 100 millóns de mortos na historia da humanidade *(Aplausos.)* *(Protestas.)* Si, si, esa é a realidade. Vostede séntese orgulloso do seu partido, e eu síntome orgulloso do meu, que é o Partido Popular. Laméntoo moito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

Mire, vostede, falando desta cuestión, dixo que está mal que haxa moitas pequenas empresas, díxoo na súa primeira intervención, *(Murmurios.)* cando aínda falaba con normalidade. Tamén está en contra das grandes empresas. ¿Sabe que lle pasa? Vostede prefire que pechen todas as empresas directamente, as grandes e as pequenas. Porque hoxe dixo que había moitas pequenas e que iso era malo. Oia, eu creo que falta un pouco de coherencia nese discurso.

Mire, nós o que cremos é que non se lle pode dar a espalda á realidade. En Galicia a economía medra por riba do 3,2 %, por riba da media nacional, o paro baixa a un ritmo do 7 % inter-anual, o turismo bate récords históricos, as exportacións medran como nunca o fixeron e cumprimos coas nosas obrigas, cumprimos coas nosas obrigas. E, grazas a cumprir coas obrigas, a economía vai como vai e créase emprego neste país.

E agora ¿que pretendemos con esta axenda, con esta estratexia para autónomos? Pois que esta recuperación económica que se plasma nas cifras, que se plasma na creación de emprego, chegue tamén aos autónomos; con medidas concretas, que é o que demandan os autónomos.

Vostede vén aquí a falar con ese discurso que se desmorona, porque o populismo bebe da desesperación da xente, da crise. Vive desa situación. E esa situación está mudando en España, grazas a Deus, porque houbo un cambio de goberno, un cambio de rumbo. E chegou o Goberno do Partido Popular a España e chegou o Goberno do Partido Popular a Galicia. E vostedes ao final o que foron foi miróns de toda esta situación, porque nin fixeron antes nada nin fixeron nada agora por Galicia.

Así que entendo o seu malestar, señor Lago. Faga que llo miren. Dende logo, eu non lle vou faltar nunca ao respecto a ningún membro desta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Para pechar esta comparecencia, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, continuamos falando dos autónomos. Á señora Prado eu invitaríaa cordialmente a que escoitara de novo a súa intervención. Porque en ningún momento nomeou os autónomos. E eu creo que nese contexto é difícil desenvolver un debate. Porque o Goberno trae aquí

unha estratexia, trae aquí propostas, e co que se encontra —como lle dicía na miña primeira intervención— é con lugares comúns. E preguntalle ao Goberno —con toda lexitimidade— cal é o seu modelo produtivo. Mire, señora Prado, nós en abril do ano 2013 trouxemos a Lei do emprendemento e vostedes votaron que non. E votaron que non, por exemplo, á eliminación das licenzas municipais con carácter xeral.

En decembro dese mesmo ano trouxemos a Estratexia de especialización intelixente, e vostedes votaron que non á posibilidade de que Galicia puidera desenvolver unha política de innovación acorde á Unión Europea.

Trouxemos a Estratexia para a internacionalización, e entendo, entendo que a súa fronteira está en Galicia e de aí xa non podemos pasar, pero vostedes votaron que non tamén á Estratexia de internacionalización.

En abril do ano 2015 trouxemos a Axenda Industria 4.0, un programa de modernización do tecido industrial, e, unha vez máis, o Bloque Nacionalista Galego votou que non.

Trouxemos a Axenda 20 para o emprego, defendendo o emprego de calidade. Vostedes votaron que non.

Vostedes están en contra do Polo Tecnolóxico de Rozas. E están en contra de moitas iniciativas que están xerando emprego e que están xerando riqueza en Galicia, como Reganosa, como Ence, como Elnosa, e como moitos proxectos que, insisto, xeran emprego e riqueza en Galicia.

Eu creo que nese contexto, evidentemente, hai un modelo produtivo que vostedes non apoian, pero tampouco debaten sobre el nin lles interesa; polo tanto, eu si a invitaría, loxicamente, a que revise ese plantexamento. Agora traemos unha lei de implantación empresarial porque lles queremos facilitar os trámites administrativos aos empresarios. E vostedes plantexan de novo e anticipan unha negativa.

Señora Prado, así o debate é difícil, así o debate é difícil. Porque se o Goberno trae propostas e a única proposta é non falar desas propostas e dicir simplemente que non, pois entenderá que o debate é complicado. Incluso cando fala dos autónomos, na súa intervención eu non entendín se lles parecen moitos ou poucos autónomos. Aínda non teño claro cal é a súa posición, porque nun caso parécenlles poucos, noutro caso parécenlles moitos, e sería bo tamén centrar aí o debate.

En calquera caso, o Goberno trae unha serie de instrumentos, unha serie de propostas, que entende que poden facilitar o desenvolvemento do emprendemento e dos autónomos. E creo que sobre eses aspectos é onde hai que centrar o debate, e tamén loxicamente con outras medidas. E claro que este Goberno ten instrumentos para apoiar os autónomos. A nosa obriga é utilizar eses instrumentos e, polo tanto, darlles respostas concretas aos autónomos.

Preguntábame o señor Losada sobre medidas para incrementar o tamaño da empresa. Temos que centrar o debate, porque o tamaño é moi importante cando falamos de innovación e

cando falamos de internacionalización; porque, para que o tecido produtivo poida, efectivamente, acercarse aos parámetros internacionais e poida ser máis competitivo en materia de innovación e internacionalización, o tamaño é verdadeiramente relevante. Iso precisa de medidas, non é fácil. Porque non é fácil adoptar medidas dende o ámbito normativo para que se poida favorecer o tamaño, pero si hai que traballar nos instrumentos financeiros. E xa adiantei que nas próximas semanas se aprobarán os novos instrumentos financeiros innovadores que se establecen no marco Feder 2014-2020. Será unha oportunidade para favorecer, a través do financiamento, o incremento do tamaño das empresas. Pero tamén temos que traballar noutras iniciativas que están dentro da Axenda Industria 4.0, como é integrar as cadeas de valor nos principais sectores estratéxicos aquí en Galicia, ou como é, por exemplo, utilizar a loxística como un elemento competitivo para que as empresas tamén poidan mellorar a súa posición.

Polo tanto, o modelo produtivo ten que traballar tamén no tamaño da empresa e temos que traballar cos sectores produtivos para que os sectores produtivos tamén traballen nesa dirección.

Falábame vostede de falta de apoios institucionais. Voulle trasladar unha información que non ten un dato oficial, teño unha referencia. Cando o Goberno recibe unha proposta de investimento e hai un investidor que quere investir en Galicia, ¿sabe cales son as tres primeiras preguntas que plantexa con carácter xeral? A primeira son os trámites administrativos, porque saben que teñen que abordar un trámite administrativo na Xunta de Galicia e nos concellos e preocúpanlles cales son eses trámites administrativos. A segunda pregunta é a disposición do solo industrial, cal é ese prezo e cales son as condicións financeiras para abordar o solo industrial. E a terceira, os impostos, tamén os impostos municipais, porque, loxicamente, un empresario, cando ten que investir, ten que facer fronte aos diferentes impostos, e tamén aos municipais: o IBI, o ICIO, o IAE, as taxas de apertura, as licenzas de obra... En definitiva, esas son as preocupacións directas; despois, evidentemente, hai un marco de axudas en materia de innovación, en materia de industrialización, pero aí é onde, no eido institucional, centran as súas preocupacións. E a Lei de implantación empresarial —á que vostedes na toma en consideración votaron que non— intenta dar respostas concretas a esas tres preguntas. Centremos o debate da Lei de implantación empresarial e seguro que estaremos favorecendo o incremento do tamaño dos sectores produtivos, o incremento do tamaño empresarial e estaremos favorecendo tamén os autónomos.

O señor Lago eu creo que moitas veces se ve obrigado a dicir que non; esa é a miña impresión, que se ve obrigado, porque, claro, non podo crer que non estea de acordo co fomento da formación dos autónomos. E, por primeira vez, este goberno, na orde de ocupados, establece unha contía específica e reservada aos autónomos. Dos 22 millóns de euros, 3 millóns e medio de euros son especificamente para a formación de autónomos no eido da dixitalización e das novas tecnoloxías. Eu creo que sobre iso temos que debater. Seguramente pode ser insuficiente, pero marca unha tendencia clara de apoio aos autónomos. Igual que creo que o bono autónomo marca unha tendencia clara, porque eu estou de acordo con vostede. As subvencións da primeira implantación simplemente se non veñen acompañadas dun modelo de negocio e se non veñen acompañadas a futuro, por exemplo, co bono autónomo, para permitir homologacións do seu negocio, para permitir un posicionamento nas redes sociais e afrontar as novas tecnoloxías... Eu creo que sobre iso poderíamos estar de acordo. Pois iso é o bono

autónomo. Igual que creo que vostede estaría de acordo coas medidas de conciliación porque tamén aos autónomos temos que igualalos en dereitos, e, por suposto, co relevo xeracional.

Entón, cando me di que non están de acordo coa Estratexia Autónomo 2020, eu creo que é unha frase xeralista, pero que non responde, ou non debería de responder, á realidade porque creo —sinceramente creo— que cos tres grupos parlamentarios pode haber puntos de encontro nesta Estratexia e, seguramente, nas outras estratexias que eu plantexei anteriormente.

Polo tanto, creo que nesa dirección é na que temos que traballar, neste caso para favorecer os autónomos. Igual que creo, porque moitas veces é certo que son diferentes medidas, señor Lago, que ten que estar de acordo con que o Goberno dea incentivos para que os autónomos contraten traballadores, e está aí esa orde. Tamén creo que pode estar de acordo nesa orde que permite a creación de empresas impulsadas por varios autónomos, que vai orientada á mellora dos negocios e tamén ao crecemento deses negocios. Polo tanto, insisto, creo que son medidas nas cales poderíamos perfectamente chegar a un acordo, a un consenso e, sobre todo, para que os autónomos vexan que, efectivamente, tanto o Goberno como os grupos parlamentarios lles dan respostas concretas.

Na primeira intervención non lle dei resposta aos falsos autónomos. É unha preocupación deste goberno, claro que si. Os falsos autónomos por definición son unha fraude de lei e, polo tanto, a obriga deste goberno é, a través da Inspección de Traballo, identificar calquera iniciativa de calquera empresa que estea utilizando os falsos autónomos. No ano 2016 abríronse máis de 33.000 inspeccións de traballo e máis dun 6 % cunha apertura de inspección. E aí tamén, loxicamente, temos que loitar pola economía somerxida, xa que foron 4.500 empregos de economía somerxida que se detectaron, e tamén polos falsos autónomos. E este goberno, a través da área de emprego e en colaboración coa Inspección de Traballo, está loitando contra esa fraude de lei porque, efectivamente, os autónomos teñen que responder ás iniciativas de emprendemento e en ningún caso ser, a través dunha fraude de lei, un falso autónomo.

En definitiva —e termino—, con esta Estratexia, señorías, o Goberno o que quería era compartir, informar e, por suposto, identificar a través do debate iniciativas de futuro para traer medidas a un colectivo que foi fundamental e que sufriu coma ninguén durante a crise económica, pero que é un actor decisivo cando falamos de creación de emprego e cando falamos da recuperación económica.

E posiblemente hoxe ser autónomo en Galicia é moito máis doado que no ano 2009. Xa o trasladei, con carácter xeral non é necesaria a licenza previa, existen incentivos fiscais como os impostos cero no rural e hai unha estratexia que intenta complementar as medidas e que o Goberno de España tamén estableceu.

Hoxe tomamos en consideración a Lei de fomento e da implantación empresarial, que pretende ser un paso máis de apoio ao sector produtivo, e aí, loxicamente, temos que seguir apoiando os autónomos.

En definitiva, o obxectivo desta Estratexia non é outro que mellorar a posición do emprego autónomo en Galicia dando máis facilidades para que poidan emprender, sobre todo, para

que poidan seguir creando emprego de calidade e para que se encontren o ámbito normativo e o ámbito de incentivos máis axeitados para que Galicia sexa a comunidade autónoma na que en España poidan desenvolver mellor os seus proxectos os autónomos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

(A señora Solla Fernández pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señora Solla, para que quere a palabra?

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Con base no artigo 76.

O señor PRESIDENTE: En concreto, ¿cal é a alusión ou...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, perdoen, voulle preguntar. Teño dereito a preguntarlle.

¿Cal é a descualificación ou a alteración da conduta dun deputado que observou vostede no debate, no que vostede non estaba?

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: O señor Tellado verteu unhas declaracións bastante irresponsables nas que se insulta a totalidade dos comunistas. Eu son secretaria do Partido Comunista de Galicia; síntome, polo tanto, aludida...

O señor PRESIDENTE: Perdoe, perdoe... Non, non; non procede. Non procede. *(A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, perdón. Non, non. *(Murmurios.)* Foi... Perdoeme. Non estaba. ¡Non estaba! Non, perdoe, non estaba. *(A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non procede a palabra porque, perdoe, non estaba no debate. Non estaba no debate. Eu non observei unha descualificación nin da conduta... *(Murmurios.)* Non, perdoe. Houbo uns intercambios duros entre dous deputados sobre as orixes dun partido e doutro. Polo tanto, non vou conceder neste caso a palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Foi posiblemente un erro no que entraron os dous deputados, iso si que é posible, nunha comparecencia tan interesante como esta. Si que puido ser un erro dos deputados, pero non observei iso. Polo tanto, non procede. Non vou dar a palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Reanudaremos a sesión ás catro da tarde, ás 16.00 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e catorce minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto 3 da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co desmantelamento dos servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Raúl Fernández Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Engadir un novo parágrafo 2.bis, que quedará redactado co seguinte contido:

«2. bis Promover conxuntamente coa Administración xeral do Estado e co resto das comunidades autónomas de Renfe-Feve (ademais de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e Castela-León), a coordinación activa para a potenciación e mellora dos seus servizos.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción. Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1. Impulsar os traballos do grupo de traballo arredor do servizo ferroviario de ancho métrico constituído polas alcaldías das comarcas da Mariña, Ortegal e Ferrolterra; representantes de Renfe e da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.*
- 2. Facer oportuno seguimento das actuacións e medidas que se adopten no marco deste grupo de traballo acordado de cara a garantir o seu cumprimento por parte de Renfe e lograr a prestación dun mellor servizo ferroviario aos cidadáns.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Debatemos hoxe unha moción ao fío da interpelación que tivemos a oportunidade de facer coincidindo co último pleno do anterior período de sesións no mes de xullo, e que inclúe unha batería de propostas que están na súa maioría recollidas do estudo realizado pola Plataforma en Defensa do Ferrocarril Ribadeo-Ferrol, ou Ferrol-Ribadeo, o antigo Feve.

Desde que tivemos a oportunidade de interpelar a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Vázquez, a respecto desta situación que atinxe, como xa digo, a liña de ferrocarril ancho métrico, o antigo Feve, o que comprobamos —e ademais coa información que nos foi chegando e que nos foi facilitando precisamente a Plataforma— é que, lonxe de mellorar durante o mes de agosto e durante todo o verán, continuaron a producirse no antigo Feve retrasos continuos e supresións do propio servizo, maioritariamente motivados polo mal estado no que se atopan tanto as máquinas como a falta de mantemento da propia infraestrutura. Eu teño tres páxinas aquí, por se alguén tivese interese por consultar cales foron esas incidencias rexistradas durante o verán.

Malia todo, a Consellería de Infraestruturas continúa sen convocar —non o fixo durante o mes de xullo, tampouco durante o mes de agosto, e aínda levamos pouco, pero tampouco no que levamos xa de período de sesións—ese grupo de traballo que, como saben, foi constituído ou polo menos foi promovido o 8 de maio de 2017 deste ano, e que está integrado polas alcaldías dos concellos das comarcas de Ferrolterra, de Ortegal e da Mariña, alén de representantes de Renfe e de Adif, entidades que son responsábeis, como saben, tanto da operadora como da infraestrutura.

Non se ten feito nada por solucionar os numerosos problemas dos que nós xa dabamos conta na interpelación e que puidemos ir debullando polo miúdo na intervención cando formulabamos esa interpelación á conselleira, e semella que a intención, polo que non se ten feito ao longo deste último mes, é continuar, por parte do Goberno galego, de brazos cruzados.

Lonxe desa posición inmovilista, por parte do Bloque Nacionalista Galego quixemos aproveitar esta moción, que deriva desa interpelación, para poñermos enriba da mesa accións concretas, medidas específicas que poidan contribuír a rescatar, porque cremos que xa a situación non deixa outro cualificativo que non sexa o rescate do antigo Feve.

Neste senso, o primeiro punto, como poderían comprobar, cremos que é o máis urxente, e é precisamente que se convoque desde xa, desde que sexa posíbel —se pode ser hoxe que non se agarde a mañá—, ese grupo de traballo, que concentra as alcaldías e as representantes tanto do Goberno español como do Goberno galego, para que inicie os seus traballos arredor do servizo ferroviario de ancho métrico. Non podemos agardar máis se de verdade todas as forzas políticas con representación nesta Cámara, e tamén o propio Goberno da Xunta de Galiza, queremos recuperar este servizo e poñelo a funcionar de acordo coas necesidades da poboación destas tres comarcas, pero tamén das empresas que se atopan localizadas na cornixa norte do noso país.

Neste senso, no marco dese grupo de traballo —e son os seguintes puntos que compoñen a moción que defende hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego—, o que queremos é que se impulsen, sempre cun diálogo permanente por parte da Consellería de Infraestruturas con esas alcaldías e tamén coas persoas que integran a Plataforma pola Defensa do Ferrocarril Ferrol-Ribadeo, que son usuarias do servizo do antigo Feve, e que se inicien unha serie de accións que eu pasarei a explicar decontado.

Dunha banda, exixir a Renfe a reparación integral e a reforma de todas as unidades que actualmente compoñen a frota para eliminar —e non parchear— os problemas de fabricación

que se teñen detectado nalgunhas delas e tamén aquel outros problemas que son motivo da maior parte das incidencias que se teñen rexistrado, non nos últimos meses, senón case poderíamos dicir nos últimos anos.

Doutra banda, entendemos nós que hai que reclamarlle decontado a Renfe que dote do persoal e medios que precisa o servizo para garantilo nunhas condicións de calidade, atendendo tamén ás necesidades de mobilidade da poboación, tanto no referido aos talleres e máquinas, precisamente para dar solución de raíz aos problemas que atopamos nas máquinas, como tamén dotando de persoal, como poden ser maquinistas. Xa dixemos daquela que nos meses de verán non ían ser cubertas as vacacións de moitos deles, e que iso ía supor unha eiva para o propio funcionamento correcto do servizo, e sobre todo para os interventores. O que estamos vendo é unha denuncia —xa o dixemos no mes de xullo e volvemos repetilo agora— constante, e é algo que a nós nos parece absolutamente inadmisíbel, que é que o Feve viaxa case por norma en modo axente único, e iso supón demoras no propio tempo de transcurso do servizo. Saben que na medida en que se viaxa unicamente co maquinista o tren debe parar en todas as paradas, independentemente de que haxa persoas que vaian subir ou baixar ou non as haxa, e iso leva a moitas persoas a subir no Feve sen pagar o billete, en boa medida tamén porque hai moitas paradas nas que non se pode nin sequera mercar por falta de persoal. E outra cuestión que a nós nos parece tamén moi grave é o feito de que non se poden rexistrar o número de persoas reais que usan este servizo porque non se poden elaborar unhas estatísticas fiables na medida en que nin sequera temos conta das persoas que soben e baixan do propio servizo nin os billetes que se compran, porque, xa digo, en moitas ocasións nin sequera se mercan.

Nós entendemos tamén que para garantir un servizo de calidade que cubra —insistimos— as necesidades da poboación destas tres comarcas —que non son poucas persoas; estamos falando de máis de 200.000 persoas que abranguen estas tres comarcas—, pero tamén para vertebrar o noso país —temos que ter en conta que o antigo Feve é a única opción que non sexa o autobús ou o vehículo particular para esta zona, a cornixa norte do noso país—, é preciso redeseñar os horarios que existen hoxe e adaptalos, como xa digo, ás propias necesidades da poboación, sempre pensando nesa perspectiva de intermodalidade; é dicir, que se procure tamén, con esa revisión e redeseño dos propios horarios, adaptalos ás combinacións con autobús, por exemplo, que levan a esas persoas desde os apeadoiros do vello ou antigo Feve a outros núcleos poboacionais, ou incluso en moitos casos —estou pensando agora na comarca da Mariña— ao propio hospital; a posibilidade de que exista un bus lanzadeira que permita á poboación deslocarse ao hospital. Ou hai moitas persoas que o usan tamén para viaxar desde as comarcas de Ferrolterra e Ortegal para ir estudar ao campus da Coruña e que combinan o antigo Feve tamén co servizo de autobús.

Hai posta enriba da mesa unha proposta de redeseño deses horarios que formulou a propia Plataforma pola Defensa do Ferrocarril Ferrol-Ribadeo, do antigo Feve, que, ademais, parte dos horarios que están vixentes desde o ano 2014 e que non visa a incorporación de novas máquinas, senón que o que procura é unha xestión máis racional, pero tamén máis eficiente dun servizo con base no que xa temos. Non falamos de incorporar novas máquinas, insisto, senón de a partir deses horarios de 2014 e das máquinas que xa existen —pero, iso si, funcionando como deberían— adaptarse mellor e de maneira máis racional e máis eficiente ás

necesidades da poboación.

Por suposto, nós entendemos tamén que non debemos deixar de lado esa división de mercadorías. Temos unha potencialidade tamén para as empresas que se atopan localizadas nesa cornixa norte do país para que poidan ver unha oportunidade no transporte de mercadorías, no antigo Feve; e para iso tamén será preciso, non nos cabe a menor dúbida, que ademais de contar con esa división de mercadorías propia, dotada de medios e de persoal suficientes aquí na Galiza, se creen novas zonas e vías de carga que faciliten e promovan este transporte ferroviario das mercadorías.

Eu póñolles —e púxeno xa en máis ocasións— o exemplo da factoría de Alcoa, en San Cibrao. Ti estás na factoría e ves a 500 metros a vía do antigo Feve, pero non hai unha conexión directa da planta coa propia vía do tren, o que obriga a que as placas de aluminio teñan que ser transportadas, para ser subidas ao propio tren, por estrada. Isto permitiría desconectar tamén moito o tránsito rodado que hai nas estradas destas tres comarcas, e que é outro dos graves problemas co que nos atopamos nestas localidades, en moitas delas, por exemplo, entre outras, nas da Mariña de Lugo.

Como unha solución a medio ou longo prazo nós formulamos a que consideramos que é a única vía posíbel para termos un sistema ferroviario no norte do noso país, que atenda as necesidades do propio país, a vertebración territorial de Galiza e as necesidades da propia poboación, e tamén das empresas da Mariña, de Ortegá e de Ferrolterra, que é reclamar esas competencias da xestión do antigo Feve ao Goberno do Estado español. O que vemos de maneira constante é que ao Goberno do Estado español non lle interesa nin o máis mínimo a situación na que se atopa o antigo Feve. Se queremos de verdade poñer en andamento este servizo de acordo cos nosos intereses, o que urxe é que tomemos as rendas do noso propio futuro, e nese sentido que comecemos as xestións que sexan necesarias co Goberno español para facernos responsábeis desa liña.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Xa remato.

Simplemente, non lles estamos pedindo nada que saia do marco estatutario actual, é unha competencia prevista do Estatuto de 1981. Non lles pedimos que se volvan independentistas nin se declaren insubmisos, simplemente que exerzan as competencias que aparecen recollidas nel, e tamén —e xa remato— que desenferruxen, señorías do Partido Popular, o compromiso que adquiriu no ano 2009 a Consellería de Infraestruturas, que era o de crear unha entidade pública galega que xestione o ferrocarril deste país.

Máis nada por agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, boa tarde a todas e a todos.

Substanciamos hoxe, con esta moción do Bloque Nacionalista Galego, a interpelación deste mesmo grupo parlamentario debatida nesta Cámara no último pleno do anterior período de sesións, o 11 de xullo do 2017. Unha cuestión, servizos ferroviarios, Renfe e Feve en Galicia, que garda unha gran similitude co transporte ferroviario polas liñas tradicionais, no que se inclúe o transporte de proximidade, amplamente xa debatido, como digo, en pasadas lexislaturas e mesmo nesta lexislatura que acabamos de rematar no anterior período de sesións. E debemos, atendendo a esta similitude, entender o que está a acontecer nos servizos ferroviarios Renfe-Feve entre Ferrol e Ribadeo.

Lembremos o que deu de si a aplicación do Real decreto lei 22/2012, do 20 de xullo do 2012, amparado no disface de racionalización dos servizos ferroviarios, aprobado polo Goberno do señor Rajoy coa compracencia do señor Feijóo. Daquela, o conselleiro do ramo tamén repetía constantemente, como agora a señora conselleira: «Estamos a traballar moito para que as veciñas e os veciños teñan un transporte ferroviario acorde coas súas necesidades».

Todos coñecemos os resultados desa sobrecarga de traballo: a aplicación práctica dese decreto pola vía dos feitos situou o transporte ferroviario tradicional ao bordo da súa desaparición prematura e consentida polo Goberno galego.

Todas as accións acometidas e emprendidas foron na liña de debilitalo para xustificar o seu desmantelamento: peche de paradas de estacións, rebaixa e supresión de frecuencias, supresión de itinerarios, modificación de horarios a inadecuados para que puideran utilizarse menos, abandono da conservación das estacións, das infraestruturas, do material rodante, redución de persoal...

Non só apareceu o que estamos a debater hoxe tamén. Os efectos desas accións prexudicaron e prexudican os residentes dos pobos e vilas situados nos ámbitos dos itinerarios. Tememos que, ao amparo da palabrería —«traballamos, traballamos, traballamos»—, se repitan os negativos resultados xa descritos. Desta volta os damnificados xa están a ser e continuarán a ser as veciñas e veciños da Mariña, Ortegá e Ferrolterra.

E os antecedentes non invitan ao optimismo, porque, señora Rodil, o servizo ferroviario de cercanías, de proximidade, ten sido tan amplamente debatido nesta Cámara como ignorado polos gobernos central e autonómico do Partido Popular. Non é unha cuestión de feitos negativos amplamente aportados por vostede na súa intervención, nin sequera de argumentos sólidos coñecidos e recoñecidos que invitan ao desenvolvemento pleno do servizo ferroviario Renfe Feve Ferrol-Ribadeo. Tampouco é unha cuestión de diferenzas teóricas insalvables. Os últimos anos aprobáronse iniciativas similares nesta Cámara co apoio de todos os grupos parlamentarios. É unha cuestión de convicción e de vontade política, e tememos que o Goberno do Partido Popular non ten nin esa convicción nin esa vontade política.

En todo caso, as apelacións a «non é unha competencia», a «traballamos cada día», a «estamos en contacto co Ministerio permanentemente», sen que se perciban realidades, soan máis a poñerse de perfil que a afrontar unha situación —esta situación— cunha forte deci-

sión. A falta de solución aos veciños e veciñas pon de manifesto unha ineficacia e ineficiencia da señora conselleira e do propio Goberno galego realmente preocupantes.

Señora Rodil, toca seguir na loita para que algún día as veciñas e os veciños da Mariña, Ortegal e Ferrolterra teñan o transporte ferroviario ao que teñen dereito. O Grupo Socialista na súa aportación ten presentado unha emenda de adición —que esperamos que sexa aceptada— que pretende sumar forzas e crear sinerxías que amplíen o espazo territorial da actuación proposta, e que, sen dúbida, repercutirá positivamente tamén en Ortegal, Ferrolterra e A Mariña. De todos os xeitos, independentemente de considerala ou non, imos apoiar a súa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boa tarde.

A Xunta de Galicia, a pesar de non ter competencias directas sobre a liña ferroviaria, vén mantendo un continuo e reiterado interese por estes servizos e pola liña, e intenta e insiste na necesidade de contar cun servizo ferroviario competitivo tamén na Mariña, Ortegal e Ferrolterra. Faino comunicando os problemas de funcionamento dun xeito reiterado, faino tamén cunha comunicación para intentar solventar dun xeito inmediato as posibles incidencias que están xurdindo e efectivamente xorden, pero tamén o fai atendendo e reuníndose cos concellos, cos alcaldes da zona para que nesas xuntanzas sexan trasladadas as inxerencias e a problemática, e o que fai é trasladarllas inmediatamente a Fomento e requirilo para a súa mellora.

Tamén a Xunta —e por petición dela—, como consecuencia dunha proposición non de lei aprobada neste Parlamento no pleno de abril, celebrou unha xuntanza entre representantes do Ministerio, da Xunta e dos concellos afectados co fin de tratar a problemática e poder avanzar nestas solucións. Esta xuntanza —como vostede ben dixo— tivo lugar o 8 de maio e acordouse a constitución dun grupo de traballo para seguir avanzando.

Como punto de partida creo que tamén é importante recordar que Renfe elaborou un plan de actuación de ancho métrico en Ferrol que foi trasladado aos dezoito concellos destas comarcas e que adquiriu unha serie de compromisos en distintos ámbitos cun investimento previsto de 4 millóns de euros. Neste momento —como vostede ben sabe— estase a configurar ese grupo, xa hai trece concellos que nomearon os seus representantes, faltan cinco, todos dos partidos da oposición —incluso algún, señora Rodil, do BNG—. O que lle pedimos e entendemos é que deben nomearse canto antes estes representantes para poder seguir avanzando nese grupo de traballo.

Polo tanto, tamén entendemos que parece lóxico que sexa nese grupo de traballo onde se acheguen os compromisos, as fases, os plans, as distintas accións e se prioricen as distintas actuacións para poder —como digo— seguir avanzando.

Por iso presentamos unha emenda. Nesa emenda cremos que compartimos ese primeiro punto e que é posible e debemos de impulsar esta comisión canto antes. Pero, por outra parte, entendemos que non debemos de marcarlle con detalle os puntos que se deben tratar, porque para iso se crea a comisión, para valorar e ter en conta os puntos e as distintas accións, priorizalos e dar resposta ás demandas dos concellos, que estarán todos representados —se nomean dunha vez representante— nesa comisión.

Pero co que temos problema —e xa falamos disto noutras ocasións— é coa solicitude no punto terceiro da transferencia do Feve a Galicia. Como vostede ben sabe, trátase dunha infraestrutura que continúa cara a Asturias e outras comunidades autónomas, polo tanto, clara competencia estatal. Por outra parte, ademais, é unha liña deficitaria, definida como obriga de servizo público cunha compensación económica á operadora. E entendemos que non debemos de plantear que sexa Galicia e os galegos os que asuman esta carga deficitaria.

No que respecta á emenda do Partido Socialista de Galicia-PSOE, cremos que se pode apoiar. Estaríamos dispostos a apoiala cunha transacción desta proposición non de lei, se se chegase a producir. E moito máis despois do compromiso de onte no Congreso dos Deputados do ministro de Fomento no sentido de implementar un Plan de mellora das cercanías ferroviarias da cornixa cantábrica.

Entendemos que, polo tanto, este grupo e esta Xunta de Galicia —que sustentamos— imos seguir traballando e estamos comprometidos co Feve. Entendemos que é necesario implementar esas melloras. Entendemos que xa se deron pasos importantes este verán despois da última proposición de lei aprobada dentro desta comisión e con ese Plan de ancho métrico de Ferrol, con inversións concretas e con accións concretas. Hai que comprobar e controlar o cumprimento dese plan. E entendemos que todas esas medidas deben de facerse dentro desta comisión xa creada e respecto da que lles pedimos que os seus representantes nomeen canto antes esas persoas para formar parte.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Menos mal que o Partido Popular está comprometido coa liña Feve; se non, iría unha carreta con cabalos por aí.

O noso grupo vai votar favorablemente esta iniciativa coa intención de reverter o proceso continuo de deterioración que sofre a antiga liña Feve, unha liña que se está deixando morrer sen que se note que a están a matar, como aquelas películas nas que os mafiosos dicían: «que pareza un accidente».

O ferrocarril convencional está a sufrir unha merma no servizo continuada dende hai moitos anos, que no caso da liña Ferrol-Ribadeo —que transcorre pola cornixa cantábrica— é especialmente sangrante. Cada ano un pouquiño máis deteriorada, un proceso de desmantelamento silencioso e progresivo perpetrado por xente que di unha cousa mentres fai a contraria.

A deterioración dos servizos ferroviarios de vía estreita alcanza un ritmo insostible para os usuarios, os atrasos de 15-10 minutos están xa estandarizados, é frecuente que os trens cheguen con media hora de atraso e hai moitos servizos que recalán no seu destino con demoras acumuladas de ata unha hora. As cancelacións constitúen outro problema que se repite todas as semanas, ou por falta de material ou por avarías nas máquinas, obrigando os pasaxeiros a completar a ruta en autobús ou en taxi, buscando a vida porque non se lles proporciona ningunha alternativa ante a falla do servizo.

Dende mediados do mes de xullo ata mediados do mes de agosto —en dous meses— a Plataforma en defensa do ferrocarril contabilizou non unha, nin dúas, nin tres, ata noventa incidencias nesta liña. Os percances repítense e, sen embargo, os niveis de ocupación rexistrados neste mesmo período foron altos, pese a todos os esforzos por deixalo morrer. Iso si, Renfe non disporá de estatísticas que certifiquen o número de viaxeiros, debido a que a maior parte dos trens viaxan sen interventor, e moitos pasaxeiros viaxan gratis por non ter posibilidade de mercar billetes con estacións pechadas, sen servizo nos apeadoiros e sen interventores. Así será máis fácil convencer de que efectivamente non o matan, que foi un accidente.

Cada vez caen máis no olvido estacións e apeadoiros do mantemento básico: limpeza de vexetación, mantemento da iluminación —cando existe—, información..., transmitindo unha imaxe de abandono, parece que coa intención de que a xente deixe de usar o tren definitivamente, por se os seus atrasos, supresións e malos horarios non son de todo suficientes.

O señor Feijóo fixo recentemente unhas declaracións a favor de estudar a proposta de reformar o trazado ferroviario transcantábrico para convertelo en eixo loxístico de mercadorías e pasaxeiros, e o deputado Daniel Vega recentemente en Ribadeo falaba de que Rajoy e Feijóo están a facer grandes esforzos para mellorar a vida dos ribadenses, entre elas, as melloras na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo. Mais a realidade é a que é e é moi diferente á propaganda do Partido Popular. A realidade é que están a matar o tren Ferrol-Ribadeo, agochados, sen dar a cara, para que pareza un accidente, nada novo nas estratexias aniquiladoras do público do Partido Popular.

No eido das infraestruturas e a mobilidade debemos centrar a atención no tocante ao modelo produtivo, á sustentabilidade, á racionalidade, á seguranza viaria, á redución da dependencia enerxética e en proporcionar o mellor servizo á cidadanía. E para acadar estes obxectivos hai que facer todo o contrario do que vén facendo o Partido Popular.

Optimizar internamente o ferrocarril é unha cuestión estratéxica de cara a acadar estes obxectivos, e non que cada galego e galega teña unha vía de alta capacidade a menos de 15 minutos e que a conexión de viaxeiros vía ferrocarril con Madrid sexa algo máis rápida, únicas apostas en mobilidade dun Partido Popular sen proxecto de país.

No tocante ás mercadorías, converter esta liña nunha liña do século XXI permitiríanos conectar todos os portos galegos en rede a unha liña ferroviaria competitiva, conectando os portos do Atlántico e do Cantábrico a estes, á súa vez cos portos máis importantes de Asturias, Cantabria e Euskadi, que, xunto coa saída sur cara a Portugal, nos permite superar o modelo radial e así gañar competitividade e xerar novas oportunidades á vez que melloramos a nosa aportación contra o cambio climático.

Polo tanto, imos votar favorablemente a unha liña ferroviaria do século XXI para a cornixa cantábrica. Seguiremos traballando na defensa dun tren público e social de calidade. E sería moi bo para Galicia que o Partido Popular de Galicia se puxera do lado dos galegos e das galegas e que non vote como unha delegación do Goberno central á que lle parece ben que en Galicia teñamos liñas ferroviarias do século XIX.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo autor da moción, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

A ver se me dá tempo a responderlles a todo.

Vou comezar polas emendas, que non puiden posicionarme antes. A do Partido Socialista —con todo respecto, dentro da boa sintonía que temos nestas cuestións, polo menos desde que as debatemos aquí nesta lexislatura— non imos aceptala porque consideramos que non achega, en principio, ningunha cuestión a maiores das que nós formulamos.

A respecto da que presenta o Partido Popular, non imos aceptala. Estaríamos dispostas a aceptar como engádegas o segundo punto, que simplemente vén converter o Parlamento en seguidor do desenvolvemento dos traballos que se desenvolvan nese grupo que ha de constituírse, que aínda non foi constituído. Pero, como pode comprobar vostede, o que nos propón é liquidar a nosa moción e a batería de medidas que nós traemos hoxe aquí para o seu debate. E, en troca desa batería de accións, de medidas a implementar, o que nos chama é a caer niso do *laissez faire*, deixar facer, deixar facer, que cremos, polo menos desde o Bloque Nacionalista Galego, que é esa posición inmóbil á que nos trouxo até o punto no que estamos hoxe, onde o servizo está practicamente desmantelado.

Eu voulle contar a miña experiencia persoal na última viaxe no sistema ferroviario de ancho métrico e o que che di directamente o persoal que traballa —o pouco persoal que queda traballando— é que, se queres coller un billete de ida e volta, o que fagas, cando chegues á túa estación de parada, é chamar por teléfono antes de mercar o billete de volta, porque nunca se sabe se vai haber esa liña de regreso de novo, polas supresións dos servizos ou polas demoras.

E falábase antes aquí de que habitualmente rondan entre os 30 e os 45 minutos. Temos rexistradas algunhas de 65 minutos, o 16 de xullo de 2017, Ortigueira-Ferrol, 65 minutos de atraso. E outros moitos que directamente son suprimidos polas avarías constantes nas máquinas.

Eu creo que o que non podemos é quedar de brazos cruzados, con este argumento —que xa nolo deu a conselleira— de «*es que los alcaldes no responden*». Mire, a encomenda de convocar o grupo de traballo asumiuna a Consellería de Infraestruturas, non ten máis que lanzar unha convocatoria aos correos electrónicos das alcaldías que están representadas e que conforman ese grupo de traballo e convocalo; logo veremos quen está, quen non está e que decisións se adoptan no seu seo.

Tampouco estamos de acordo con que os traballos teñen que desenvolverse dentro dese grupo. Estamos no corazón político deste país, na Cámara de representantes. Nós non estamos aquí para facer —como parece a Xunta— de notario para vir rexistrando as incidencias que se sucedan dentro da propia liña do Feve. Para o que estamos é para tomar a iniciativa, xa que o Goberno parece que non a ten, e poñer enriba da mesa medidas e actuacións a medio, a curto, a longo prazo para dar unha solución definitiva, se é que hai vontade política de facelo. Porque é que eu creo que, chegados a estas alturas diante das votacións como a que imos ter hoxe aquí, ou se está do lado do mantemento do antigo Feve ou se está a favor do desmantelamento que xa está deseñado, que xa foi dalgunha maneira previsto polo propio Goberno español.

Non me queda máis tempo. Eu simplemente voulle dar unha cifra que reflicte ese compromiso do Estado español a respecto do antigo Feve. Mire, para o ano 2016-2017 había prevista unha partida de 12 millóns de euros dirixida ao mantemento, á mellora da calidade do servizo do antigo Feve, e o que fixeron a primeiros de xaneiro de 2017 foi reducila a 2 millóns e anular o resto da partida orzamentaria.

Sinceramente, o de reclamar as competencias é que é a única solución se queremos de verdade contar con servizos ferroviarios que atendan as necesidades deste país; o outro é palabrería barata. Así que teñen unha oportunidade —xa digo— de votar a moción. Ou se está coa moción —como dicían pola mañá— e a favor do Feve ou se está en contra do sistema ferroviario deste país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa política en materia de ensino no medio rural

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha autoemenda do propio grupo que formula a iniciativa.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Luis Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Propónse substituír o texto da moción polo seguinte:

<<O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1- Parar o peche e precarización dos centros educativos rurais respectando a máxima de que a garantía dos dereitos educativos da poboación primará sempre por riba dos criterios economicistas.

2- Garantir o dereito a unha educación pública de calidade no medio rural, constituíndo unha Comisión de Estudo na que teñan participación os representantes dos traballadores/as do ensino, a Mesa Galega de Educación no Rural, NEG, ASPG, representantes das ANPAS, mestres/as, educadores/as sociais, sociólogos/as, pedagogos/as, profesores/as das USC e organizacións e colectivos sociais implicados, para chegaren a unha diagnose das carencias estruturais que levan á cuase desaparición do tecido económico-social no rural.

3- Desenvolver un plan específico de formación do profesorado para que a súa incidencia nos centros educativos actuais e futuros do rural sexa cooperadora na necesaria recuperación que, si ou si, haberá que poñer en marcha.

4- Elaborar un Plan Integral de Recuperación e Dinamización do Rural que, ademais de aborda-la complexa problemática xeral do medio rural e diseña-las medidas correctoras necesarias, conte como pezas fundamentais neste labor, cos centros educativos existentes potenciando a súa modernización.>>)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de modificación a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto do punto 2 da moción polo seguinte:

<<2. Desenvolver un plan específico do ensino rural que inclúa, cando menos:

a. A importancia dos centros educativos do rural e da montaña como servizos básicos necesarios para a fixación de poboación

b. A consideración dos múltiples modelos existentes: escolas unitarias, CRA, CPI, CEIP, IES

c. As previsións sociodemográficas a medio prazo antes de realizar o peche dun centro.

d. Diminución da ratio mínima nos centros do rural ata os 3 alumnos e alumnas

e. Cobertura de postos de especialistas nos centros do rural para evitar o menoscabo na calidade educativa

f. Un programa de estabilización do profesorado no rural mediante incentivos.

g. Un plan de formación específica para o profesorado no rural de xeito que se aproveiten as potencialidades deste modelo educativo».)

O señor PRESIDENTE: Para defender a moción ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Iniciamos un novo curso e lamentablemente facémolo do mesmo xeito que o rematamos: lamentando o menoscabo nos dereitos sociais, o empeoramento dos servizos públicos, o desmantelamento paulatino do ensino público a favor do concertado; paso a paso pero firme, sen descanso, paso a paso pero firme, especialmente cando falamos do ensino rural.

Recordarán que hai apenas dous meses que nesta Cámara presentamos unha interpelación para falar deste asunto. Naquel momento era o asunto que máis preocupaba a comunidade educativa. Tivemos aquí familias dos colexios máis afectados, que ocuparon portadas aqueles días, familias do colexio de Outes e das Pontes, que o Goberno galego decidiu ignorar e seguir cara a adiante na súa negativa total e absoluta a escoitar a quen pensa diferente.

Naquel momento —como dicía— falamos da perda continuada de dereitos no sistema educativo no medio rural. Falamos de Outes, das Pontes, do peche das liñas da ESO no Porriño e de Ribadavia. Eran os casos máis soados, pero lamentablemente tampouco son os únicos, do plan do Partido Popular para desmantelar os servizos públicos no medio rural. Soamente neste curso Galicia perde 27 aulas en infantil e 15 en primaria. Tamén botaron 9 ferrollos noutras tantas escolas unitarias, que acaban por deixar en máis de 200 as unitarias pechadas nunha década.

Peches e máis peches. Peches nas escolas que acaban por ser a crónica dunha morte anunciada de pobos e comarcas enteiras. Son as cifras máis duras da política do Partido Popular de desmantelamento do ensino público, que, malia o seu discurso propagandístico da recuperación, teima en seguir antepoñendo os criterios económicos á calidade na educación. Deste xeito, cada ano miles de familias miran con preocupación cada inicio de curso para comprobar canto perderon respecto ao curso previo, se van ter esta vez mestra de infantil, se van ter mestre de música, especialistas en audición e linguaxe ou se, pola contra, van ter que desprazar os seus fillos e fillas a decenas de quilómetros en longos camiños de montaña que fan que un desprazamento que deba durar uns 10 minutos acabe mesmo en hora e media.

O certo é que se aprende moito cando se fala coas familias que teñen os seus fillos escolarizados nestas circunstancias. Por iso teño que lembrar as palabras dunha nai de Cervantes cando me dixo, cando empezaba como deputada nesta Cámara, que ao seu entender os dereitos non son caros nin baratos, son soamente dereitos. Seguramente as deputadas do Partido Popular xa me teñen escoitado esta frase, porque a verdade é que a repito moitas veces, penso que é difícil dicir máis con menos. Claridade absoluta a dunha nai que non entende por que os seus fillos teñen que ter un ensino de peor calidade por vivir no rural, que non entende por que a Administración dá as costas a un modelo educativo de tantas potenciali-

dades, que, en realidade, pode ser ben aproveitado e cos recursos necesarios sobre a mesa o do ensino rural.

Porque para En Marea a escola rural é un símbolo da nosa identidade, da identidade de Galicia e da súa xente. A xente do rural contribuíu por séculos a que este país conte cunha identidade propia pero tamén diversa e rica. Polo tanto, coidar o rural debería ser coidar do noso país. Como di ese famoso cantautor valenciano: «quen perde as orixes perde a identidade». E nós non queremos perder nin a nosa orixe nin a nosa identidade. Nesta misión de preservar a mesma, respectando a diversidade e promovendo a riqueza do país, a escola rural galega ten un papel moi relevante: está dirixida a previr e compensar as desigualdades de acceso, permanencia e promoción no sistema educativo das persoas que viven no medio rural, ao tempo que pon en valor as calidades propias e autóctonas de Galicia.

Sabendo isto e coñecendo o rol que xogan este tipo de sistemas educativos, non debera haber ningún reparo en defendelo e promocionalo; máis ben todo o contrario: debera ser un orgullo poder facelo. E non só polo comentado valor simbólico e identitario do mesmo, non só para garantir un dereito fundamental —que semellan motivos ben poderosos por si mesmos—, senón tamén porque estudos realizados sobre o tema demostraron que a escola rural está cargada de beneficios para o alumnado.

Fíxense en que non estamos falando de nada novo nin traemos un modelo exportado de países lonxanos. Podemos falar de casos cercanos como é o modelo de ensino rural de Castela-León. E —¡oh!, sorpresa— traemos aquí unha comunidade na que non gobernan os nosos amigos, goberna o Partido Popular. Miren que hoxe imos mesmo dicir algo positivo dun goberno do Partido Popular, porque resulta que o seu modelo de escolas rurais din os especialistas que funciona razoablemente ben. Todo depende do enfoque, claro, porque alí o conselleiro de Educación fala de que os centros de ensino rural, con ratios moi baixas, son moi positivos, xa que, lonxe de ser un demérito, acaban por ser como clases particulares para os rapaces.

Atención personalizada e non aulas ateigadas, aínda que nesta Cámara escoitáramos dicir que o mesmo dá ter nunha clase 10 que 20, que 30, que 50, porque en ningún sitio estaba documentado que 50 alumnos nunha aula fora peor que ter 10. Pois resulta que o conselleiro de Castela-León non pensa igual e cre que, claro, se tes que atender 5 rapaces resulta moito máis beneficioso que se tes que atender 30, porque tes máis tempo para dedicarlles. Cousas que supoño que inventaría o seu conselleiro.

Resulta que tampouco teñen un presidente nesa comunidade que dea declaracións poñendo en cuestión este modelo educativo. Non saíu o presidente de Castela-León nos medios de comunicación dicindo que «isto das escolas rurais está un pouco anticuado e que, total, ¿para que?».

Resulta que en Castela-León a escola rural é unha aposta e unha peza fundamental no éxito do sistema educativo, que acada resultados moi elevados nas diferentes avaliacións realizadas; resultados tan positivos que lle carrexaron o alcume de «Finlandia española», por ser este o modelo que normalmente se utiliza entre os especialistas para falar de alta calidade educativa. Oportunidade e non problema, recursos e non recortes. Cambiar a óptica, en definitiva.

E diso trata a nosa moción, porque a situación o demanda, porque a sociedade o demanda e o momento de tratar de darlle a volta a esta situación é agora. ¿Ou acaso non escoitamos mil veces que esta era a lexislatura do rural?

¿Que propoñemos dende En Marea? En primeiro lugar, garantir o dereito a unha educación pública de calidade no medio rural, constituíndo unha comisión de estudo na que teñan participación os representantes dos traballadores do ensino, a Mesa Galega de Educación no Rural, representantes das ANPA, mestres e mestras, educadores e educadoras sociais, sociólogas e sociólogos, pedagogas, profesoras das universidades galegas e organizacións e colectivos sociais implicados para paliar o desequilibrio territorial.

En segundo lugar, desenvolver un plan específico de ensino rural, tal e como o veñen demandando todas as persoas que traballan nesta materia durante anos; desenvolver un plan específico que considere a importancia dos centros educativos do rural e da montaña como servizos básicos necesarios para a fixación da poboación. Porque isto é o conto do ovo e a galiña: ¿que é primeiro: desmantelar servizos públicos e logo lamentarse de que non hai poboación?, ¿ou ao revés? Seguramente non imos coincidir na diagnose, pero no que podemos coincidir —no que deberíamos coincidir, porque é evidente— é que vai ser imposible frear a sangría demográfica que padece o interior de Galicia mentres non se teñan garantidos os servizos públicos de calidade en todo o territorio. A lóxica parece simple: ¿que familia vai vivir nun pobo no que acaban de pechar a escola?, ¿que familia se vai trasladar a vivir a un pobo no que acaban de pecharlle a escola? É unha cuestión de dereitos fundamentais, de dereitos constitucionais, pero é tamén unha medida demográfica de primeira orde, un tema que parecía que preocupaba moito ao Goberno neste ano.

Un plan específico que, por unha banda, teña en conta os múltiples modelos existentes —escolas unitarias, CRA, CPI, CEIP, IES—, de xeito que se garanta a máxima calidade en todos eles e non se aposte a priori por un modelo que non sabemos por que, porque aínda somos incapaces de entender neste Parlamento as xustificacións que deron cos últimos peches.

Por outra banda, o plan debería incluír previsións sociodemográficas a medio e longo prazo antes de realizar un peche. Dicíao antes: pechar a escola é como poñer data á defunción dun pobo, asumindo que non se van manter escolas abertas de xeito permanente sen alumnado. Para que logo non teña que escoitar cousas da miña boca que non dixeran, argumentos pouco solventes, xa o estamos dicindo: asumimos que non se van manter de xeito indefinido. Pero consideramos necesario analizar, antes de decretar o peche dunha escola, cal vai ser a previsión demográfica a medio e longo prazo. Porque igual este ano, efectivamente, hai un descenso importante de poboación, pero pode ser que dous ou tres anos despois houbera alumnado suficiente para esa escola. E o que si que sabemos é que, unha vez que se pecha, nunca máis se volve abrir.

En terceiro lugar, o plan debería diminuír as ratios mínimas nos centros do rural, baixando ata os 3 alumnos, tal e como se fai noutras comunidades que entenderon a necesidade de dar un tratamento especial a situacións especiais.

A nosa proposta trata de dotar dunha protección especial os centros do rural, por entender que teñen unhas necesidades específicas e iso require medidas diferenciadas. Nós pensamos

que é necesario tratar de xeito diferente situacións diferentes, porque só así estaremos en vías de garantir igualdade de oportunidades educativas a todos os rapaces e rapazas de Galicia.

Igualdade de oportunidades educativas que require tamén da cobertura de especialistas nos centros educativos. Porque non se trata só de ter abertos os centros, trátase de que alí se imparta a mellor calidade posible. Por iso propoñemos tamén que o plan conte cun programa de estabilización do profesorado nos centros do rural, mediante incentivos. Trataríase de manter un diálogo aberto coas organizacións sindicais de xeito que se busque o mellor xeito de garantir maior estabilidade no profesorado do rural, porque, como saben, é nesas centros onde o profesorado rota máis.

E, por último, entendemos necesario que o plan inclúa un programa específico de formación para o profesorado, de xeito que se dote os profesionais das ferramentas necesarias para aproveitar todas as potencialidades deste sistema.

E, en terceiro lugar —e por último—, propoñemos a creación de centros rurais de investigación educativa, espazos educativos con ampla experiencia e recoñecemento pedagóxico en apoio á socialización e á aprendizaxe. Eses centros, xa existentes noutras comunidades do Estado, están dirixidos a fomentar a innovación, a colaboración, a investigación, a formación e o desenvolvemento da escola rural como o que debe ser: todo un referente educativo. Asemade, facilitan a convivencia do alumnado e o profesorado e subministran recursos educativos ás pequenas escolas de cada comunidade, que entendemos que serían de grande utilidade para Galicia.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Que o rural lle importe un pito ao PP como non sexa a xeito de canteira de votos e asentamento caciquil é manifestamente certo. (*Aplausos.*) É unha verdade irrefutable, anos e anos de goberno con competencia plena en agricultura e educación e velaí. Claro que a culpa é basicamente nosa, do país, de nós os administrados, unha poboación dispersa e unha agricultura sen vocación de presenza —e isto é case testemuñal—, cunha gandería en crise existencial continuada e un monte sen vocación de existir, aínda que cun enorme potencial calorífico. Claro que aínda onte o rural daba acubillo a máis da metade da poboación galega e daba vida e alimentaba excedentariamente en réxime de autoconsumo todo o país dos gallegos. Xa sei que moitos de vostedes non o cren, *es tan bonito el rural gallego...*

Aqueles que lograstes saír daquel inferno onde se acostumaba odiar a realidade por sistema, onde se anatemizaban bosta e corredoira, idioma e futuro, onde a meta era fuxir a calquera

prezo, pois ben, vós, os triunfadores dese mundo, non ides concordar coa realidade desta nostalxia prehistórica. Pois si que houbo un último e titánico esforzo que foi radicalmente abafado por medio de cotas lácteas que impediron un soño posible, a esperanza de redención que exixiron os agraristas de antano; a realidade dun país dinámico, moderno, cun campo e cun campesiñado acordes cos tempos desa Europa que nos puxeron como engado, coma cebo, para que picáramos no anzol. Amargas grazas, señores, misión cumprida, xa estamos nas porcentaxes demográficas que marcan esa mínima dedicación ao sector primario. Xa somos modernos, o señor Fraga dorme en paz o sono dos xustos.

E agora toca dismantelar o pouco que había feito e quedaba —xa hai anos que andan niso—. Agora os últimos retoques claman ao ceo, doen —eu diría que lles doen tamén a vostedes, señores do PP—. Os comedores con cociña e comida decente foron substituídos por inefables *caterings*; os colexios rurais, reducidos á mínima expresión en persoal e matrícula; a Preescolar na Casa —ese invento marabilloso que puidemos paladear os mestres das unitarias e dos centros educativos das vilas—, ese programa que era a tan soñada, polos que aínda cremos na pedagogía, escola de pais posible, vostedes déronlle o tiro de graza —e vai xa para uns anos—.

Nós, desde o BNG, vimos dicirlles que o ano vai rematar e a súa militancia en Galicia non se deixou ver. O ano do rural causa risa. Mágoa que esa risa doe. Vostedes van polo rural de vacacións, de festa en festa, de paparota en paparota: polbo, empanada e carne ao caldeiro —sardiña xa non, que non a hai—. (*Murmurios.*)

Desde o BNG propoñemos outro texto resolutivo, porque nos parece que este noso rural ten xa demasiados parches e precisa de solucións urxentes e totalizadoras. Non se parece en nada ás intervencións do señor Tellado desta mañá. (*Aplausos.*) Un rural que non visualice un futuro esperanzador, cunha poboación vella, sen proxecto común, sen entidade, sen posibilidade de mellorar, é un rural agónico. Por iso faise... (*Murmurios.*) —non dialoguen— (*Risos.*) ...imprescindible poñer couto a esta situación e ¡darlle a volta! (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor, non é vostede o presidente, grazas a Deus, ou non sei a quen... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Parar o peche e precarización dos centros educativos rurais. É urxente quedar como estamos de momento. Garantir o dereito a unha educación pública de calidade sen entender disto. Desenvolver un plan específico de formación do profesorado para que axude a levantar o medio rural —e isto é importantísimo, e sabemos diso os que traballamos no rural, e eu traballo alí e sigo vivindo alí, eu non escapo, ¡eh!—. Elaboración dun plan integral de recuperación e dinamización do rural que, ademais de abordar a complexa problemática xeral do medio rural e deseñar as medidas correctoras necesarias, conte como pezas fundamentais neste labor cos centros educativos existentes, potenciando a súa modernización.

Xa sei que non se enteran de nada, porque este ano do rural do que vostedes falaban hai que convertelo nun decenio do rural, si; e, mal que lles pese, habémolo facer, tanto se lles parece ben coma se non, e eu hei de velo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Despois desta tensión metafórica ou literal posvacacional, creo que cómpre tomar en serio un asunto como a moción que trae aquí hoxe o Grupo Parlamentario de En Marea, que, en certo modo, coincide moito cunha proposición non de lei que tamén presenta o Grupo Parlamentario Socialista neste mesmo pleno e que xa se debaterá no seu momento.

É certo —como se dixo pola representante de En Marea, señora Chao— que hai experiencias noutras comunidades autónomas, experiencias moi interesantes, moi produtivas e, ademais, moi exportables, aínda que poden ter outras realidades desde o punto de vista xeográfico e de distribución de poboación, pero moitas similitudes desde o punto de vista da dispersión e da necesidade de atención a alumnos no medio rural. E, polo tanto, se hai comunidades autónomas que teñen avanzado xa nesa senda, non hai por que non empregar eses coñecementos, esa experiencia adiantada que teñen con respecto á nosa comunidade autónoma.

É certo tamén, como se dixo aquí, citando a alguén do Courel —creo—, que os dereitos non son nin caros nin baratos, é dicir, non teñen prezo; teñen un custo evidentemente, pero non se poden cuantificar en termos de se son ou non custosos, porque son dereitos, e, polo tanto, é necesario que quen goberna faga efectivos os dereitos desa poboación.

De todos modos, aquí temos un pequeno lío, que non me quedou claro en base á iniciativa de En Marea e ás emendas e autoemendas —tanto a emenda do Bloque Nacionalista Galego como a autoemenda por parte de En Marea—, que me gustaría que se clarificara antes de proceder á votación. E, polo tanto, entendo que no turno de peche do grupo autor da iniciativa se nos indicará claramente que partes aceptan e cales non. Porque é que me parece cando menos pintoresco que por parte da emenda do Bloque Nacionalista Galego, na súa emenda de substitución, se elimine calquera referencia aos centros rurais de investigación educativa, aos cales se fixo referencia explícita e extensa e acertadamente por parte da ponente de En Marea con respecto a outras comunidades autónomas, que non aparece na emenda de substitución do Bloque Nacionalista Galego. Entendo que, antes de proceder á votación, chegarán vostedes a algún tipo de transacción que logo nos comunicarán ao resto dos grupos, en particular ao meu, ao Grupo Parlamentario Socialista, posto que nos gustaría ter claro se imos votar que se aposta pola creación deste tipo de centros —que, como se dixo, si que existen xa noutras comunidades autónomas— ou non.

Tamén nos chamou a atención, dentro das emendas desta moción, que a autoemenda do Grupo de En Marea —non quixera resultar nin de lonxe ofensivo, saben que pretendo que non sexa a miña forma de interlocución, aínda que entendo que a miña vehemencia ás veces me leva a eses derroteros— digamos que ten unha profundidade variable en canto ao seu nivel de profundización na proposta, de tal xeito que nalgún sitio se fala da diminución da ratio mínima nos centros do rural ata os 3 alumnos e alumnas, se fala dun programa de estabilización do profesorado no rural mediante incentivos —ao cal é certo que en certo modo fixo vostede referencia— e un plan de formación específica para o profesorado no rural de xeito que se aproveiten as potencialidades deste modelo educativo. Entendo que este último

apartado, en concreto, da súa autoemenda invalida en certa medida a anulación dos centros de investigación educativa rurais aos que fixen referencia antes, que non figuran na emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, nós a priori imos apoiar esta moción, porque —insisto— vai na liña no que xa defendemos no seu momento —como tamén fixo vostede referencia e así é— con respecto á problemática que houbo a final do curso pasado, no mes de xuño. É necesario que se chegue a un consenso por parte de todas as forzas políticas para defender un modelo educativo que estableza o rural. Como dixo o deputado ao que me vou referir cariñosamente como Mini moi acertadamente, non deba ser a lexislatura nin o ano, deba ser o decenio, e deba ser a vida do rural permanentemente. É dicir, é un elemento identitario desta comunidade autónoma e, polo tanto, é necesario apoialo en todos os campos e, en concreto, en educación, que é do que estamos a falar nesta moción.

Pero —insisto— necesitamos ter claro que é o que imos votar e agradeceríalle que, antes de que se procedera á votación, se comunicase ao noso grupo parlamentario cales son os extremos da moción que imos acabar votando, se transaccionaron ou non, se aceptan ou non a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

E unha última referencia, aínda que este sería un debate extraordinariamente extenso, fóra evidentemente do ámbito parlamentario. Tampouco é excesivamente prudente ligar ratios e rendemento académico nin calidade educativa. Hai un factor do que nunca se fala e seica algúns dos que están neste hemiciclo van entender a importancia que se lle dea á formación do profesorado en todos os ámbitos e, en concreto, naqueles contextos onde vai desenvolver a súa docencia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario Popular de Galicia, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Álvarez, vou compartir con vostede unha percepción. Vostede falaba de que era como un pequeno lío este tema das emendas e autoemendas, eu vou cambiar un pouco a cualificación. A min resultoume desconcertante cando onte recibo a autoemenda de En Marea emendando a súa propia moción, ese foi o meu primeiro sinal de desconcerto. Hoxe tamén levei un lixeiro desconcerto cando a interpelación que deu causa a esta moción foi defendida no seu día pola señora Cuña e hoxe a moción a defende a señora Chao. En definitiva, un desconcerto que despois, aínda por riba, foi en aumento cando se trae unha moción que pretendidamente pretende defender o ensino no rural e que, dalgún xeito, pretende defender o rural e ao final o que se fai dende esta tribuna é articular un discurso de desprezo do rural que, dalgún xeito, parece que o que quere é provocar que se baleiren as escolas do rural para

despois poder reforzar o discurso político que queremos transmitir á sociedade. Iso xa lle digo que é profundamente desconcertante e esa foi a sensación que eu levei agora cando estaba escoitando.

Mire, en primeiro lugar, cómpre sinalar que as políticas educativas procuran garantir a igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas de Galicia; polo tanto, evidentemente, tamén para os do rural. E esa é obriga do Goberno. E, polo tanto, garantir a igualdade de oportunidades no eido educativo é un alicerce básico sobre o que se asenta o constructo de todo o sistema educativo galego. Calquera acusación de discriminación cara á escola no rural que poidan facer dende os grupos da oposición é simplemente falsa, e afortunadamente é a propia realidade do sistema educativo galego a que se encarga de desmentir esa falsidade. Vostedes saben perfectamente que o ensino no rural está garantido, tanto a nivel orzamentario coma de dotación de servizos e de profesionais. Pero, ademais, tamén saben que é a obriga dunha administración responsable adaptar o servizo á realidade social e ás características poboacionais de cada territorio.

A Consellería está a facer un importante esforzo para apoiar os centros educativos do rural galego, tanto a través do impulso de plans novidosos específicos como dos programas de linguas estranxeiras, como favorecendo a súa participación nas estratexias de implantación nas novas tecnoloxías.

Como ben saben, neste curso —e mencionárono— deixaron de prestar servizo educativo nove escolas unitarias en Galicia debido á falta de alumnado; unha medida que se toma adoptando un criterio fixo, obxectivo e coñecido por todos, que é o de manter abertas as escolas unitarias que teñan 6 ou máis alumnos e pechar as que queden por debaixo desta ratio de demanda. Como digo, un criterio fixo, obxectivo e coñecido por todos, o que permite eliminar a arbitrariedade da decisión de pechar unha escola unitaria. Curiosamente, cando algúns dos que hoxe están na oposición gobernaban, non tiñan reparo en pechar escolas unitarias con 9 alumnos, saltando este criterio obxectivo e, polo tanto, dotando de incerteza e de arbitrariedade a decisión de pechar ou non escolas unitarias.

Pero é que, ademais, levan tempo repetindo un argumento falaz que eu pensei que xa quedara perfectamente desmontado no debate da interpelación que suscitou a moción que hoxe estamos a debater aquí, que non é outro que o da confusión de causa e consecuencia na complexidade da análise do devalo demográfico. ¿Non hai poboación porque non hai servizos ou non hai servizos porque non hai poboación? Dende logo, a cuestión é moito máis complexa do que a simple vista aparenta a resolución da mesma e excede, de feito, o contexto do debate que hoxe estamos a manter. Pero o que cómpre deixar clara hoxe é a falsidade do argumento que vostedes reiteran de que o Goberno pretende desmantelar o ensino no rural; un argumento que cae polo seu propio peso cando se somete ao xuízo da realidade.

Como vostedes saben, a poboación de Galicia concentrada nas localidades do rural —se entendemos por rural todos aqueles concellos de menos de 10.000 habitantes— representa o 29,53 % da poboación total galega. E, se falamos do alumnado que cursa os seus estudos no rural galego, representa o 18,6 % do total do alumnado de Galicia. Pois ben, curiosamente os centros educativos que se sitúan no rural galego —é dicir, nos concellos de menos de

10.000 habitantes — representan o 44,36 % dos centros educativos de Galicia.

Falábase esta mañá na Cámara de Hannah Arendt e da súa concepción sobre a verdade e a mentira. Pois ben, resulta acaído para este debate recoller tamén esa referencia e aplicala ao que a oposición leva tempo dicindo sobre o ensino no rural.

Falaba Arendt na súa obra *A verdade e mentira na política* da arrogancia fatal que supón pretender amoldar o mundo á teoría a través da mentira. E vostedes están unha e outra vez repetindo a mentira do desmantelamento do ensino no rural coa intención de que esa infinita reiteración da mentira remate por intentar converter esta mentira en verdade. Pero como vostedes ben saben, e como a sociedade galega se encarga de demostrarlles unha e outra vez sempre que ten ocasión, o engano remata sempre retrocedendo fronte á realidade.

Dende o Grupo Parlamentario Popular cremos sinceramente que o ensino no rural en Galicia é un bo ensino, grazas, entre outras cousas, ao esforzo da Administración, á profesionalidade dos docentes e á implicación de toda a comunidade educativa. Agora ben, isto non implica que a Administración, no exercicio da súa competencia, non teña que tomar decisións para reorganizar a estrutura e a oferta deste servizo e para garantir a súa sustentabilidade e calidade.

En definitiva, señorías, o ensino no rural está garantido en Galicia tanto a nivel de orzamentos como a nivel de profesionais, e sempre tendo en conta a realidade demográfica e socioeconómica para conseguir que este servizo sexa —como xa é— dunha gran calidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da moción, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: En primeiro lugar, aceptar e agradecer o interese do Grupo Socialista e do Grupo do BNG para a nosa moción.

Señor Álvarez, desculpe, non acabei de entender parte da súa intervención porque —que eu saiba— o habitual é que ninguén se pronuncie respecto das emendas ata a réplica, é o funcionamento habitual nesta Cámara. Entón, será na réplica cando me pronuncie respecto das emendas.

Non teño nada que comentar, non sei, pretendeu confundir un pouco a emenda do BNG coa nosa cando, ou non o entendemos ben, ou non nos parecía moi coherente. O BNG poderá presentar as emendas que considere, e logo nós diremos o que nos parece ben ou non, (*O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.*) non están interrelacionadas.

Non tivemos aínda ocasión de falar coas compañeiras do BNG, pero buscaremos unha transacción porque entendemos que son compatibles. O que si que podemos adiantar é que nós estaríamos dispostos a aceptar o punto 1 e o punto 4 como de engádegas á nosa moción.

¿De por que nós presentamos unha emenda á nosa moción? É porque entendemos que, se comparamos o contido, é practicamente idéntico o que tiñamos presentado ao de agora, é simplemente que está expresado doutro xeito que entendiamos que o facía máis comprensible. En todo caso, buscaremos unha transacción que, dende logo, se comentará.

Respecto das palabras do señor Fernández Gil, ¿que quere que lle diga? Aquí hai que escoitar de todo. Esta mañá escoitamos que queremos pechar as fábricas de Galicia, logo escoitamos que queremos vaciar as escolas... E total, ¿para que? ¿Para que lle vou contestar? ¿Para que imos perder o tempo en contestar unhas burdas e tan estúpidas simplificacións que non levan a ningunha parte? Entón dá igual. Vostede pode perder o tempo, os datos son os que son. Todos sabemos que están aí 200 unitarias menos nunha década, 200 escolas menos nunha década, entón, deámoslle as voltas que queiran.

Vostede non quixo explicar por que non queren apoiar un plan específico de ensino no rural, e non por habitual deixa de ser indignante a súa negativa constante a todas as propostas dos grupos da oposición. Claro que, unha vez máis, os seus feitos defínenos moito máis que as súas palabras. E neste caso a súa negativa é unha proba máis —unha de tantas— da tomadura de pelo que supón para toda a cidadanía de Galicia esa lexislatura do rural.

Tal e como nós entendemos a lexislatura do rural, debería ser a lexislatura das persoas que viven no rural, porque, se non, non parece que teña moito sentido. Debería ser a lexislatura de garantir os dereitos das persoas que viven no rural; de facer todo o esforzo posible para mellorar a calidade de vida destas persoas. ¿Vostedes están satisfeitos?

O que resulte coa lexislatura do rural do Partido Popular é un bonito slogan, fume e nada máis, ao que nos teñen acostumados. ¡Unha mágoa!, porque como comentei na primeira parte da miña intervención, a escola rural non só é un modelo educativo, de demostra de eficacia, ten moitos outros beneficios, tamén sociais. Os estudos realizados teñen demostrado que as escolas rurais teñen importantes beneficios sobre a socialización dos nenos e das nenas, relacións cercanas e fluídas entre a comunidade educativa e o profesorado —algo que a vostedes non lles gusta moito—. Mais é certo que estes centros tamén teñen problemas, e ¿saben cal é o principal? O principal é o abandono do Goberno do Partido Popular. O principal é o que acabamos de comprobar aquí. Como vostedes: palabras, slogans, todos os que queiran. Agora, cando hai que poñer recursos sobre a mesa, o compromiso co rural queda en auga de borrallas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Se hai unha transacción, xa nola fai chegar.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción. (doc. núm. 12711)

Emenda de modificación.

Propónse modificar os seguintes puntos:

-Modificación do punto 1, quedando redactado como segue:

<<1. A transformación do actual FCI (Fondo xeral e fondo complementario) nun instrumento real de desenvolvemento cuxos obxectivos se verifiquen na próxima década, revertendo o incumprimento para con Galiza desde a súa creación.>>

-Modificación do punto 2, quedando redactado como segue:

<<2. O incremento substancial do volume de recursos a aplicar no Fondo, marcándose como obxectivo que Galiza non reciba menos do 5% dos gastos non financeiros liquidados.>>

-Modificación do punto 6, quedando redactado como segue:

<<6. Incluír nas modificacións a obrigatoriedade dunha estratexia de desenvolvemento proposta por cada Comunidade Autónoma, acordada nos respectivos Parlamentos e suxeita a programas específicos que conteñan as actuacións e medidas concretas.>>

-Modificación do punto 7, quedando redactado como segue:

<<7. Incorporar unha ferramenta de avaliación non externalizada ex-ante e ex-post dos programas en que se concreta a estratexia de cada comunidade.>>

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado José González Vázquez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción. (doc. Núm. 12711)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, unha vez concluída a reforma do sistema de financiamento actualmente en proceso, demande do Goberno de España o inicio dun proceso de diálogo coas comunidades autónomas para a reforma legal do Fondo de Compensación Interterritorial, de xeito que a nova regulación contemple:

1. A transformación do actual FCI (Fondo xeral e Fondo complementario) nun instrumento potente e efectivo de desenvolvemento rexional.

2. O incremento substancial do volume de recursos a aplicar ao novo Fondo, de xeito que se estableza nunha porcentaxe do PIB que permita alcanzar inicialmente as dotacións previas á crise económica.

3. *A consideración do gasto non financeiro da Administración Xeral do Estado como base de cálculo, para elevar a estabilidade dinámica (reducir a variabilidade cíclica) do novo fondo.*

4. *O criterio de selección das comunidades beneficiarias, que debe ser o nivel de renda por habitante inferior ao promedio español.*

5. *Unha reconsideración dos criterios de asignación dos recursos do novo fondo entre as comunidades beneficiarias, que manteña unha compoñente redistributiva (poboación ponderada pola inversa do nivel relativo da renda por habitante de cada comunidade) e unha compoñente distributiva, determinada fundamentalmente en función de variables territoriais que reflicten o asentamento poboacional, e, subsidiariamente, considere outros factores que condicionen o desenvolvemento económico e social.*

6. *O Consello de Política Fiscal e Financeira establecerá as grandes liñas estratéxicas de actuación ás que se dirixirá o novo fondo, que serán recollidas na planificación estratéxica das ccaa destinatarias do mesmo.>>)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente.

Señoras e señores deputados, boas tardes.

Efectivamente, antes do verán, no último Pleno tivemos ocasión de interpelar o conselleiro de Facenda en relación con este tema. Nós queríamos chamar a atención sobre a importancia que ten o Fondo de Compensación Interterritorial como instrumento de política rexional en España.

Trátase dun instrumento, dun fondo, que está previsto na Constitución española. Por tanto, ten o respaldo de ter que ser desenvolvido porque a Carta Magna do ano 1978 así o obriga, pero nos últimos tempos, sobre todo, tivo un funcionamento excesivamente lánquido, cunha caída notable do volume de recursos á disposición de todas as comunidades autónomas. Foi máis acusado aínda en Galicia porque fomos perdendo peso polas características da distribución que contempla o fondo, sen embargo, isto non suscitou realmente preocupación entre as comunidades autónomas beneficiarias do mesmo.

Nós dabámoslle a seguinte explicación. Na medida en que os fondos europeos ocupaban un espazo similar —digamos— en canto a ser o alicerce financeiro do desenvolvemento rexional, e estes estaban aínda hoxe á disposición da maioría das comunidades autónomas, daquelas que son tamén receptoras do fondo, ninguén se preocupara demasiado porque houbera recursos dabondo para impulsar políticas de investimento no territorio que tiñan como obxectivo —porque para isto é para o que serve a política rexional— fomentar a converxencia económica a medio e longo prazo das rexións menos adiantadas en relación coas máis adiantadas.

No debate que se produciu no último Pleno antes do verán suscitouse unha certa discusión sobre como debería encaixarse este instrumento en relación co financiamento autonómico. Agora vemos que na emenda do Partido Popular isto volve aparecer. Eu xa expliquei daquela —e paréceme ben neste sentido a achega que fai o Grupo Popular— que na miña opinión son

vías paralelas, son vías complementarias. O Fondo de Compensación Interterritorial non debe formar parte do sistema de financiamento autonómico porque non trata de financiar servizos, senón que trata de mellorar as condicións mediante as que o crecemento económico debe ser maior en Galicia que no conxunto de España para facilitar xustamente ese proceso de converxencia, e que isto afecta máis coa dotación de capital público ou, en todo caso, de infraestruturas e outro tipo de instrumentos deste tipo que faciliten o investimento privado, que faciliten tamén que a produtividade sexa maior en Galicia. Sobre iso paréceme que podemos estar de acordo, e iso permitiríanos avanzar nos outros aspectos da moción que comentarei agora.

Consecuencia da interpelación, temos que facer unha proposta de como queremos que sexa este fondo. Para iso eu creo que compartimos que debe incrementar substancialmente a súa importancia, primeiro, en termos cuantitativos. Podemos discrepar ata onde, pero eu creo que iso non debe ser un elemento de disputa. Isto vai haber que negocialo coas outras comunidades autónomas, vai haber que negocialo coa Administración xeral do Estado. Por tanto, non é que dea igual, pero non podemos determinar desde aquí nesta Cámara onde situar o listón. Temos que saber que deben existir uns mínimos, pero a partir deses mínimos todos estaremos a favor de que aumenten os recursos que se poñan á disposición das comunidades autónomas, entre elas Galicia, para isto. Polo tanto, aí hai tamén a posibilidade de chegar a un acordo.

Ten que haber tamén un cambio cualitativo. O fondo, xustamente pola debilidade dos recursos que se aplican, deixou de ter un papel real no desenvolvemento rexional. Era simplemente, en fin, unha muleta que se aplicaba a algúns investimentos cando era necesario para completar a cantidade de recursos que poñía a Xunta de Galicia por outros medios, ben por fondos propios ou ben polos propios fondos europeos, que a partir de certo momento tamén se colocaron ao lado do fondo para financiar algúns investimentos.

Nós cremos que non debe ser así, que debe converterse nun instrumento ao servizo da converxencia rexional, nun instrumento de verdade de política rexional como son hoxe os fondos europeos. E para iso debe apoiarse nisto á hora de definir como facelo. Comentabamos: unha referencia plurianual, unha estratexia de planificación, que debe ser para o conxunto de España pero tamén a partir de abaixo a arriba, desde as comunidades autónomas, empezando polas liñas mestras que decidan os parlamentos, e a continuación un plan estratéxico rexional — a aplicación dos recursos do fondo debe estar aquí—.

E, sen dúbida, para evitar un dos seus problemas recentes —que é a enorme variabilidade dos seus recursos e a caída en picado dos últimos anos—, cremos que ten que ligarse a determinación dos recursos do fondo a unha variable estable —como pode ser o gasto non financeiro da Comunidade Autónoma ou outra similar— en vez de ao investimento civil novo do Estado como ocorre hoxe.

¿E por que non a isto? ¿Por que non ao investimento civil novo do Estado? Porque, por unha parte, a transferencia de competencias de gasto ás comunidades autónomas reduce o investimento civil novo do Estado. Segundo, porque nos momentos de crise o investimento é o primeiro concepto que se ve axustado —e ademais dramaticamente nestes anos, como vimos—, e, por tanto, ligalo ao investimento civil novo é a garantía de que vai haber un com-

portamento demasiado procíclico dos recursos do fondo. E, en terceiro lugar, porque a Administración xeral do Estado nos últimos lustros tivo o costume de ir incrementando a cantidade de investimento que xestiona a través de entes que non consolidan —diríamos— no perímetro da Administración, e, por tanto, debilitando a cantidade sobre a que se aplica esa porcentaxe que dá despois lugar ao Fondo de Compensación Interterritorial. Como consecuencia, necesitamos outra variable de referencia, e nós propoñemos o gasto non financeiro.

Por último, creo que hai que falar tamén da selección de comunidades beneficiarias e das variables de distribución do fondo. Hoxe non hai ningún criterio para determinar cales son as comunidades beneficiarias, son as mesmas que estaban no seu momento, e desde aquela véñense traendo até a actualidade sen que ninguén repare en que algunhas delas, en renda por habitante, están hoxe por riba da media do Estado. Seguen recibindo o Fondo de Compensación Interterritorial, aínda que non deberan, porque o fondo está creado para outras cousas, por exemplo para a converxencia, e estas xa converxeron. E, sen embargo, seguen recibindo os fondos porque hai un listado nominal de comunidades autónomas que está aí e no que ninguén reparou.

Segundo, os criterios de distribución. Hoxe aplícanse dous: un primeiro, redistributivo; é dicir, reciben máis recursos aquelas comunidades que están máis distantes do promedio de renda por habitante en España —parécenos ben—; en segundo lugar, variables puramente distributivas que teñen que ver con outros elementos como poden ser o custo dos servizos ou criterios de necesidade.

Na emenda do Partido Popular observo que fan referencia ao asentamento poboacional —paréceme unha idea interesante—, que se pode recoller, sen ningunha dúbida, e que faría que na negociación que debe establecerse co Consello de Política Fiscal e Financeira e co Ministerio os intereses de Galicia sexan mellor defendidos.

Tamén hai unha emenda do BNG que —sobre todo na súa parte final— pode nalgún aspecto incorporarse a esta transacción.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Enlazando cunha cuestión que recordaba agora o señor Leiceaga, el mesmo, no debate da interpelación, amosábase partidario de non mesturar este debate co do modelo de financiamento. Non é a miña pretensión nin a do meu grupo.

En parte compartimos algún dos matices que el introduce, pero realmente pensamos que, estando no Parlamento galego e facendo un debate político desta cuestión, temos que asumir que o fondo político desta cuestión forma parte, en certo modo, do mesmo debate que ini-

ciabamos hoxe pola mañá, o debate do papel que debe xogar Galiza no taboleiro estatal e a necesidade imperiosa —visto o fracaso do actual status—, de superalo e de ir máis alá. Polo tanto, entendemos que o debate do Fondo de Compensación Interterritorial, en certo modo, tamén debe enmarcarse dentro dese debate global que é non só o modelo de financiamento en exclusiva —tamén outro tipo de instrumentos—, senón que pasa pola imperiosa necesidade de transformar a nosa relación económica co Estado español. Unha relación na que, lonxe dunha aparente descentralización real, o que vemos é unha descentralización dos gastos; agora ben, dos ingresos xa é outra cuestión.

Vemos neste elemento —como en tantos outros— a proba dun deses buratos dun sistema de relación absolutamente centralista e desigual. Recordemos —e recordouno tamén o señor Leiceaga— que o Fondo de Compensación Interterritorial nace con esa sacrosanta e incuestionable Constitución de 1978. Desde aquela ollamos a serie histórica e vemos como experimentou desde o seu nacemento unha paupérrima evolución, afastándose cada vez máis do crecemento do PIB a prezos de mercado nominal estatal. Non ten sido, efectivamente, o centro da axenda política, pero tampouco é a primeira vez que se debate neste Parlamento galego sobre a necesidade de aumentar as contías deste fondo. Porén, nós pensamos que o problema é que o propio modelo naceu para fracasar. O propio modelo, de por si, naceu coa intención de que nada cambiase substancialmente. Proba diso é que a propia Comisión de expertos para o novo modelo de financiamento novamente volve analizar o Fondo de Compensación Interterritorial, e faino para dicirnos que se demostra «*el incumplimiento fáctico del mandato constitucional y escasa eficacia*».

Resumindo, a insuficiencia —o punto de partida da moción e que todos compartimos— deste modelo é algo tan constatado que desde o propio sistema se recoñece, e é que non se cumpriu con ese mandato constitucional, esa vergoña democrática —que diría a señora Soraya—. Parece mentira, tanto falar de que Cataluña ten que cumprir a Constitución, e aquí os grandes partidos do Estado non cumpriron a Constitución en canto a este fondo, ¡en fin!

Vemos tamén esa nova escenificación que vai haber por parte dese grupo de expertos e por parte do Estado español. Escenificar que se vai facer algún tipo de cambio para que este fondo por fin cumpra. Pero corenta anos despois desa sacrosanta Constitución e dese fondo, ¿que expectativa podemos ter de que realmente se introduza algún cambio que realmente o converta nun teórico fondo de compensación e de desenvolvemento que xa é?

Polo tanto, nós entendemos que o punto de partida desta moción ten que ser un pouco máis exixente. Ten que partir de que posición vai levar Galiza e que é o mínimo exixido para nós. Entón, nese sentido vai un pouco encamiñada a nosa emenda, para marcar un horizonte temporal; unha década parécenos un horizonte bastante amplo para exixir ese cumprimento dunha mellora deste tipo de ferramenta. E claro que compartimos que hai que pedir un incremento substancial de fondos. Pero, de verdade, vostede parte dos tres últimos anos, nos que estas contías diferiron minimamente, e o total é idéntico. Facendo un cálculo coa súa proposta, nós calculamos que resultaría un fondo de algo máis de 2.000 millóns de euros, dos que Galiza podería recibir un 10 %, uns 221 millóns máis ou menos. Para Galiza iso sería aproximadamente o 2,6 % dos gastos non financeiros liquidados, actualmente é un 0,5 %. Polo tanto, nós propoñemos ir máis alá e marcarnos

ese 2 % dos empregos non financeiros, que resultaría máis ou menos un volume de 432 millóns de euros.

Trouxen o Excel. Como lle din á señora Pontón que non se acorda de traer os papeis, eu déixovos o Excel sen problema ningún.

Neste pouco tempo que me queda, simplemente engadir a reflexión de que, aínda que isto que estou plantexando non se decida en Galiza —o que tamén dá cumprida conta da nosa dependencia neste aspecto en canto á capacidade de decisión—, si que entendemos que deba ser o punto ao que debemos aspirar. Pensamos que sería insensato, sería pouco oportuno, limitarnos a simplemente encomendarnos a algún tipo de negociación que axuste un pouquiño este fondo pero que ao final nos leve ao ostracismo e a corenta anos máis de incumprimento dunha ferramenta que, desde logo, queda moi lonxe de cumprir con eses teóricos obxectivos que se marcaron.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Boas tardes, señor presidente.

Señorías.

Vimos hoxe debater ou falar dunha moción que trae causa nunha interpelación que se lle fixo ao conselleiro de Facenda antes do verán. E imos falar dunha cuestión importante, que é a converxencia rexional en España.

Nun momento como o que vivimos nestes días, non cabe dúbida de que se trata dun tema axeitado, pois demostranos como o concepto de país-nación que configura a Constitución española vén determinar tamén a existencia de instrumentos que favorecen as comunidades con niveis máis básicos ou máis baixos de renda; en definitiva, instrumentos de solidariedade.

Vamos falar un pouco da Constitución. Miren, o artigo 2 da Constitución fala do principio de solidariedade entre territorios. En concreción deste principio, o artigo 138.1 establece que o Estado debe velar polo establecemento dun equilibrio económico adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español. E co obxecto de corrixir os desequilibrios económicos esenciais, no artigo 158.2 dispónse a conformación dun fondo de compensación destinado a gastos de investimento, a distribuír entre as comunidades autónomas polas Cortes Xerais.

Disto falamos hoxe, de solidariedade entre partes do territorio español. Os que máis teñen, teñen que traer cartos tamén para os que menos temos.

Logo dunha primeira fase en que atendeu tamén outra finalidade —isto xa o indicou o voceiro do Partido Socialista—, a partir da reforma de 1990 o Fondo de Compensación Inter-

territorial configúrase como un mecanismo de promoción do desenvolvemento económico das rexións españolas con menor nivel de renda, tamén no caso de Galicia. Este instrumento e outros, fundamentalmente de carácter europeo, conseguiron que nos últimos vinte anos se producira un proceso de converxencia do noso nivel de renda respecto da media española. Galicia, por si soa, non podería ter feito esta converxencia sen a solidariedade tanto do conxunto do Estado español como da Unión Europea. O certo é que, co paso do tempo, o Fondo de Compensación Interterritorial foi perdendo parte da súa importancia neste principio de solidariedade e nesta fórmula de converxencia.

Por falar un pouco dos cartos e da variación do fondo, podemos falar de que ata o ano 2010 estamos no conxunto das comunidades autónomas beneficiarias, falando de máis de 1.000 millóns de euros. A partir do ano 2010 prodúcese un descenso, e chegamos no momento actual aos 432 millóns de euros —dos que falaba a voceira do Bloque— pero para o conxunto das comunidades autónomas beneficiarias.

No que se refire a Galicia, o fondo achegou anualmente á Comunidade Autónoma no período 1990-2013 unha media de 194 millóns de euros —repito— para proxectos de investimento como consecuencia do principio de solidariedade entre territorios. Neste momento a cantidade que lle corresponde no reparto é de 42 millóns de euros.

Señorías, estamos nun debate sobre financiamento autonómico no que os instrumentos internos de política rexional teñen que ter máis relevancia, aínda necesitamos da axuda do resto do Estado español. Logo desta aproximación e posta en valor, da importancia que pode ter o Fondo de Compensación Interterritorial como mecanismo de redistribución entre as rexións que forman parte do conxunto do Estado español, vou tratar de argumentar a nosa emenda trasladando claramente —claramente, señor Leiceaga— que no esencial estamos de acordo coa moción plantexada polo Partido Socialista de Galicia.

En primeiro lugar, entendemos que o debate sobre o Fondo de Compensación Interterritorial ten que ser un debate posterior ao de reforma do sistema de financiamento autonómico que actualmente está en proceso, pero por unha razón de facilitar a negociación. Vamos primeiro cerrar o financiamento autonómico e despois falaremos do Fondo de Compensación Interterritorial. Porque, se non, corremos o risco de que outras comunidades autónomas sumen as contías que estamos a recibir.

Coincidimos tamén co Partido Socialista na necesidade de que o fondo se converta nun instrumento potente e efectivo de desenvolvemento rexional, sobre todo como consecuencia da baixada dos fondos procedentes da Unión Europea. Para iso é necesario incrementar substancialmente a súa dotación inicial. Tamén consideramos axeitado recoller como base de cálculo o gasto non financeiro da Administración xeral do Estado. Entendemos que ten que haber un incremento substancial. E aquí sorpréndeme —e teño que dicirlo, señora Noa Pressas— a emenda presentada polo Bloque, sobre todo nun pleno no que nos falamos do cupo e nos dixeron que a Comunidade Autónoma galega tiña suficientes ingresos. ¿Para que queremos entón incrementar a nosa participación no Fondo de Compensación Interterritorial? Se é como vostedes din, o que temos que facer é coller cartos de Galicia e empezar a aplicar ese principio de solidariedade que aplicaron con nós e repartiilo noutras rexións máis pobres.

Se é certo o que vostedes din, que eu, de acordo co que se falou á mañá, dígolles que non se corresponde coa realidade das cifras.

Por último —e xa para rematar a miña intervención—, trasládolle tamén ao Partido Socialista que estamos de acordo nos criterios de asignación, aínda que facemos especial incidencia no asentamento poboacional, para que se contemple a importancia que ten no gasto da nosa Comunidade Autónoma a dispersión da nosa poboación. E entendemos tamén que é necesaria unha orientación estratéxica dos investimentos do fondo, por iso propoñemos na nosa emenda que esta orientación estratéxica se faga a través do Consello de Política Fiscal e Financeira, onde están todas as comunidades autónomas.

Remato xa pedíndolles que non olvidemos que estamos a falar dun fondo representativo do principio de solidariedade entre territorios que forman parte dun conxunto que é o Estado español, que nos está a botar unha man tamén no desenvolvemento da nosa comunidade autónoma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Boa tarde.

Eu vou empezar dicindo que me gustou moito a intervención de Noa Presas, e mesmo creo que aporta moitos aspectos positivos. Tiven que tachar algunha das cousas que ía dicir eu porque as dixo ela estupendamente, e creo que complementa a iniciativa do Partido Socialista, que nós compartimos.

Este debate pon en evidencia as contradicións entre a retórica e a práctica, a enorme distancia que hai entre o que se proclama e o que se fai. Porque —creo que se dixo aquí— a evolución do FCI na última década —década, varios gobernos polo medio— é un exemplo paradigmático de como os grandes principios se baleiran de contido ao non darlles os recursos necesarios para ser levados adiante. Do que estamos falando hoxe aquí é dun instrumento fundamental —díxose— para acadar un obxectivo económico que figura —aquí tiña escrito sacrosanta, tacheino— na Constitución española, que é o reequilibrio territorial. Isto é, impulsar un maior crecemento dos territorios con menor renda —como é o caso do noso país— para que se aproximen aos máis ricos.

É unha evidencia que no Estado español, dende que existe, hai un problema —como ocorre noutros estados— de desigualdade económica, de desequilibrio territorial, de diferenzas en nivel de renda, e, en parte, esa é unha das bases que explican os problemas de encaixe territorial que ten o Estado español. De aí o mandato constitucional, de aí o recoñecemento na Constitución española de que hai un problema que hai que resolver, e para iso nace o Fondo de Compensación Interterritorial. Aquí temos os principios.

Temos un problema de desigualdade, creamos un instrumento para corrixir esa desigualdade, combatemos o desequilibrio territorial. Todos estamos de acordo con este principio.

Pero baixemos das palabras aos feitos, dos principios aos recursos. No ano 2017 — como se dixo — iso son 45 millóns de euros. Iso, no ano 2008, eran 205 millóns de euros. 45 millóns de euros, 430 millóns de euros para cumprir ese obxectivo fundamental establecido na Constitución española é un chiste, é unha tomadura de pelo. Entón temos un gran principio: igualdade territorial, pero baleirámolo cando non lle damos os recursos. Porque esas cifras, obviamente, non serven para combater as causas profundas, estruturais, históricas, económicas, demográficas, que están por detrás dos desequilibrios.

Vou dicir unha frase grandilocuente: grandes principios non dotados de fondos para acadalos son unha estafa en termos democráticos. O FCI é o instrumento fundamental para cumprir un mandato constitucional, pero vai camiño da irrelevancia. Todo o mundo estamos de acordo niso: temos o instrumento do reequilibrio que vai camiño da irrelevancia, se é que xa non está nese estadio.

E, como dixo Noa Presas, aquí vese o respecto á Constitución española, ¡tamén aquí!, porque aparece — díxoo o portavoz do Partido Popular — en tres artigos da Constitución. ¡Vale! Baixamos a 430 millóns de euros todo o cumprimento da Constitución e rímonos do principio.

O Fondo de Compensación é unha vítima máis da austeridade e dos recortes. No ano 2008 estaba dotado con 1.337 millóns de euros e agora con 432, e iso en cifras nominais. Cando se ten en conta a variación dos prezos, pois o devalo é extraordinario; un devalo inaceptable que se traslada ao noso país, porque pasamos de recibir 203 millóns de euros a 45.

¿Alguén pensa que con estes recursos se poden combater as causas estruturais do desequilibrio territorial? Bueno, por iso é difícil entender como este retroceso, tanto nos recursos como no propio principio de reequilibrio, se teña dado sen apenas debate público. E, dende logo, co acordo e coa complicidade dos gobernos autonómicos e central dende que no ano 2009 o FCI esmorece pouco a pouco.

Bueno, imos votar a favor desta emenda, desta iniciativa do Partido Socialista, porque estamos en xeral de acordo, cunha excepción — que tamén foi cuantificada polo BNG —: dotar de cinco veces máis o Fondo implicaría levalo aos niveis nominais — polo tanto, máis baixos, en termos reais — do que tiña no ano 2008. Pero a iniciativa do Partido Socialista di claramente que no próximo período vai haber menos fondos europeos para desenvolver políticas de reequilibrio territorial. E, entón, se non vai haber eses fondos europeos, necesitamos reforzar o Fondo de Compensación Interterritorial necesariamente. E nese sentido volver ao nivel que tiñamos no ano 2008 e recuperar o recorte neste caso é insuficiente.

Remato, señor presidente.

Nós si defendemos que neste elemento onde o noso país ten moito que xogar ten que formar parte da nova formulación do modelo de financiamento autonómico. Non digo no momento en que temos que empezar ese debate, pero que esa variable temos que incluíla no debate é evidente. E, en termos cuantitativos, nós pensamos que debe estar máis próximo aos 400 millóns de euros que aos 203 que van na iniciativa. Como o BNG emendou nese sentido, pois perfecto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Grupo parlamentario autor da moción, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, se a min me agrada moito a posición tanto do Grupo do BNG como do Grupo de En Marea, porque vexo que a sacrosanta Constitución o que pide —e eu estou de acordo— é que debe cumprirse nas súas funcións; paréceme ben. Isto é o que está, paréceme ben, eu creo que debe ser así. E alí onde hai insuficiencias de cumprimento temos que estar vixiantes e atentos para tirar delas e conseguir que se cumpran, porque está claro que o texto en si mesmo non ten materialidade como para isto; hai que facer un traballo político nese sentido.

Pero eu non quero entrar nese debate, quero entrar no outro, no da política rexional. A pesar de todo, hai que ter en conta que se España nos anos do crecemento —1960-1970, ata que empezaron as comunidades autónomas— se estaba desequilibrando, concentrando a produción de renda e de riqueza nalgúñas comunidades autónomas, a partir da entrada en funcionamento do Estado autonómico isto xa non se produce. Entón, algo do Estado autonómico ten que ver con que aquelas comunidades autónomas menos adiantadas conseguiran manter o tipo. E, é máis, a nosa renda por habitante progresa continuamente e vaise aproximar á converxencia ata un punto, que é o punto desta crise, onde, en fin..., xustamente por iso é necesario volver revisar os mecanismos e os instrumentos.

E entrando no fondo do asunto, ¿por que quedar en 400? Poñamos moito máis, poñamos 2.000, 3.000 millóns. Podemos poñelo todo, pero temos que ser minimamente realistas, temos que trazarnos obxectivos que sexan aceptables non só por nós senón que sexan soportables polas finanzas do Estado e polas outras comunidades autónomas que van participar na negociación. Entón, eu digo: ¡home, se conseguimos quintuplicar, conseguimos recuperar o perdido durante o tempo da crise..., porque están pensando vostedes en Galicia, pero eu non estaba pensando en Galicia cando poñía esas porcentaxes, estaba pensando no Fondo global; no Fondo global e logo na súa distribución. Porque Galicia nos últimos tempos tamén perdeu porcentaxes de participación no Fondo debido á forma en que debe calcularse a súa aplicación. Por tanto, se falamos do Fondo global, cando poñemos esas referencias estamos subindo bastante e aproximándonos no Fondo global ao que vostedes propoñen.

E despois o da distribución, que claramente hai que negociala con outras comunidades autónomas. Pero eu creo que incorporar variables de asentamento poboacional dános unha certa fortaleza na negociación, e así hai que facelo.

Eu o que lles propoño é facer unha transacción con todas as emendas presentadas. Voulles repartir esa transacción, que a min me parece aceptable, e a partir de aí espero que haxa un acordo de todos os grupos, porque eu creo que esta é unha cuestión na que todos dicimos coincidir e que pode ser un elemento interesante para plantexar na negociación unha vez que se peche o do financiamento autonómico, porque se non isto vai ser utilizado como un

mecanismo de compensación dentro da negociación do financiamento autonómico e pódenos causar algún prexuízo en vez de favorecernos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co intrusismo profesional no ámbito sanitario

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, a través da súa deputada Eva Solla Fernández e ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débase engadir no punto 2, despois de «...e os labores que nela se realizan», o seguinte: «...así como a publicidade do servizo das mesmas,...»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Boa tarde.

Grazas, señor presidente.

Traemos hoxe esta moción, froito da interpelación que fixemos xa dous meses atrás, para nós de moito interese. É certo que o PP inundou a política sanitaria galega con algunha trappallada este verán pero, bueno, temos tempo mañá á mañá de debater sobre iso, e segue sendo un tema de interese.

Creemos que é posible, a partir daquela interpelación e daquel debate, ter unhas poucas propostas que poden, dende o noso punto de vista, mellorar a situación sobre o intrusismo sanitario.

Naquela interpelación houbo algúns acordos, indubidablemente, e houbo algúns desacordos, como é normal. Polo que puideren revisar e polo que percibimos naquel debate da interpelación, recollemos algúns acordos, como que existe base legal para afrontar o problema do intrusismo e que todos compartimos que é un problema no eido sanitario. Existe base legal na Lei de ordenación de persoal sanitario, no Código penal, existe o Real decreto 1277/2003, sobre autorizacións de centros... Bueno, existen varias cuestións e existiu unha PNL do Partido Popular sobre publicidade enganosa. E é certo que existen bases para afrontar o problema dende un punto de vista legal.

Existe tamén unha base social sobre certa tolerancia e sobre pode ser que unha relaxación social sobre o problema do intrusismo. E o conselleiro —se non lle entendín mal no seu mo-

mento— dixo que compartía esa reflexión. Polo tanto, a existencia de base legal para afrontalo e a existencia dun problema de tolerancia social seica o compartimos.

Existía, dende o noso punto de vista, un problema de base política sobre o intrusismo sanitario que, evidentemente, non compartimos. ¿E cal é o problema que nós vemos? Pois dende a última interpelación o que vemos é que para o conselleiro no seu momento —e entendemos que para todo o Goberno da Xunta— a base política é responsabilidade de tres colectivos ou axentes sociais: en primeiro lugar, os colexios profesionais, que teñen que ter rexistros e que non son quen ou non facilitan eses rexistros —segundo se dixo—; en segundo lugar, da cidadanía, que ten que denunciar; e, en terceiro lugar, dos científicos, supostamente. Citouse aquí —e parecía moi interesante recuperalo— un artigo dun profesor de universidade que se publicou nun periódico no seu momento, e dixo o conselleiro: «Eu estou totalmente de acordo, e creo que vostede tamén», referíndose a min. Eu xa lle adianto que non estou de acordo co artigo. Decía sobre os científicos: «*Compete a los científicos, incapaces de educar y divulgar bien sobre aquello que hacemos, aquello de combatir el intrusismo*». Repito: «*incapaces de educar y divulgar bien sobre aquello que hacemos*». Ben, eu non estou de acordo. Eu non sei se o conselleiro o está —que dixo que estaba totalmente de acordo—. Os científicos galegos —e en máis sitios que en Galicia— fan un traballo ímprobo en favor da ciencia, non só de desenvolver ciencia, senón da súa difusión, da súa divulgación, da súa ensinanza. ¿Que sería de nós sen os científicos? Xa sei que vostedes están de acordo en que non educan e non divulgan ben. E sorprendeume que o anunciaran e que dixeran que están totalmente de acordo con iso, pero polo menos agradezo a sinceridade. Porque é obvio que vostedes isto dos científicos e o da investigación non o teñen moi a ben, pero agradezo que o dixeran. Nós niso non estamos de acordo. A culpa non é dos científicos, que fan un labor extraordinario, a pesar de que vostedes reduzan todos os fondos todos os anos. (*Murmurios.*) Fan un labor extraordinario en educación e en divulgación. Polo tanto, eu creo que iso é importante apuntalo.

Colexios profesionais, cidadanía e os científicos. ¿Hai algunha culpa do Goberno da Xunta? Non, evidentemente non se asumiu. Isto é como Tip e Coll: mañá falaremos do Goberno. Existía un problema nos colexios profesionais, existe un problema coa cidadanía e un problema cos científicos, pero a Xunta non ten ningunha responsabilidade. Dende o noso punto de vista si que existe e por iso o argumentamos naquel momento e continuamos hoxe a argumentar que si que existe.

¿E con base en que defendemos que si que existe? Pois naquelas cousas que non estabamos de acordo. En primeiro lugar, citei aquí o outro día —dúas réplicas e non se me contestou; agradeceríao se alguén tivo a ben poder consultar o asunto, porque xa van alá dous meses dende que o plantexei— que o Igape subvencionou unha empresa, nun programa de apoio a emprendedores, que anunciaba servizos para os que non tiña ningunha habilitación sanitaria. Eu comenteino aquí, e non só o comentei eu, senón que hai reclamacións por escrito rexistradas na Xunta de Galicia, en varias consellerías, sobre este tema. Non existe aínda resposta, máis alá dunha que a verdade é máis vergonzosa que o feito en si, que é que a Xunta non se ocupa das epígrafes e dos contidos daquilo que subvenciona, polo menos nese programa. ¡Sorprendente!, cando o programa di que se traballa e que se axudou incluso a poñer as tarifas. A Xunta subvencionou unha empresa e axudouna a poñer as tarifas dos seus servizos, pero di que non sabe que servizos ten. Puxo tarifas para algo que di que non

sabe o que é. En todo caso, existiu diñeiro público para unha empresa que practica un intrusismo sanitario e ninguén tomou medidas sobre iso. E quero saber se é posible que exista un acordo entre os grupos para que iso non poida volver pasar. Dende o noso punto de vista, isto é absolutamente inaceptable.

Existiu outro desacordo. O conselleiro citou —leo literalmente—: «O cen por cento das reclamacións recibidas son atendidas». E citou literalmente: «30 reclamacións recibidas...» —30, está nas actas do debate da interpelación— «...e foron atendidas todas». Algún colexio profesional —vou citar só un—... Un colexio profesional rexistrou —está escrito e téñeno no Goberno da Xunta, creo que llo poden facilitar— 31, no mesmo tempo que se citou, desde finais do 2015 ata o 2017. Un colexio profesional citou 31 —o conselleiro dixo 30 en total—, supoño que as dos demais colexios restan. (*Murmurios.*) 31 fronte a 30, 30 de todos, pero hai un colexio que reclamou 31 veces. O que é moi importante é non mentir cos datos, é moi moi importante.

E, ademais, non hai un acordo sobre que a situación sanitaria galega dificulta o problema e alimenta o feito da existencia de intrusismo sanitario. ¿Por que? Porque unha sanidade que é a terceira peor valorada polos cidadáns de toda España, unha sanidade que recorta en servizos, unha sanidade que se alonxa dos seus cidadáns, unha sanidade que ten cada vez menos persoal, que ten cada vez menos recursos para atender o seu persoal, o que fomenta é que as persoas que teñen necesidades, cando teñen que buscar unha solución —e moitas veces están desesperadas, doentes, dánselles citas para dentro dun ano ou de ano e medio— e a súa sanidade o único que fai é cambiar carteis, o que fagan sexa acudir a especialistas —que eles cren que son especialistas; incluso algúns deles teñen avais da Xunta de Galicia que lles subvencionan os negocios— para atender as súas necesidades. Non culpemos a cidadanía de intentar solucionar un problema de saúde —que é probablemente o máis sagrado que teñen as persoas— que o seu sistema non lle soluciona por culpa de xestión nefasta, como se está facendo ver. (*Aplausos.*)

Polo tanto, pode que non compartamos isto, pero a situación precaria da sanidade galega fai que esta sexa unha das comunidades españolas, se non a que máis —porque é difícil ter os datos formais moi concretos—, que máis problema ten de intrusismo laboral. Pero ¿que lle imos plantexar a un goberno —e a un partido que o sustenta— que subvenciona iniciativas de intrusismo laboral e non dá resposta ningunha?

En todo caso, nós traemos aquí esta moción que plantexa catro cuestións, e fundamentalmente entre todas elas a cuestión esencial é un compromiso real: a seriedade. Porque nós temos a percepción de que non existe un compromiso real sobre este asunto. Existen moitos lugares comúns: hai que facer, é moi importante... Todo é moi importante... Lémbrolles que cando todo é moi importante nada o é. «É moi importante», «hai que facer», «hai que dicir», «xa se está facendo» —que se di moitas veces—... Seriedade e compromiso real.

En primeiro lugar, plantexamos concienciación, un traballo de máis difusión, de máis respecto polos profesionais, basicamente de non vir aquí presumir dun artigo que di que os científicos educan mal e divulgan mal. Iso tamén contribúe a diminuír a calidade dos científicos, ¡claro que contribúe! Se un conselleiro sobe aquí a dicir que comparte totalmente un

artigo de prensa que di e que fala mal dos científicos do noso país, ¿que van pensar os cidadáns cando os seus conselleiros, o seu Goberno, fala mal deles?

Polo tanto, concienciación, incluso hai que empezar probablemente polo Goberno da Xunta.

Segundo, recursos, porque é moi bonito facer publicidade e propaganda, pero é máis bonito poñer prazos e diñeiro. Recursos a inspectores médicos que fan un gran traballo pero que necesitan recursos para poder atender todas as reclamacións. E non vir aquí dicir que se atenden todas as reclamacións —30— cando un só colexio profesional presentan máis desas, ¡un só!, e non quero preguntar xa cantos máis colexios profesionais presentaron reclamacións. Se cadra, dinme que os demais presentáronas negativas e por iso de 31 chegamos a 30. Máis recursos, máis concienciación.

Terceiro, colaborar cos colexios profesionais. Xa sabemos que se lles pode botar a culpa. ¡Se se lle pode botar a culpa a todo o mundo, home!, pero os colexios profesionais traballan incansablemente por defender a súa profesión. A maior parte do tempo que lles dedican as persoas que están nos colexios profesionais, independentemente de que existan traballadores neles... Son persoas que quitan tempo da súa vida persoal e incluso do seu traballo para colaborar nos colexios profesionais. Non lles botemos a eles a culpa de non facer o traballo que ten que facer un goberno; a ver se vai ser que eles son a culpa de que exista un problema de intrusismo sanitario.

E, cuarto, control, porque é inaceptable que un goberno subvencione actividades de intrusismo sanitario por un problema sanitario, por un problema de compromiso social e ademais por un problema fiscal —que tamén o é—, porque estamos subvencionando unha actividade que é fraudulenta no seu exercicio e, polo tanto, contribuímos a un problema de economía. Xa sei que isto da economía B é algo que non lles gusta compartir, pero é importante que o fagan, aínda que sexa polo ben dos demais. En todo caso, hai que alonxarse de lugares comúns e facer; é importante facer e moverse.

Traemos esta moción que cremos que propón cousas realmente sensatas, non excesivamente agresivas, senón sinxelamente intervir de verdade no problema, moitas delas sen necesidade de recursos, é unha cuestión de compromiso. E cremos que é importante saír deste inmovilismo político, porque a percepción é que si, é moi importante, si, hai que facer moito, si, pero non se fai nada, e así non solucionamos nunca os problemas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois está claro que o intrusismo é un problema evidente que afecta tanto os profesionais como as persoas tratadas polos falsos e as falsas profesionais. A nós tamén nos pareceu es-

caso o número de veces ou o número de casos atopados pola Consellería dende o 2015, segundo dixo o conselleiro de Sanidade, tendo en conta que algunhas denuncias, ademais, remataron nalgún caso bastante famoso do pasado ano cunha condena de prisión. Acumulaba esa soa moitos máis casos só con ese falso profesional.

Evidentemente, a concienciación e a información son relevantes e parécenos ben que se introduzan na proposta. E, efectivamente, como se traslada aquí, non se pode trasladar a responsabilidade a profesionais, a investigadoras e investigadores, a educadores e educadoras, cando existe unha responsabilidade de educación tamén por parte da Consellería de Sanidade en materia educativa, e loxicamente de inspección. Tamén nos parece evidente a necesidade de dotar de recursos esa inspección para o control dos negocios privados.

Ademais, parécenos que debería ser obvio que a Xunta non puidese apoiar iniciativas —academias, centros ou clínicas— que ofrezan servizos que incorran en posibles casos de intrusismo, como se vén de trasladar aquí. Parece ser que non se está cumprindo ou polo menos que non hai unha observancia estrita do que son as normas.

No caso dos recursos á inspección, a realidade é que o intrusismo —xa se ten comentado— se sitúa practicamente na súa totalidade na empresa privada. E precisamente é a sanidade privada un negocio á alza —como estamos a ver— tamén fomentado polo recorte do orzamento da sanidade pública. Xa saben as súas señorías —e calquera persoa que estea na súa casa— que unha lista de espera avultada ou que se incrementa fai, indubidablemente, que para algunhas especialidades —ou incluso para a realización dalgunhas probas— algunhas persoas rematen acudindo a servizos privados.

Algúns dos colectivos que máis denuncian os casos de intrusismo son tamén profesionais, neste caso de fisioterapia, de odontoloxía ou de podoloxía, que son profesións que ofrecen uns servizos que están escasamente cubertos, ademais, polo servizo público ou de xeito público. As prestacións de odontoloxía, por exemplo, teñen sido debatidas nesta Cámara en diversas ocasións, e a non cobertura da maior parte do que debería ser a carteira nas persoas adultas fai tamén que estas teñan que acudir a un servizo privado. Prestacións que tampouco se cobren, por exemplo, no caso da podoloxía, ou que, dende logo, son moi moi limitadas no caso da fisioterapia, que tamén é unha fonte moi habitual de intrusismo profesional. E, sen embargo, a Xunta fai en moitos casos unha deixación das súas funcións de inspección; é dicir, en calquera caso debería existir a inspección, evidentemente, pero máxime nos servizos que teñen máis atención dentro da privada, e a Xunta de Galicia debería preocuparse de como están a funcionar.

Hai que lembrar, ademais, que o Consello de Contas advertiu —aínda que ten que ver coa concertada e non directamente coa privada— no último informe —e así o trasladamos— que nos concertos subscritos non se establecen requisitos específicos para a xestión de prestación, e, en particular, non se regulan —estou citando textualmente— «as condicións dos recursos ou a calidade asistencial e non se concretan indicadores de control». Así que, se na concertada a Xunta non está controlando ningún tipo de aspecto nin exixindo nin marcando indicadores de control, ¿que podemos esperar das clínicas privadas, dos centros e incluso das academias que ofrecen estudos relacionados coa sanidade?

Así que a nós nos parecen ben as propostas que se trasladan nesta moción, e ampliamos ou facemos unha proposta de ampliar no concreto o relativo á propia inspección no que ten que ver coa publicidade sanitaria. Porque é verdade que a maiores dos propios servizos en si temos un problema, temos un baleiro, no que ten que ver con esa publicidade. É bastante importante, e En Marea está traballando, de feito, nunha proposta relacionada con esta materia. Por exemplo, o máis habitual son os cursos sanitarios que se ofrecen en materia de aprendizaxe de titulacións que non se outorgan. Por exemplo, un que é bastante habitual é que se ofrece a aprendizaxe de osteopatía, de masaxes, etc., cando en realidade o que se está ofrecendo non ten nada que ver cunha titulación regrada, ofrecendo, ademais, un futuro laboral que non se pode outorgar relacionado cunha titulación e ademais representando unha fraude tanto ás persoas que poden ser tratadas por estas persoas que se van formar como ás propias persoas que si estudaron unha carreira, neste caso a de fisioterapia —por poñer un exemplo—, relacionada con esa materia. Ou hai centros, por exemplo, que ofrecen servizos que non teñen —vímolo tamén na Comisión 5ª, de Sanidade e Política Social—, por exemplo, algunhas residencias de maiores e dependentes. Neste caso, nós denunciámos un fogar de maiores, o Fogar Avós Felices, que ofrecía uns servizos sanitarios que non tiña. É dicir, existe tamén intrusismo porque logo son outros profesionais os que realizan esas responsabilidades, neste caso tarefas que son responsabilidade de persoal sanitario.

Polo tanto, entendemos que a Xunta de Galicia debería facerse cargo deste tipo de circunstancias e, dende logo, en algo que é competencia súa debería preocuparse precisamente da inspección nas clínicas privadas e tamén en materia de publicidade sanitaria relacionada con isto. Nese sentido, imos apoiar esta moción.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todos e a todas.

E tamén boa tarde aos profesionais que nos acompañan desde a tribuna.

Efectivamente, non é pouca a preocupación pola situación do intrusismo no noso país. A existencia de malas prácticas en actividades profesionais directamente sanitarias ou pseudosanitarias é unha realidade patente en moitos colectivos. Algún destes colectivos téñense posto en contacto cos grupos parlamentarios con representación aquí no Parlamento de Galiza para trasladarnos a súa preocupación respecto de cuestións relacionadas coa súa profesión e, en concreto, con esta situación de intrusismo e de publicidade enganosa, que son dúas cuestións que van moi ligadas unha coa outra. Fisioterapeutas, podólogos, odontólogos ou logopedas foron algúns dos colectivos que se reuniron aquí neste Parlamento cos grupos parlamentarios.

¿Que nos trasladan estes grupos? Unha situación cada vez máis evidente, cada vez máis patente, e fundamentalmente tamén nun contexto onde a sanidade e servizos asociados á sanidade son un nicho de negocio cada vez máis sucucento. Non hai máis que saír ás rúas do

noso país e ver como foron proliferando anuncios máis que abundantes de clínicas de todo tipo de servizos. E trasládannos unha situación de indefensión diante desta situación. Moitas veces o que se lles pide é que sexan eles os que denuncien —por así dicilo—, que sexan os que aporten probas de que determinadas clínicas ou profesionais non teñen a titulación axeitada para dar a prestación que dan e que é moi fácil saltar a normativa. Denuncian unha falta de contundencia nas actuacións e nas sancións. Hai persoas que en moitos casos, despois de vinte anos de práctica demostrada de intrusismo, teñen unhas sancións realmente escuálidas —de 4.000 ou 5.000 euros—, co cal, evidentemente, sálles a conta. E denuncian, polo tanto, falta de actividade inspectora e sancionadora.

É unha situación que ten consecuencias para os profesionais na medida en que ostentan unha profesión para a que teñen a súa titulación oficial requirida, mais tamén é unha situación con consecuencias para a poboación, porque a poboación que recibe estes servizos se encontra tamén nunha situación de indefensión, xa que en moitos casos non saben se esas persoas que as están atendendo están en posesión desa titulación nin se esas terapias, esas técnicas que ofertan, realmente se corresponden con algunha base científica ou con algún tipo de proba que mostre a súa efectividade; contidos pseudocientíficos, contidos non acreditados e en moitos casos incluso perigosos, agochados detrás desa publicidade enganosa de dobre sentido.

E tamén, é evidente, hai consecuencias fiscais e legais. Estamos falando tamén de que detrás de todo este intrusismo hai unha consecuencia fiscal, e é o non estar pagando os impostos que as persoas que si están legalmente establecidas pagan por unhas prestacións cunha cualificación determinada; outros non o fan. Estamos a falar, polo tanto, de persoas e de empresas que actúan á marxe da lei. E, dende logo, no BNG consideramos —e coincidimos cos profesionais— que non se está a actuar nin coa contundencia precisa nin coa intensidade precisa.

Estamos falando de que sería desexábel que moitas destas prácticas que están moi arraigadas —e que parece como que a poboación non lle dá importancia ao risco que corre— tamén deberían ser obxecto dunha cuestión que tamén aborda a iniciativa que estamos a debater, que é a cuestión da información e da formación da cidadanía para que sexan conscientes dos riscos que corren e para que sexan conscientes de que non hai técnicas milagres, de que non hai receitas milagres para cuestións que en moitos casos se ofertan.

Bueno pois, dende logo, estamos de acordo con que esta situación debe ser obxecto de preocupación e de ocupación. O BNG vai votar a favor desta iniciativa que trae hoxe aquí o Partido Socialista. Tamén anuncio que, se non é aprobada, seguiremos insistindo na cuestión. E tamén na cuestión de que, no caso de que se aprobe, fai falta poñer recursos. Non chega con dicir «preocúpanos» senón que logo hai que ocuparse, e ocuparse significa poñer recursos encima da mesa.

E tamén anuncio que o BNG imos demandar que nos orzamentos da Xunta para o ano 2018 se inclúan partidas para esta cuestión que estamos hoxe a debater, que é para a loita contra o intrusismo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: E, sen máis, agardamos que o Partido Popular non quede só satisfeito coa iniciativa de que lle trasladou a responsabilidade ao Goberno do Estado da cuestión da publicidade enganosa, que dea un paso máis —como xa dixo que ía facer se se traían iniciativas deste tipo— e que hoxe sexa quen de votar a favor desta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, señor presidente.

Para o Grupo Popular é fundamental velar pola saúde da cidadanía. Quero lembrar que a Xunta de Galicia inviste en sanidade a maior parte do seu orzamento; 4 de cada 10 euros do orzamento da Xunta de Galicia van parar á sanidade pública galega. A concienciación e educación da cidadanía para a prevención do intrusismo profesional, así como a desmitificación de supostas técnicas e terapias alternativas, están presentes de forma permanente na folla de ruta do Goberno da Xunta de Galicia e, por suposto, tamén na da Consellería de Sanidade. Pero incidir de forma permanente nisto é un labor de todos. Denunciar o intrusismo sanitario é responsabilidade de todos e cada un de nós, xa que pon en risco a nosa saúde. É imprescindible a educación sanitaria e transmitir información á cidadanía; neste sentido, tamén a Consellería de Educación está presente. Dentro do paquete de materias de libre configuración autonómica que se impartirán neste próximo curso nos centros educativos galegos está a de consumo responsable.

Para evitar a proliferación deste tipo de prácticas pseudocientíficas é preciso promover a mellor educación —incluída tamén a sanitaria— e dar información e manter adecuados mecanismos de control. A denominación de «profesional sanitario» está descrita na Lei 44/2003, de ordenación de profesións sanitarias. O exercicio de calquera das profesións sanitarias á marxe da lei constitúe un atentado contra a saúde e a integridade das persoas, e o Código penal así o establece no artigo 403, con penas para a persoa que realice actos impropios dunha profesión sen posuír un título académico correspondente e recoñecido en España.

Con respecto ao corpo de Inspección Médica, estes profesionais realizan o labor de control e supervisión nos centros sanitarios autorizados, e este realízase ben de oficio, ben a instancia de parte —fundamentalmente dos colexios profesionais— e tamén de particulares. Se como consecuencia desta actividade inspectora se detectara unha situación de intrusismo profesional, levántase unha acta de inspección e actúase en consecuencia. E seguro, o 100 % das reclamacións recibidas son atendidas, señor Torrado, oportuna e fielmente polo servizo da inspección. Os inspectores sanitarios supervisan os centros sanitarios autorizados ou outros centros cando hai unha denuncia por sospeita de actividades sanitarias. En todos os casos tamén teñen competencia nisto tanto Consumo como, finalmente, a Fiscalía, pero é fundamental a denuncia en caso de sospeita de intrusismo.

Falando de colexios profesionais, os colexios profesionais sanitarios son corporacións públicas que teñen os seus propios estatutos e normas para perseguir o exercicio fraudulento da profesión. E o rexistro de profesionais sanitarios é obrigatorio para os colexios profesionais. A Consellería de Sanidade colabora de forma constante cos colexios profesionais, xa que eles asumen a función de defender os intereses lexítimos das profesións sanitarias. Ademais, a Consellería de Sanidade ten publicada na súa páxina web a relación de centros, establecementos e servizos que dispoñen de autorización, polo que calquera persoa pode coñecer en calquera momento se un centro ten ou non autorización sanitaria. Desde logo, a mellor medida que se pode adoptar é a de informar a poboación de quen está autorizado para poder realizar unha actividade sanitaria. Esta é a cuestión clave para evitar o intrusismo.

Señor Torrado, todo o que vostede solicita na súa moción ou se está realizando ou carece de sentido. Mire, vostede pide respecto para os profesionais e cuestiona o labor dos inspectores médicos, os criterios nos que se basean para realizar as súas funcións. Falta á verdade, embrolla datos. Pide colaboración cos colexios profesionais, cando entre a Consellería e os colexios profesionais existe unha colaboración constante e fluída. Pon en dúbida a concesión de axudas, subvencións e programas de apoio a proxectos empresariais, e cando dende o Partido Popular, no mes de maio, trouxemos a este pleno unha proposición sobre a publicidade enganosa en sanidade o seu grupo, o Partido Socialista Galego, non a apoiou.

Señor Torrado, sexamos serios. En materia de sanidade, o rigor é fundamental, e vostede engana, falta á verdade e, sobre todo, alarma a poboación. *(Aplausos.)*

Desde o Partido Popular traballamos con criterio e rigorosidade. Os galegos valoran a sanidade que teñen. E, por último, lémbrolle que hai un ano validaron unha vez máis un goberno maioritario do Partido Popular, pregúntese vostede por que será.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Quero agradecer ao Grupo do BNG e de En Marea as súas aportacións, e a emenda de En Marea, que cremos que suma e completa, e vai ser claramente aceptada.

Ben, as cousas non pasan porque se digan, as cousas non ocorren porque se digan aquí. Está ben vir aquí, ler un texto, pero non ocorre soamente porque se lea.

O conselleiro —cito textualmente—: «O cen por cento das reclamacións recibidas son atendidas». Escrito do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia: «En total, dende a data ata a actualidade, presentamos 31 denuncias e tan só tivemos resposta a 10 delas». Está ben, poden volver saír aquí e dicir: Non, contéstase a todas. Hai 31 reclamacións presentadas por un colexio oficial e o conselleiro dixo aquí que había 30. ¿Como se pode ter o rostro de vir dicirme a min que

eu engano? (*Aplausos.*) ¡31! E citouse aquí que se contestaba a todas porque se contestou a 30. É dicir, 31 é máis que 30, e só é un colexio. ¡Pero é que só pedimos respostas! É que non podemos facer este debate absurdo de chegar aquí e dicir: Non, contéstase a todas. ¡Pero é que son 31 reclamacións, e están escritas! E anunciouse que se contestou a 30 e hai 10 soamente respostadas.

Claro que dicimos que hai unha subvención dada ilicitamente, ¡claro que a hai! Está aquí o señor conselleiro. O Igape concedeu unha subvención a unha empresa —a unha emprendedora— que non ten habilitación para exercer a actividade sanitaria que di exercer, e axudárona a poñer as tarifas das cousas que fai. Polo tanto, tiveron que saber cales eran os contidos. Polo tanto, o Igape concedeu unha axuda a unha empresa que fai uns contidos para os que non está habilitada. A min iso paréceme non aceptable, e ninguén dá unha resposta. E poden saír aquí e dicir: Non, é que está todo moi ben. Pero é que non se trata de dicilo aquí, é que hai un problema con esta situación e ninguén dá unha resposta. É que é unha cuestión bastante fácil de responder, se se quere responder, se se teñen os datos para responder. Agora, vir aquí ler o *Quijote* e as leis... ¡Claro que se len a leis! Levamos catro intervencións sobre este tema e nas catro dixemos e citamos os artigos da Lei de ordenación de profesións sanitarias nos que hai que traballar. ¡Claro que os citamos! ¡É que os citamos seis veces, pero hai que aplicalos! Están nas leis, apliquémoslos. ¿Por que non se aplican? ¿Por que non existen respostas sobre as denuncias que están presentadas e que non se responden? ¿Por que non existe actividade sobre as subvencións que concede o Igape? ¿Por que se se están facendo estas cousas que di a moción non se vota a favor? ¿Por que os datos que demostran que non o están facendo non se discuten? ¿Por que non se discute nada do que se propón aquí e dise que xa se está facendo e que os demais enganamos?

Por certo, a min moléstame moito, señor presidente, que me digan que engano. Dígoo por aquelas cousas polas que ás veces se lles chama a atención a algúns deputados. A min acábanme de acusar de enganar e gustaríame que, polo menos, se se me acusa diso, se me explicara onde. Porque dicir que se engana e non dicir onde é bastante complicado; é moi fácil, pero é bastante covarde, por certo. Saír aquí dicir que alguén engana e non dicir por que é covarde. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vouno repetir, señor, vouno repetir: saír aquí dicir que outro engana e non dicir onde é covarde e é mentir, por certo. (*Murmurios.*)

Paréceme unha intervención bastante pouco produtiva. Aínda non escoitei nada sobre a subvención do Igape, nada sobre os casos denunciados non resoltos, nada sobre que accións se están levando a cabo, nada sobre por que se rexeita a iniciativa —se é que se está facendo—. ¡Nada! Pero, iso si, é moi importante; o intrusismo é moi importante.

Vostedes co sistema democrático son como a homeopatía coa medicina: a homeopatía parece pero non é, e a vostedes pásalles algo parecido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Ía dicir algo. Creo que a palabra que se utilizou —«engano»— é unha referencia xenérica a un asunto, non creo que fora nada persoal. Entendín eu, e estiven atento ao debate. (*O señor Torrado*

Quintela pronuncia palabras que non se perciben.) Non o creo. E, ademais, está aí a señora Amigo, que pode corroborar o que digo. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Foi noutro tema, entendín eu. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

En todo caso, non é bo que se utilicen este tipo de vocábulos nin de aquí nin de aquí. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Correcto. *(Murmurios.)* Bueno, faciliten un pouco o labor da Presidencia. Que non os utilice ninguén, e así vainos a todos moito mellor. *(Murmurios.)*

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Imos votar, se lles parece.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando as mocións. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

Neste caso, imos votar a Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. E entendín que se podía aceptar o punto 2 da emenda do Grupo Parlamentario Popular. ¿É así, señora Rodil?

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Como engádega.

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón? ¿Como emenda de engádega?

(O señor Fernández Prado pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Martín?

(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Acepta vostede a votación por puntos? *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Todos por separado? *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Por favor, co micro.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: É dicir, eu —como lle comentaba antes ao señor Fernández Prado— aceptaría votar o terceiro, en todo caso, por separado. Pero o resto son un todo, como se ve, ademais, ao ser redixida a propia iniciativa. O punto 2 abrangue todas as iniciativas que nós propomos como unha batería. E esas van en conxunto.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede esa transacción?

O señor FERNÁNDEZ PRADO: *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)*
...por separado, e o 2 e o 3 por outro lado.

O señor PRESIDENTE: Non acepta.

Bueno, votamos, entón, tal e como está a moción.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co desmantelamento dos servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada dona Luca Chao.

Acéptase a propia emenda, evidentemente. E hai unha transacción, que estou pendente de que ma faga chegar. Creo que era que podían aceptar o punto 1 e o punto 4 do Bloque Nacionalista Galego como engádega. ¿É esta a transacción? *(Asentimento.)*

Votamos logo como engádega o punto 1 e 4 do Bloque Nacionalista Galego e a proposta que formulaba En Marea.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa política en materia de ensino no medio rural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga.

Hai unha proposta de transacción que se lles fixo chegar a todos os portavoces. ¿Acéptase esta transacción? *(Asentimento.)* Polo tanto, están todos de acordo.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: E votamos, por último, a Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

Foi aceptada como engádegas a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación con intrusismo profesional no ámbito sanitario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Terminaron as votacións das mocións.

Abran as portas, por favor.

Pasamos a debater agora o punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte público de viaxeiros por estrada de uso xeral

O señor PRESIDENTE: Foi presentada unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. Emenda de adición.

Proponse engadir tres novos apartados co seguinte texto:

<<d) encargar un informe externo sobre o proceso de implantación do novo plan de transporte, recollendo información de todas institucións e sectores sociais implicados.

e) facilitar aos grupos parlamentares e ás empresas licitadoras que o demanden os expedientes dos novos contratos.

f) revisar a decisión de suprimir o transporte escolar naqueles casos en que se produciu a integración en liñas regulares, e promover como alternativa o sistema Tes+bus».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde de novo a todas e a todos.

O próximo venres, día 15, culmina a implantación da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia co comezo do curso escolar en secundaria. E resulta certamente curioso que o Goberno galego implante unha primeira fase dun plan descoñecido, inexistente, porque non existe o deseño global dun plan de transporte público de Galicia que permita aplicalo por fases. As fases son a parte dun todo predefinido, con obxectivos claros e cuantificables, que permiten secuenciar unha intervención global pola súa complexidade. E este non é o caso, non existe esa globalidade do plan.

Aínda parece máis estraño que a señora conselleira, na súa condición de profesional de enxeñería e na súa condición de responsable dunha cuestión tan complexa como é o transporte público de viaxeiros, non teña interiorizado e asumido estes conceptos tan básicos nun proxecto desta envergadura. Se fora así, se actuara co rigor técnico e a lóxica que implica o deseño dun novo mapa de transporte sen definir e concretar, teríase limitado a repoñer os dereitos perdidos das galegas e dos galegos como consecuencia da renuncia das concesionarias en agosto de 2016 a seguir prestando o servizo que tiñan concedido. Puido limitarse a repoñer eses dereitos. O regulamento europeo permitíallo, a pesar de negalo ela permanentemente, e dispor, polo tanto, de máis tempo para abordar o imprescindible plan global. Mais preferiu coller o absurdo camiño da indefinición, que nin repón os servizos perdidos nin acomete o plan global. Dende o noso punto de vista, foi unha temeraria decisión unipersoal e unipartidaria, con negativas consecuencias no presente e no futuro, coas que, desgraciadamente, teremos que convivir en tempos non moi lonxanos; unha ocorrencia máis da señora conselleira e dos gobernos do señor Feijóo en transporte de viaxeiros por estrada para darlle continuidade a unha política de decisións erróneas dende 2009 e que novamente terá como vítimas as persoas, os galegos e as galegas.

Si, foi unha decisión unipersoal, avalada polo señor presidente e polo Grupo Popular, baleira de humildade e cargada de prepotencia e soberbia, na que a señora conselleira abdicou de exercer como responsable do transporte en Galicia ao servizo dos galegos e das galegas para

reducir esta cuestión a un asunto meramente persoal; un asunto persoal que prevalece sobre o colectivo, no fondo e nas formas. Só así se entende que o procedemento elixido fora limitativo, opaco, sen transparencia, á medida dos caprichos persoais da señora conselleira.

Así se fixo coa Lei 10/2016, de 19 de xuño, de medidas urxentes para a actualización do Sistema de transporte público de Galicia e co Plan de transporte relegado ao anexo da dita lei; o plan, no anexo, para limitar as aportacións dos grupos parlamentarios, para limitar as aportacións das institucións, organismos e colectivos afectados. E así se fixo coa Resolución de 29 de maio, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se sometían á información pública os anteproxectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada ao establecer única e exclusivamente dez días naturais para presentar alegacións —por certo, con dúas fins de semana por medio—; un procedemento para restar, non para sumar; un procedemento excluín-te; un procedemento alérxico ás aportacións; un procedemento só e transparente nas limitacións que conleva como tal.

Como tampouco houbo transparencia nos procesos seguintes nin un mínimo respecto aos procedementos habituais. É a primeira vez na historia de Galicia na que os pregos deste concurso non se publican nin no *Diario Oficial de Galicia* nin no Perfil do contratante. Non hai datos de modificación dos propios pregos, non constan o día e a hora da presentación das documentacións, non constan na páxina web da Consellería nin as rutas, nin as paradas, nin os horarios. ¿Ou é que non os hai? ¿Ou non os ten a Consellería? ¿Quen os ten, entón? Dende o punto de vista administrativo, semella que inventaron unha fórmula nova á marxe do costume e da práctica habitual.

Por certo, seguindo co procedemento, ¿alguén sabe onde están as actas de inauguración que exige o Regulamento de transportes e nas cales se comproba e reflicte que a concesionaria ten ou non ten os medios que ofertou? ¿Onde están? ¿Non o saben? Dígollelo eu: non se fixeron as actas de comprobación. Esa opaca e escurantista actitude procedemental ten o seu momento álxido no singular proceso de adxudicación, preservando unha enorme discrecionalidade na propia adxudicación. Pero se o nivel procedemental suscitou e suscita razoables dúbidas en canto á súa elaboración e aplicación, a elaboración da primeira fase do plan non suscitou ningunha. A señora conselleira comezou este proceso cargada de prexuízos, máis predisposta a confrontar que a consensuar. Preferiu apoiarse nun encargo externo de dubidosa legalidade na súa contratación e mesmo de dubidosa solvencia que apoiarse no persoal de transportes —central e provinciais— e en contrastados profesionais do transporte. Preferiu unha imposición do plan —ir a feitos consumados— que unha colaboración dos sectores implicados —concellos, sindicatos, as ANPA, empresarios ou usuarios— para a súa elaboración. Con esa actitude a señora conselleira situou en contra do plan todo o sector do transporte, como foi visible durante todo o verán. Os cualificativos que lle adicaron merecen reproducirse —polo menos algúns deles—: «unha operación de márketing», «despidos e precariedade laboral», «sen financiamento», «cargámonos o rural», «catastrófico a nivel empresarial», «desastroso desde o punto de vista funcional», «perda de tecido empresarial, sobre todo en Lugo e en Ourense»...

Constatouse que a elaboración do plan foi un proceso excluín-te, non participativo, con máis monólogo nas reunións que diálogo. E a aplicación do plan —con recoñecidas carencias, sen

rigor técnico, sen rigor económico e sen rigor xurídico— continúa a súa tramitación na fase de anteproxecto grazas ao inmenso traballo dos servizos provinciais de transporte para corrir os múltiples erros. Con este procedemento trapalleiro, modificable en cada momento segundo as circunstancias e sen claridade no deseño do plan, procedeuse ao deseño das rutas, das paradas, das frecuencias e dos horarios que debían constar nos pregos de concesións.

Remitidos os pregos ás concesionarias e a cada concello a parte que lle afectaba, detectáronse infinidade de incidentes que poñen en risco a viabilidade operativa da implantación da primeira fase do transporte no inicio do curso escolar; incidencias que afectaron fundamentalmente a propia realidade do servizo sobre o territorio: supresión de rutas, rutas incompletas e mal definidas, paradas confusas, horarios impropios, falta de coordinación entre as diferentes rutas... O aluvión de reclamacións foi, e ademais é, innumerable, constatado, ademais, polas propias adxudicatarias e a propia Consellería.

E esta situación de caos organizativamente, xa no tempo de desconto para poder operar o primeiro día de clases. A Consellería dá un paso desesperado e encomenda ás concesionarias...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...que aporten as rutas, paradas, horarios e coordinación dos seus ámbitos de servizo no prazo de tres días e á marxe dos propios pregos da concesión.

Xa remato, señor presidente.

Señorías, os excluídos na elaboración da primeira fase do Plan de transporte foron na realidade os que posibilitaron que onte —primeiro día da súa implantación— non houbera incidentes reseñables, agás que os potenciais usuarios do transporte compartido nin tiveran nin teñan coñecemento nin das rutas, nin das paradas, nin dos horarios.

O Grupo Socialista presenta esta iniciativa para facer...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...unha proposta de elaboración dun novo plan diametralmente oposta á elaboración feita pola propia Consellería nesta primeira fase, tanto no fondo como na forma, con respecto aos procedementos, coa máxima participación e cos recursos necesarios.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde.

Desde o BNG entendemos que neste tema se perdeu unha grande oportunidade de abrir un verdadeiro debate e un estudo dun plan integral de transporte público; dun modelo, en definitiva, galego de mobilidade adaptada ao territorio. En lugar desta oportunidade, a Xunta o que fixo foi escoller a vía dos parches, dos atallos, das présas e da improvisación. Unhas présas e unha improvisación que son, non como di a Xunta de Galiza consecuencia da renuncia ás concesións, senón dunha sucesión de decisións erradas tomadas polo Goberno galego entre os anos 2009 e 2016. Esa é a verdadeira causa desta chapuza de présas e improvisación.

A Xunta escolleu tamén a vía da falta de diálogo e da participación. E botamos moito de menos a non consulta, o non ter en conta a opinión dos concellos, como se demostrou, que son realmente quen mellor coñece o territorio e as demandas da poboación. E pódolles poñer moitos exemplos, pero voules poñer un: os oito concellos do Condado-Paradanta fixeron un documento, trasladáronllo á Consellería, reuníronse coa conselleira, e todo iso que pediron quedou gardado nun caixón.

A realidade é que agora, cando pasou pouco máis dun mes da entrada en funcionamento das novas concesións, confirmouse todo o que viñemos dicindo ao longo destes meses. Que se trata dun proceso cheo de erros e de irregularidades; erros —para empezar— polo traballo das empresas consultoras. E queremos preguntarlle aquí —e tamén llo preguntaremos na comisión— se realmente lles van pagar eses 800.000 euros polo traballo que fixeron, que é unha auténtica chapuza. Non sei se o decoro parlamentario nos permite dicir esta palabra, pero o traballo que fixeron estas empresas é unha auténtica chapuza, e non poden pagarlles eses contratos polo traballo que fixeron mal, deseñando rotas por lugares onde non vive a xente ou por onde non podían pasar os autobuses; ou rotas con viaxes de ida nun día e viaxes de volta ao día seguinte.

Tamén un proceso cheo de numerosas irregularidades. Para empezar, o incumprimento por parte das empresas dos medios ofertados nos contratos das novas concesións, ou os cambios continuos de roteiros e de horarios que se deron ao longo deste tempo. Cada vez que había unhas queixas a través de sinaturas, a través de protestas, resulta que autorizaban ás empresas concesionarias a volver ao pasado e repoñer as anteriores concesións. Isto, desde logo, non ten ningún sentido. Armar todo este desastre, toda esta trapallada, para volver recuperar as anteriores concesións.

O cobro de tarifas abusivas. Denunciamos que se estaban cobrando 6,90 euros na viaxe entre Viana e Verín, cando había que cobrar 1,40 euros. Curiosamente, ao día seguinte foron os inspectores da Xunta revisar esas liñas e pasouse a cobrar 1,40.

A non prestación de servizos. Isto está pasando aínda agora. Non prestación dos servizos adxudicados cando non hai persoas nas paradas de saída. Resulta que non sae o autobús porque non hai ninguén. Iso é un incumprimento flagrante dos novos contratos. Ou algo que nos parece aínda moito máis grave, a non información que se está dando nin prestación do servizo de transporte á demanda, que en teoría era a grande novidade deste novo sistema, desta primeira fase. Pois non se está cumprindo tampouco esa proposta.

Todo isto deu lugar a un aluvi3n de queixas e reclamaci3ns por parte de concellos e por parte de persoas usuarias. S3 no caso do Concello de Vilaboa recoll3ronse 2.000 sinaturas contra eses servizos que se empezaron a prestar. No caso de Moa3a, 500 alegaci3ns. Por iso n3s solicitamos, nunha das emendas que presentamos 3 proposta do Grupo Socialista, que se encargue un informe externo para avaliar o desenvolvemento do novo plan; que se faga unha avaliaci3n seria e que se faga consultando, desde logo, a todas as partes afectadas, comezando polos concellos, que son os m3is directamente afectados como representantes da cidadan3a 3 que se prestan estes novos servizos.

Outra das caracter3sticas deste proceso foi o escurantismo, porque realmente aqu3 se ocultan intereses moi escuros. Un escurantismo que levou 3 ocultaci3n da documentaci3n dos novos contratos, tanto a este grupo parlamentario como tam3n a moitas empresas que o solicitaron na sede da Xunta e 3s que lles dixeron que non hab3a persoal, que en agosto non se pod3a, que xa veriamos, que m3is adiante. Pois exix3moslle tam3n, a trav3s doutra emenda, que se lles dea toda esta documentaci3n a todas as entidades que o soliciten.

E queremos tam3n engadir a nosa preocupaci3n pola cuesti3n do emprego, por toda a incerteza que se est3 xerando sobre o emprego, pola perda de postos de traballo, pola reduci3n de salarios, pola precariedade que se est3 creando con estas novas concesions.

E menci3n 3 parte merece o tema do transporte escolar, ademais da dubidosa legalidade que ten o procedemento que utilizaron para rescindir os contratos, que acabará dilucidando a xustiza.

E un feito que sup3n un grave retroceso nun servizo p3blico fundamental: vostedes est3n creando alumnado de primeira e alumnado de segunda; est3n suprimindo literalmente o transporte escolar, integr3ndoo nas li3as regulares.

O se3or PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O se3or BAR3 TORRES: Son vostedes os que intentan quitar ferro a esta cuesti3n e ao mesmo tempo est3n facendo saltar as alarmas con supostas preocupaci3ns sobre a seguridade e sobre o risco que van correr os escolares, e est3n chamando 3 Garda Civil para que controle todo isto. Por iso n3s tam3n presentamos unha emenda para a retirada desta medida regresiva da integraci3n do transporte escolar, e defendemos unha alternativa que estaba funcionando ben...

O se3or PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O se3or BAR3 TORRES: ...que 3 o Tes+Bus.

Polo tanto, imos apoiar a proposta do Grupo Socialista e agardamos tam3n que se te3an en conta as nosas emendas.

Nada m3is e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O se3or PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, se3or Bar3.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas outra vez.

Xa temos denunciado o desleixo dun Goberno que durante anos non moveu un dedo para renovar o Plan de transporte, que non fixo o seu traballo durante sete anos e prorrogou un plan existente mentres dicía «*viva el vino*». Unha prórroga ilegal, amosando —ademais do desleixo e do gusto polo viño bo regalado— incapacidade de xestionar con garantías.

Tamén temos reprobado noutras ocasións a actitude do Goberno da Xunta á hora de abordar a creación deste novo Plan de transporte. Un Goberno no búnker que, a pesar de amosar a súa incapacidade, non quere escoitar a ninguén e non quere traballar de forma coordinada con todos os axentes implicados nin tampouco cos distintos grupos da oposición.

Coa posta en marcha das novas liñas —como xa previmos— chegou máis caos, e repaso algún dos titulares que saíron estes días: «*quejas de los usuarios por el transporte Salvaterra-Vigo*», «*confusión entre los usuarios en el arranque del Plan de transporte*», «*la Xunta ajusta horarios tras las quejas de los vecinos*», «*quejas por el Plan de transporte de la Xunta*», «*el Plan de transporte se estrena con incidencias por horarios y paradas*», «*Allariz se suma al goteo de quejas por las nuevas rutas del Plan de transporte*»; e o único que atopei en galego: «*o novo Plan de transportes iníciase cunha xornada caótica*».

Os xornais recollen queixas na Mariña, Lugo, A Estrada, Ferrol, Cedeira, Taboada, Monforte, Sanxenxo, Marín, Bueu, Allariz, Pobra de Trives, Salvaterra, O Porriño, Pontearreas, Salceda, Mondariz, Mondariz-Balneario, Covelo, As Neves, Melón, Ribadavia ou Chantada. Estas son tan só as localidades que saen reflectidas nos medios de comunicación.

A posta en marcha da chapuza organizada pola conselleira de Infraestruturas trouxo liñas novas con cero viaxeiros; veciños indo aos concellos a poñer queixas; reducións de frecuencias de ata o 50 % nalgunhas liñas; xente colgada do teléfono buscando información dende as paradas e estacións, collendo taxis ou preguntando aos condutores, que en moitos casos tampouco tiñan nin idea dos novos horarios.

No caso do transporte compartido, as empresas descoñecían, tres días antes do comezo do curso, cal era a ruta que tiñan que facer, e así dificilmente poden informar ás usuarias.

As usuarias din que non teñen información e que o servizo en moitos lugares se veu sensiblemente mermado. Os concellos din que non se tiveron en conta para poñer en marcha este propósito e que reciben constantes queixas das veciñas. Os representantes dos traballadores denuncian problemas coas subrogacións, incerteza, e advirten tamén, ante as queixas dalgúns concellos coas novas liñas, que o problema é xeneralizado pero que os alcaldes do PP calan.

As empresas de autobuses din que están condenadas a elixir entre quedar sen carga de traballo ou optar a concesións ruinosas, provocando a inestabilidade no sector; unha insufi-

ciencia económica que dificulta o cumprimento dos acordos negociados cos sindicatos. Din tamén que houbo innumerables incidencias coa posta en marcha das novas concesións debido á improvisación do Goberno da Xunta de Galicia.

Das catro federacións galegas de empresas de autobús: Fegabus, Anetra, Transgacar e Fegativi, só esta última amosou o seu apoio ao plan da Xunta. Federación presidida por Javier de Bidegain, ex subdirector xeral de Ordenación do Territorio, ao que a Xunta de Galicia pretendeu potenciar como interlocutor dos empresarios. E a Xunta quedou soa dicindo que o plan se iniciou con normalidade.

Tamén dixo o Goberno que as adxudicacións directas as fan con carácter extraordinario para non quedar sen transporte. Que antes de aprobar este plan perigaba que Galicia tivese transporte, admitindo improvisación e mala xestión, porque, evidentemente, sen mala xestión non tería por que perigar o transporte en Galicia.

O conflito que estamos a abordar é o resultado da improvisación e mala xestión e da inmovilidade da responsable de Mobilidade durante as negociacións. O Goberno podía atopar solucións pactadas, podía dialogar e podía buscar consensos, e, en vez diso, a conselleira optou polo autoritarismo propio do Partido Popular e por impoñer un Plan de transporte que non convence absolutamente a ninguén.

Fagan vostedes autocrítica e non repitan a estratexia de cara ao 2019, cando culmine a reordenación do sistema de transporte público de Galicia. Viren o rumbo, poñan en marcha unha mesa de diálogo con todos os actores implicados, impulsen unha comisión no Parlamento e doten o plan dos recursos orzamentarios precisos para non condenar o sector á precariedade. E, de paso, vaian pensando en depurar responsabilidades.

Pola nosa banda, contarán coa nosa colaboración para poñer en marcha o mellor servizo de transporte público para a cidadanía.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas e boas tardes de novo.

Pois eu a verdade é que, despois de escoitalos, creo que seguen nos prexuízos que tiñan en xullo. Non parece que levemos cinco semanas vendo funcionar esta primeira fase do Plan de transporte.

Permítanme que comece coas mesmas verbas que rematei cando compareceu a conselleira de Infraestruturas e Vivenda no pasado mes de xullo, que non é doutro xeito que felicitando a conselleira e o seu equipo polo traballo que están facendo e polo resultado nun tema tan com-

plicado. Porque, ao contrario dos negros presaxios que fixeron os grupos da oposición —e que seguen facendo, polo que vexo—, levamos unhas semanas implementando esta primeira fase do Plan de transporte con total normalidade, señor Cal, e desde onte —o que pasa é que os colleu mal, contaban con que onte houbera problemas— tamén o transporte escolar con total normalidade. (*Murmurios.*) As cousas... Case diríamos que menos que outros anos. É que son máis de 500 liñas de transporte, máis de 500 liñas con total normalidade desde onte.

Gustárame tamén aproveitar e agradecer o traballo deses miles de traballadores que están a facelo posible, con diálogo e colaboración constantes dos seus representantes e dos sindicatos coa Xunta, o que eu tamén creo que é algo para alegrarse, entendo que é unha gran noticia, porque ademais esta modernización do transporte creo que é un elemento clave para a igualdade, a integración e o desenvolvemento do rural. O único no que nós creo que debiamos de estar é en intentar seguir traballando, en seguir mellorando estas liñas, e divulgar e difundir estes novos servizos para que poidan ser utilizados por máis persoas, especialmente no rural. E coa experiencia destes meses e os dous próximos anos, facer o mellor plan posible no 2019.

Na comparecencia, conselleira, díxenlles tamén que había uns temas nos que eu cría que hai que ter unha visión máis alta, unha visión de país. E, polo que vexo, seguen anclados nunha oposición partidista e destrutiva e non nesa oposición construtiva que demandan. Seguen facendo unha lectura parcial, unha lectura nesgada, subxectiva, que creo que é pouco axustada á realidade e que axuda pouco a mellorar este plan.

A PNL —aínda que non o pareza, porque aquí se falou de todo— é sobre participación nesta tramitación. O plan é xa, señores do PSOE, un plan participado, dialogado e con transparencia. Recorden, consultouse amplamente cos concellos. Houbo 14 reunións comarcais; mandáronse enquisas a 279 concellos, dos que contestaron 169 con suxestións; tratouse o tema en todas as reunións da Comisión de seguimento; e estivo sometido a ampla información pública na que participaron sobre todo as empresas, porque, como se dicía, os intereses das empresas era o que estaba poñéndose ao interese xeral de Galicia.

Abordouse ademais o plan coa Fegamp, coas ANPA, coas asociacións de transportes e cos sindicatos, co que, por certo, se pechou un acordo referencial en materia laboral. Creouse unha comisión de seguimento cos sindicatos maioritarios —UGT e Comisións Obreiras— que xa leva tres reunións de seguimento. E a Xunta está a seguir mellorando e axustando este plan.

É un plan vivo que hai que seguir facendo, mellorando, implementando e dándoo a coñecer. E que siga construíndose con todos os que queiran axudar.

Pero vostedes seguen utilizando os mesmos argumentos e seguen incluso —señor Bará— falando de irregularidades. Acabamos de recibir unha segunda resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais que volve, por segunda vez, dar a razón á Xunta de Galicia nesta tramitación. Unha vez confirmada esta corrección xurídica do plan, cómprelles aos axentes implicados seguir traballando.

Eu creo que os grupos da oposición deberían axudar a mellorar este plan, por iso non podemos apoiar esta proposición non de lei. Está sendo participado amplamente. No tema dos

orzamentos os compromisos da Consellería son claros, e o orzamento do ano que vén aumentará notablemente as partidas en mobilidade, como recollen os compromisos que neses contratos se fixeron.

E ademais o plan entendemos que é un plan técnico que xa veu aquí e vai seguir vindo todas as veces que se queira, pero a súa tramitación a través da Cámara...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...—remato xa, presidente— o único que pode facer é unha dilación excesiva.

Por último, en canto á emenda do BNG, eu teño a total seguridade de que a Xunta facilitará a quen o demande toda a información que soliciten en relación con estes expedientes de novos contratos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten a palabra, por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei, o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Señor Bará, ao informe externo para analizar a implantación dáme a sensación de que chega vostede tarde. Dáme a sensación de que xa pode estar adxudicado, e voulle dicir xa o resultado: extraordinaria implantación. Tempo ao tempo.

¿Falla de persoal nas delegacións? Evidentemente, oito anos desmantelando e desincentivando os servizos provinciais, é o resultado adecuado.

En canto a algunha incidencia, miren vostedes, non tiven que viaxar moi lonxe. Contáballo agora mesmo á señora Presas. Recorrín dende o meu concello, Castrelo do Val, entre Verín e Campobeceros, 21 quilómetros. De 400 metros de altitude a 1.200 metros de altitude, 10 paradas, por carreteras da Xunta e por carreteras locais. Tempo de recorrido do prego, 15 minutos. Non sabía eu que se estaba construíndo o AVE desde Verín a Campobeceros, *(Risos.)* que xa se fixo con esa previsión. *(Aplausos.)* Porque 25 quilómetros por estradas locais, con 10 paradas, presupoñer que os fan en 15 minutos, ¡xa me dirá!

Señor Fernández Prado, ¿participación? Si, despois de recibido o plan da Xunta. Agora mesmo hai unha participación extraordinaria con alegacións e mostrando as incidencias de cada sitio. Tal como fixo, por exemplo, o meu alcalde, que non lle coincide nada de nada. ¿Orzamentos aumentados este ano? Evidentemente. ¿E para o ano que vén? Evidentemente. Nos orzamentos de 2017 hai cero euros para o transporte interurbano. Mire que sinxelo, ¿como non van aumentar? Cero deste ano, e ademais vanos aumentar nunha porcentaxe ata o infinito, aínda que soamente poñan un.

Mire, para facer algo de historia, os gobernos do señor Feijóo desde o ano 2009 tiveron oito anos para evitar este conflito pasado. Non foron capaces. Pasaron dez anos dende que se coñeceu o Regulamento europeo, oito anos dende a entrada en vigor no ano 2009, sete anos dende a resolución ilegal da Dirección Xeral de Mobilidade en 2010. En todos estes anos non se fixo absolutamente nada polo transporte, foron anos absolutamente perdidos. O que podía ser unha oportunidade, foi absolutamente derrochado polos gobernos do señor Feijóo. Nin se avanzou en modelo, nin en deseño, nin en buscar complicidades, e ao final, nun ano —tal como avisamos os grupos da oposición—, ás carreiras, desenfreados, con prexuízos xa iniciais máis tendentes a chocar que a arrimar o ombro. Bueno, jasí saíu! Saíu un plan sen rigor técnico...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...sen rigor económico e sen rigor xurídico. É xustamente un plan de despacho absolutamente alleo ao territorio, tal como llelo digo.

Xa vou terminando.

Onte funcionou sen incidencias —xa llo dixen na miña intervención— porque os que foron excluídos da participación anteriormente dedicaron tres días intensamente, durante moitas horas e con varias persoas, para axustar horarios, axustar rutas, axustar paradas e remitirllas á señora conselleira para que tirara o plan que planificara a súa asistencia persoal e votaran este, que era moito máis válido.

Miren...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...a iniciativa que sometemos a esta Cámara quere poñer en evidencia os procedementos e carencias da elaboración da primeira fase para facer unha proposta de participación, de diálogo, de avaliación de recursos e de tramitación nesta Cámara tal como lle corresponde como plan estratéxico.

Imos aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego porque cremos que fai unha aportación máis á nosa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en funcionamento polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros, de xeito que se garanta de forma efectiva a igualdade de oportunidades a toda a poboación de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Proponse substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a aplicar unha moratoria que evite a extinción, reorganización ou peche de centros de ensino público e a pór en funcionamento, de maneira inmediata, os mecanismos precisos para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros de xeito que se garantan de forma efectiva a igualdade de oportunidades de toda a poboación galega, especialmente no rural, incluíndo nelas todos os criterios e extremos precisos para acadar a devandita igualdade.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Manuel Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Creo que traio aquí unha iniciativa abocada ao máis estrepitoso fracaso, e aínda así, como o Regulamento da Cámara me concede este tempo, vou empregalo para facer seguramente un exercicio dialéctico inútil, pero necesario.

Vanme permitir, antes de nada, que lle diga ao señor Fernández Prado que ten que ser unha situación ben comprometida. Unha de dúas, ou saír aquí a faltar á verdade ou ter un descoñecemento absoluto da Administración á que vostedes defenden. Porque, tal e como acaba de sinalar o meu compañeiro, o deputado Raúl Fernández, o transporte escolar funcionou porque nos últimos tres días chamouse a arrebatado desde as xefaturas territoriais para que as empresas viñeran amañar a desfeita (*Aplausos.*) que ía ser inminente no día de onte. (*Aplausos.*) Esa é a realidade, e se vostede (*Murmurios.*) non a coñece, ¡mal imos!

En todo caso, centrándonos no obxecto desta proposición non de lei, como vostedes coñecen á perfección, partimos dunha situación na que a promulgación no ano 1990 da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo supuxo un cambio importantísimo na estrutura das ensinanzas, tanto da educación primaria como de bacharelato e formación profesional ata aquel momento existentes. Partiamos —como sabemos tamén— dunha estrutura deseñada pola Lei xeral de educación. Esta Lei xeral de educación —e vanme permitir vostedes esta pincelada histórica— foi a primeira que se promulgou e que ordenou o sistema educativo desde a famosa Ley Moyano de 1857. É dicir, tardamos cento trinta anos como Estado en facer unha lei educativa para adaptar toda a gratuidade e obrigatoriedade das ensinanzas ata os 14 anos. Polo tanto, tiñamos EXB, tiñamos bacharelato unificado e polivalente e formación profesional de primeiro grao, e foi necesario adecualo a outra realidade de ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclos de grao medio e ciclos de grao superior, etc.

Na nosa comunidade autónoma —como sabemos e tamén sabe o Grupo Popular— creouse unha nova tipoloxía de centros que é certo que non contou naquel momento co aplauso uná-

nime do Ministerio de Educación, que son os centros públicos integrados; modalidade organizativa que parece tamén chamada á extinción progresiva dalgún xeito, como temos visto, en función da senda iniciada a finais do curso pasado.

Naquel momento —estou a falar da década dos anos noventa— o Goberno da Comunidade Autónoma tomou unha decisión valente, tomou unha decisión necesaria, que foi elaborar un documento extenso e detallado que se deu en denominar Rede de centros, no que se establecía que centros ía haber na comunidade autónoma, cales eran de nova construción, que ensinanzas ía haber en cada un deles e como se ía escolarizar o alumnado entre elas. Ademais reguláronse os catálogos de profesorado de cada un deses centros e leváronse a cabo o que se denominou procesos de adscrición. É dicir, os profesores movéronse, cando foi necesario, dun colexio de educación primaria a un instituto de educación secundaria —ou non— en función das necesidades e en función dun proceso claro, transparente, regulamentado e público, a diferenza de todo o que se está facendo ultimamente, no que ningún destes adxectivos é aplicable ao modelo que se segue. E non é aplicable porque, se houbo algo que caracterizou todo o procedemento de elaboración da Rede de centros e da súa aplicación, foi o diálogo. E sobre todo con dous estamentos fundamentais: as administracións locais —é dicir, os concellos concernidos— e o profesorado.

Desde aquel instante, desde aqueles anos, producíronse moitísimos cambios. O primeiro deles e máis importante, unha grave crise demográfica, da que con frecuencia se fala neste Parlamento porque é unha realidade que nos afecta e que supón que hai unha diferenza aproximada de 6.500 alumnos entre o ano 1998 e o ano 2016, en doce anos, e eses son moitos alumnos de diferenza.

Isto dá lugar a que se estean detectando situacións graves que xa se teñen posto de manifesto neste mesmo Pleno, na moción do Grupo Parlamentario de En Marea que debatemos anteriormente, que trae como consecuencia unha redución da oferta educativa que afonda nas diferenzas entre os concellos e afonda máis no desmantelamento de servizos públicos.

E tamén temos outra realidade —gústenos ou non— que ademais foi recoñecida explicitamente —creo que de forma errónea— polo propio conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no último Pleno, cando interpelado sobre a cuestión relativa a toda a redución de unidades e peche... —non, perdón, non era peche, era a extinción de centros educativos—, dicía que eses alumnos ían saír favorecidos porque ían a centros onde hai máis alumnos e, polo tanto, tiñan opción a ter máis optativas. Polo tanto, *a contrario sensu*, onde non hai suficientes alumnos, os alumnos teñen menos opcións, e iso é unha cuestión de país, é unha cuestión de política con maiúsculas, é unha cuestión de compromiso político que debemos asumir. E como Parlamento desta Comunidade Autónoma debemos instar a que o Goberno leve a cabo.

Non é menos certo tamén que no caso da formación profesional, da que seguramente teremos ocasión de falar ao longo deste período, posto que as cifras de matrícula e as cifras de vacantes —que veñen sendo a resta entre o total de prazas ofertadas, unhas e outras— van dar lugar a que vexamos como a rede de ensinanzas de formación profesional non está adecuada á nosa realidade produtiva. ¿E por que? Porque temos unha oferta de formación profesional que se

deriva en moitísimos casos — máis dos que serían aceptables— da antiga rede de formación profesional de primeiro e segundo grao. Polo tanto, transformamos ensinanzas pero non adecuamos as profesións nas que se poden formar os alumnos á realidade produtiva dos centros. E así estamos formando, no mellor dos casos, a alumnos que non van ter colocación no seu contorno. Digo no mellor dos casos, porque noutros casos xa nin hai esa opción.

E, por último — como lles dicía antes—, produciuse nos últimos meses, nos últimos anos, pero con maior intensidade a final do curso pasado, unha auténtica convulsión dentro do sistema educativo, seguramente desde o punto de vista do Partido Popular desmesurada, na que os partidos da oposición —cousa inaudita nos sistemas democráticos— buscan conflito social para defender as súas políticas. É dicir, crean o conflito. Non é que estuden o conflito e propoñan alternativas, é que crean o conflito, que é o que se nos veu dicir aquí que facemos os grupos da oposición. E como consecuencia de todas esas realidades estamos modificando a rede de centros puntualmente, curso a curso, aparentemente sen ningún criterio de planificación máis que a mera oportunidade como consecuencia da redución de alumnos. E se de paso esa redución se leva a cabo —con algunha que outra excepción— en concellos nos que o Partido Popular non ostenta o Goberno, resulta particularmente máis doada de levar a cabo. Xa digo, non foi o único caso, tampouco teño tan pouca memoria.

Polo tanto, entendemos como grupo parlamentario que chegou xa o momento de facer unha planificación seria, obxectiva e que conte —como contou no ano 1996— co necesario consenso. E fíxense que no ano 1996 gobernaba tamén o Partido Popular nesta comunidade autónoma. É dicir, estou recoñecendo que, se queren, saben facer ben as cousas; se non queren, evidentemente non. Se consideran que todo o que fan é correcto e que non necesitan a cooperación de ningún tipo de axente para levar a cabo as súas políticas, estaremos todos abocados a que, en tanto en canto o rodillo do Partido Popular teña maioría suficiente neste Parlamento, os demais estaremos meramente como elementos decorativos e con pouca capacidade —polo menos, no ámbito educativo— para levar a cabo ningunha proposta que mereza a súa aprobación.

E, polo tanto, o que pedimos é que este Parlamento aprobe instar o Goberno galego a poñer de xeito inmediato en funcionamento os mecanismos precisos para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros, de xeito que se garanta de forma efectiva a igualdade de oportunidades de toda a poboación da nosa comunidade autónoma, incluíndo nela todos os criterios e extremos necesarios para acadar a dita igualdade. E, cando falamos de igualdade, volvo referirme a determinadas configuracións nas que o número de alumnos non permite que se lles oferten asignaturas que, aínda podendo parecer optativas, resultan ser de vital importancia para a formación ulterior deses mesmos alumnos.

E respecto da emenda de substitución do Bloque Nacionalista Galego, permítanme dicirlles que, ¡home!, poderían vostedes ter sido un pouco máis humildes e poñer emenda de adición, porque en realidade o que fan é engadir un parágrafo ao noso, non substituílo. E, polo tanto, se transaccionamos e poñemos como engádega a súa primeira frase e como punto número 2 desta emenda, non imos ter ningún problema en aceptala.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Ben, grazas, presidente.

Foi pensada así, neses termos de modificación substancial do que vostedes presentaban como engádega ao que vostedes formulaban. O que pasa é que eu púxeno como emenda de modificación, e aquí o que se modifica substitúe o orixinal. Pero paso a explicar cal é a razón pola que nós incluíamos iso, que é precisamente por unha das cuestións das que falaba agora o portavoz do Partido Socialista.

E é que estamos diante —vivímolo ademais nas vésperas do remate do curso académico 2016-2017— de que de maneira unilateral, e ademais —como xa o temos denunciado nesta Cámara— sen ningún tipo de diálogo, mesmo ocultándolles información a este Parlamento, ao profesorado, ás ANPA e demais axentes da comunidade educativa, se pecharon escolas dun día para outro. Intentabamos, no caso de saír adiante esta iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista, incorporar esa engádega para que se free desde agora mesmo calquera intención que poida ter a Xunta de Galiza non só de pechar centros de ensino público —como dicía o portavoz do Partido Socialista—, senón que tamén incorporabamos, nesa neolingua na que nos falaba esa orde da Xunta de Galiza, da Consellería de Educación, posíbeis extincións ou reorganizacións de centros que non sexan consensuadas ou dialogadas co conxunto da comunidade educativa. Nesa liña ía a nosa emenda de engádega, cunha cuestión a maiores: que eses criterios que busquen ou procuren a equidade e a igualdade se centren, sobre todo, en garantila nos espazos rurais. Falábase con anterioridade precisamente de que precisamos plans, políticas específicas, para atender a realidade do rural do noso país.

Nós concordamos no BNG coa proposta que formula o Partido Socialista. Ademais, entendémola non só a respecto do mapa de centros, é dicir, de se hai que crear ou pechar centros, senón que é necesario que se abra o melón de cuestións que atinxen non só ao espazo rural senón tamén aos espazos máis poboados do noso país e ás cidades; por exemplo, a zonificación. Nós temos mapas de centros que foron elaborados en momentos onde a realidade demográfica das cidades era a daquela altura. Pero é que agora —por sorte ou por desgraza— as cidades mudaron moito, e moitas veces os mapas de centros e a distribución do alumnado dentro das propias cidades —isto acontece moito en Lugo— non se axustaron a esas mudanzas demográficas. Ese espazo de diálogo para redefinir ese mapa pode servir para abrir ese debate.

Nós tamén entendemos que pode servir para abrir outro —interesante desde o noso punto de vista—, que é cesar, por exemplo, poñer freo, rematar co financiamento de centros privado-concertados que están aumentando unidades cos cartos de todas e de todos, existindo centros públicos na mesma cidade —estou pensando na Casa do Neno, aquí en Santiago de Compostela—. Podemos abrir ese debate: ¿necesítase ampliar o número de unidades na privado-concertada habendo matrícula e suficiente espazo para acoller máis crianzas no ensino público? —unha das cuestións das que se falaba precisamente tamén na iniciativa anterior, por pro-

posta de En Marea—. Falábase aquí do criterio de 6 crianzas. Quizais poidamos abrir o debate de se se mantén ou non ese criterio, de se hai que modificalo en virtude da realidade demográfica que temos no noso país e se consideramos que reducir esa ratio pode ser unha medida para garantir que a medio e longo prazo se manteñan as poboacións e se fixe nova poboación en determinadas localidades ou comarcas. Nós cremos que pode ser ese espazo de diálogo que abrangue —como recolle esa iniciativa— o conxunto da comunidade educativa unha boa maneira, polo menos, de, no caso de que entre todas e todos entendamos que hai que recompoñer ese mapa, que hai que redefinilo, que hai que axustalo á realidade galega do ano 2017 e que se faga de maneira dialogada, de que non volvamos ver o que aconteceu nas vésperas do remate do curso académico 2016-2017 e como se pechan... Porque foi así, o Emilio Navasqüés pechou, non volveu abrir, ¿verdade? Pechou o pasado curso. E por iso —insistimos— xa incorporamos a neolingua da Xunta á extinción ou reorganización de centros como os que vivimos hai escasamente uns meses. Nós entendemos que si é preciso abrir este debate.

Concordamos tamén a respecto da formación profesional. Hai casos de centros aos que lles foron rexeitados ou denegados ciclos de formación profesional —graos superiores de traballos forestais, por exemplo, en Catro de Rei, cos que pretendían pechar o círculo de formación en materias agrarias e vinculadas tamén a un dos sectores produtivos máis vencellados ao propio concello—.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, xa remato.

Consideramos que tamén é necesario darlle unha volta e ver como a través da formación profesional podemos garantir saídas laborais tamén para a nosa poboación, adaptándoa á realidade e ao desenvolvemento endóxico das nosas comarcas.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Boa tarde a todas e a todos.

Ben, o tema parécenos ben importante, e agrádese a síntese bastante precisa e moi aperiada de tantos anos de plans. Estamos mudando e necesitamos novos modelos obviamente.

Nós cremos que hai catro principios que deben terse en conta á hora de analizar a rede de centros. O primeiro, que é unha responsabilidade absoluta da Administración, é garantir a equidade e a igualdade de oportunidades. Iso é obvio, máis claro a auga. Outra cousa é que iso se faga na realidade. Un segundo principio é dotar de medios humanos e materiais necesarios tendo en conta a realidade socioxeográfica da nosa comunidade. Tamén hai outro principio importantísimo, que é a flexibilidade á hora de adaptar a oferta educativa ás distintas situacións. E tamén debería ser un principio acadar a participación de todos os axentes

implicados —a comunidade educativa, os sindicatos, as asociacións de nais e pais, os partidos da oposición e os docentes—, porque, se non, calquera medida que se tome vai ser realmente unilateral e autoritaria —que é, creo eu, como está sendo—.

Despois, para falar disto hai que falar do principio de coeducación tamén. Entón, en primeiro termo, hai dicir que, claro, que aquí se falou, dende o meu punto de vista, con toda claridade por parte da miña compañeira Luca Chao: no Regulamento non hai nada que impida que unha persoa... E somos equipo, estamos comunicadas. E fixo unha defensa compartida absolutamente por min e creo que por todo o grupo parlamentario.

Polo tanto, nós cremos —nós e cremos que toda a comunidade, que dende hai máis de dez anos, doce ou trece anos, houbo moitos movementos, moita loita, porque hai unha conciencia clara, e non só en Galicia senón en moitas outras partes da Península— que o rural está en desvantaxe, que o rural está sufrindo realmente un problema severo de discriminación. Entón, nós cremos que é necesario un marco lexislativo —que é o que se defende— no que atinxe aos requisitos mínimos, á estrutura organizativa, ao funcionamento, para que se poña en valor algo que si que ten que ver coa nosa identidade. E, dende logo, se hai algo que defender e protexer é o rural.

Dicía Galeano: «Unhas persoas pequeniñas nun lugar pequeniño, con cousiñas pequeniñas, poden transformar o mundo». A miña compañeira falaba en positivo de que o modelo leonés, de Castela-León é eficaz. Hai outras comunidades nas que as ratios son de 3-4 alumnos, porque cren na cohesión social. Para facer crer, hai que crer. E entón, aquí, o xogo das verdades e das mentiras é un xogo moi perigoso. ¿U-la discriminación positiva? ¿Non é certo que no rural os alumnos teñen menos apoio, menos especialistas, menos oportunidades? ¿Non é certo que se estea infravalorando o rural? ¿Non é certo que houbo nestes dez últimos anos 200 peches? ¿É verdade? ¿É mentira? ¿É autoengano? ¡Hóuboo! Hóuboo, si, señores.

Entón, nós rexeitamos as medias verdades. Nós rexeitamos tamén —porque é un atentado contra o principio de igualdade— os centros segregacionistas. Hai algo que está en contra da igualdade de oportunidades, hai varias cousas. Unha cuestión é a segregación por sexo e outra cuestión é a segregación económica, por condición económica. E hai que ter en conta que hai unha poboación altísima, o 25,4 % de taxa, en risco de pobreza ou exclusión social. ¿U-las medidas para abordar os problemas de nenos con problemas de exclusión social? Son variables que consideramos prioritarias. Polo tanto, cando se fala de desmantelamento ou cando se fala de discriminación, non é algo que invente ninguén, non son palabras de hoxe, son palabras que veñen de anos movendo consciencias porque son realidades.

Entón, respecto de algo que dicía o señor Álvarez, que é moi importante, que é contar con que as decisións non sexan unilaterais, cremos que hai moitísimas cousas que se están facendo de costas á comunidade. É inadmisíbel, por exemplo, que haxa dous decretos no verán.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio, por favor!

A señora CUÑA BÓVEDA: Un deles é o que leva á concesión das concertacións ata o ano 2022-2023. Porque a LOMCE só obriga a facelo en primaria, e vostedes fano contra todos os grupos e no período, para que pase desapercibido, de verán. E o que é máis intolerable é que é un atentado ao principio de igualdade, coeducar é educar persoas dende a igualdade de valores e á marxe de que sexan nenos ou nenas. Ese é o principio fundamental da igualdade. Polo tanto, o que vostedes están facendo é mantendo liñas contrarias á igualdade, tanto no ensino no rural como no tratamento de negocio de finalidade economicista absoluta...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...respecto do ensino concertado, que nós rexeitamos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señorías.

Señor Álvarez, vostede iniciaba a súa intervención dicindo que ía facer un exercicio de dialéctica inútil, e a verdade é que eu quero quitarlle esa idea da cabeza. Porque eu digo sempre —ténho dito moitas veces aquí arriba— que lle presupño a todos os que nos sentamos nesta Cámara, sexan do partido que sustenta o Goberno ou da oposición, cando menos o mesmo interese que teño eu por traballar de xeito construtivo para mellorar a realidade de Galicia. Polo tanto, para que non caia no desalento, voulle lembrar un artigo fermoso de Florentino López Cuevillas, que se chama *Sementeira*, do ano 1951, no que dicía que «non dubidedes se cando traballades en nome de Galicia sementades ou soamente esparexedes. Pensade que calquera traballo, ben sexa grande ou pequeno, ben sexa duro ou livián, que se faga en nome de Galicia é sempre sementeira». Entón non se preocupe, que todo o traballo que vostede fai nesta Cámara tamén é sementeira. (*Aplausos.*) Pero do mesmo xeito é o que facemos os deste grupo. (*Aplausos.*)

E, como dicía, é curioso falar de iniciativas e está ben traer iniciativas construtivas e propostas con idea de que o Goberno as implemente cando se está na oposición. Pero tamén é curioso que, cando se estivo no Goberno e se tiveron responsabilidades na Consellería de Educación, non se implementasen medidas destas características. Iso tamén é algo, cando menos, chamativo; sobre todo, para o grupo que propón un cambio desta liña. Pero eu creo que tamén hai que ter presente cal é o contexto. E, nese sentido, o contexto no que estamos —que é un contexto de negociación dun pacto social e político pola educación nas Cortes Xerais a nivel nacional— pois quizais non sexa o contexto máis acaído para acometer unha reforma en profundidade da rede de centros en Galicia. Porque vostede sabe que o resultado dese pacto educativo pode traer cambios na lexislación educativa que xa de por si impliquen unha

redefinición das redes de centros. Entón, nese sentido, eu creo que todos debemos agardar a que se resolva ese contexto, agardar a que se resolva ese pacto social e político —e eu agardo que todas as forzas esteamos á altura do que a sociedade nos demanda—. E, nese sentido, unha vez que isto se resolva, poderemos acometer ou pensar en acometer medidas de reestruturación da rede de centros en Galicia. Eu creo que ese sería o procedemento lóxico na situación, no momento e no contexto concreto no que nos atopamos.

Pero tamén, cando vostede falaba de exercicio de dialéctica inútil, creo que de fondo vostede o que estaba era recoñecendo que, cando se presentou esta iniciativa —que era unha iniciativa que respondía a unha situación concreta, a un contexto concreto, cun problema moi concreto, moi particular, enriba da mesa, que era a reorganización de centros que se fixo ao final de curso—, co tempo que foi pasando dende aquela ata hoxe, ao final o que fixo foi dalgún xeito situar as cousas onde dende o Grupo Popular se dicía que ían estar. E era que esa decisión era unha decisión que obedecía fundamentalmente a criterios pedagóxicos, a criterios técnicos; e, en definitiva, pretendía mellorar a calidade do ensino en todas estas localidades nas que se levou a cabo a reorganización. Coido que deberían ser honestos e recoñecer o traballo da Administración educativa, xa que o traballo feito pola Consellería foi ben visible. E, ademais, dáse a casualidade de que os feitos referendaron este traballo.

Todos debemos coincidir na idea —e creo que niso ninguén vai discrepar— de que a rede de centros non obedece a unha realidade estática senón que debe ser permeable ao propio dinamismo da sociedade. Polo tanto, en cada curso hai que analizar a nova situación demográfica e tamén a realidade das instalacións e dos recursos educativos para adaptala ás novas necesidades e mellorar a oferta educativa en cada caso. A iso responden as reorganizacións de centros que fixo o Goberno galego e que seguirá facendo, e que foron tan criticadas pola oposición.

Nós sempre defendemos que era preciso levar o debate partidista lonxe do sistema educativo, porque sempre tivemos a convicción de que a educación ten que ser un espazo de traballo común e de consenso en busca de resultados positivos para a sociedade. E non un espazo para loitas que obedecen a outro tipo de intereses absolutamente espurios e moi alonxados do que a sociedade demanda dos seus representantes. Hai que lembrar agora como se pretendeu politizar nesta Cámara e nas rúas unha decisión que obedecía a criterios e a razóns —como dixen antes— puramente pedagóxicas e de mellora da calidade do ensino, ata o punto de xudicializar estas decisións nalgúns dos casos. Pero foi neste momento cando a propia Administración de xustiza, a través de dous autos, ratificou a decisión tomada polo Goberno galego e reforzou os argumentos que se esgrimían dende o Goberno. Vou sinalar simplemente unha serie de cuestións que sinalan os autos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en referencia ao caso das Pontes. Falábase de que ía haber problemas coa atención ao alumnado con necesidades educativas específicas. Di o auto: «Os recorrentes volven incidir nun plantexamento que nos resistimos a compartir, cal é que a atención psicopedagóxica coa que estes alumnos contan no CPI non lles será dispensada nos centros de adscrición, cando os datos ofrecidos pola Administración desmenten semellante aserto. A atención, lonxe de empeorar, haberá de mellorar» —di o auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia— «en reforzo e proxectos. Lonxe de supoñer a integración un prexuízo para os alumnos que se forman a través de proxectos, implicaría unha oportunidade para incrementar o

número dos seus destinatarios aínda que iso exixa un esforzo suplementario inicial no que todos han de implicarse no seu desenvolvemento».

Sobre a ratio de alumnos, tamén di que as propias ratios van ser incluso menores porque se obrigarán ao desdoblamento de unidades e, polo tanto, estarán en ratios menores das que estaban no centro anterior.

En definitiva —e xa para rematar—, temos a ocasión de deixar a un lado liortas partidistas para traballar man con man a prol da mellora do sistema educativo. E temos un bo contexto para facelo na negociación dese pacto social e político pola educación. Polo tanto, señorías, centremos todos os esforzos nesta fulcral tarefa para o desenvolvemento do noso futuro e rematemos dunha vez coa utilización política da educación. Xa que, aínda que vostedes poidan pensar que a curto prazo esas liortas poden dar réditos políticos, o que provocamos é que a medio e longo prazo a sociedade perda confianza nos seus representantes. E coido —como dicía ao principio da miña intervención— que ningún dos que aquí estamos desexamos iso.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández Gil, éme forzoso recoñecer que estivo vostede a piques de emocionarme. Sen embargo —posiblemente debido á alta temperatura que rexistramos nesta sala—, a miña capacidade lacrimóxena está mermada e, polo tanto, entenderá vostede que cando vostede fala de semente eu lle teña que responder que é difícil que sementando algo no deserto acabe medrando nada. (*Aplausos.*) E, polo tanto, semente no deserto, mal asunto. (*Aplausos.*) Que conste que estivo a piques...

Xa que vostede trouxo unha cita dos anos 50, eu ía traer outra de factura moitísimo máis recente —que seguramente que todos os que estamos aquí coñecemos—, que sería a que di: «Bueno, pois moi ben, pois adeus», e acabar. Pero, bueno, merece a pena empregar o tempo aínda que sexa para sementar no deserto, porque dixó vostede cousas realmente notables. Unha, a primeira, vincular a rede de centros ao pacto social e político pola educación. ¿Que terá que ver unha cousa coa outra? ¿Espérase acaso unha modificación estrutural das etapas educativas como consecuencia dese pacto que supoña unha modificación da rede de centros? Non. Non, señor Fernández Gil. A ver, sexamos un pouquiño serios. Busque vostede argumentos, pero este, francamente, é un pouquiño forzado.

Esta PNL —mal que lle pese— non ten nada que ver coa situación que se produciu a final de curso, aínda que podemos recoñecer que esa situación serviu de combustible para traer esta iniciativa. Porque estamos a falar —se se relé a iniciativa— dunha cuestión de país. E unha cuestión de país non é unha cuestión de partidos políticos, é unha cuestión de país. E hai que diferenciar cando se politiza e cando non, que vostede fixo moita insistencia neste as-

pecto, coma se, por certo, politizar no Parlamento de Galicia fora algo contrario á natura da propia institución. Creo que non, aquí vimos facer política. Vimos falar de política, vimos facer propostas políticas cada un dos grupos que estamos neste Parlamento. E, polo tanto, é o seu, politizar; e, neste caso, sobre o mundo da educación. Pero, insisto, sobre unha perspectiva non partidista senón de país, enfoque ao que vostedes parecen particularmente refractarios. Pero, bueno, é certo que vostedes saberán.

Agora virame... Bueno, non ten turno de réplica; se non, viríame co aval dos votos e que a xente referendou claramente en setembro do ano 2016 que vostedes pecharan en xullo de 2017 varios centros educativos pola Comunidade Autónoma, que se lles preguntou especificamente por isto.

E, por último, díxome vostede que había que ser honestos e recoñecer o traballo da Consellería. Eu nunca dixen que a Consellería estivera gobernada e administrada por vagos nin por incompetentes. O que dixen nesta PNL —e mantéño— é que non son precisamente un faro do diálogo que debe presidir calquera tipo de política de país, que neste caso é política educativa.

Nada máis e moitas grazas, tanto polo seu apoio como pola súa negativa, a todos os grupos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a construción dun centro de día en Rianxo

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero saudar as veciñas e veciños de Rianxo que están hoxe con nós na bancada, e tamén as que están fóra ás portas deste Parlamento, que viñeron unha vez máis manifestarse en contra da decisión do Partido Popular de deixalos sen un servizo esencial como é o centro de día. Non teñen sorte en Rianxo, desgraciadamente, co Goberno do Partido Popular. Na lexislatura anterior eu mesma estiven atendendo as familias que reclamaban a cobertura dun pediatra na vila, daquela era das primeiras prazas de pediatría que non se estaban cubrindo, despois das vacacións, das xubilacións, etc. E daquela o Goberno recoñeceu xa que superaban as ratios recomendadas pola Organización Mundial da Saúde, pero dende entón non fixo absolutamente nada por dotar nin este nin o resto de servizos de pediatría.

O avellentamento da poboación, señorías, fai necesario un planeamento serio e axeitado dos recursos de atención ás persoas maiores e tamén ás persoas dependentes. E neste aspecto toman especial relevancia os recursos públicos destinados a tal fin, que deben dar resposta ao que é un dereito social. Parece contradictorio falar de demografía e de avellentamento e despois non querer dotar a poboación e as vilas de recursos para atender as persoas maiores e dependentes.

Entre as diversas figuras e ferramentas de atención, toman para nós especial relevancia os centros de día, como o elemento que, evitando unha institucionalización —é dicir, que as persoas teñan que entrar ou pasar a vivir nunha residencia de maneira permanente—, pode permitir a conciliación da vida familiar. Os centros de día son, polo tanto, o chanzo de proximidade na atención sociosanitaria. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non parece haber moito interese polo tema.

Nese senso, a proximidade aos domicilios familiares é clave, é importantísima, para garantir esa verdadeira posibilidade de conciliación entre as familias e a atención desas persoas maiores e dependentes, para evitar, desta maneira, longos transportes e facilitar o acceso ás persoas maiores ou dependentes nas nosas vilas a eses recursos de atención.

E este feito, polo tanto, fai dificilmente comprensible que se negue a posibilidade de que na vila de Rianxo se conte cun centro de día de seu, así como acontece co resto de concellos da contorna. Rianxo ten 12.000 habitantes, dos que 2.800 teñen máis de 65 anos, e sen contar neste dato as persoas dependentes da vila. É comprensible a necesidade de planificación comarcal, porque, ademais, é a resposta que dá habitualmente o Goberno. Pero iso non pode imposibilitar que as vilas con estas características poidan contar cun recurso de seu, precisamente polo que acabamos de trasladar da necesidade de que sexa este un recurso de proximidade.

A veciñanza denuncia, ademais, que hai 19 usuarios e usuarias desprazados dende Rianxo a outros centros de día da contorna, e 44 soamente en lista de espera para outros centros. E, sen embargo, este centro de día —que debería ser un recurso básico— é denegado por parte da Xunta de Galicia. Non é un centro que substitúa un centro sociocomunitario —polo tanto, non serviría—, e tampouco é un centro que se poida entender que poida estar lonxe, porque perdería a atención como recurso de proximidade. Todas e todos entendemos aquí —e tamén as veciñas e os veciños de Rianxo— que o que se está pedindo non é un centro especializado, non é unha residencia de maiores —que, evidentemente, necesita unha planificación máis ampla de persoas usuarias—; senón un centro de día, un centro de proximidade para permitir a conciliación da vida familiar. E un centro que, ademais, o Partido Popular defendía hai unha década e que dicía que ía traer para a vila de Rianxo. Todos os candidatos e candidatas —tamén en 2015— prometeron —incluído o Partido Popular— que iríamos ter xa este centro de día en Rianxo. A candidata do Partido Popular dicía na campaña que se trataba dun servizo fundamental para o municipio e que os veciños non ían tolerar máis mentiras respecto da construción do centro de saúde. Daquela, esta candidata —hoxe concelleira— trasladou á entón conselleira, Beatriz Mato, esta necesidade, que dixo, á súa vez, que as prazas públicas para as persoas maiores eran unha prioridade para o Partido Popular. Pero non temos nada diso hoxe, que o Partido Popular volta gobernar, como acontece en cada lexislatura.

Ante esta circunstancia, en 2016 as veciñas e os veciños, fartos de trasladar propostas, planificaron a recollida de sinaturas, que entregaron en rexistro neste ano. A pesar diso, o Goberno seguía sen facer caso a estas reclamacións e, polo tanto, iniciaron tamén nesta primavera mobilizacións. En maio eu mesma estiven na primeira manifestación, na primeira concentración, que a veciñanza fixo diante da praza do Concello. Non só estivemos alí naquel entón, xa no ano pasado, porque —como xa traslado— a reclamación vén de vello. En xuño En Marea trasladou á Comisión 5ª, de Sanidade e Política Social, esta reclamación e o Partido

Popular votou en contra, trasladando que había centros suficientes na contorna e que sobran prazas. A resposta —como acabamos de explicitar— non é compatible cos datos que aportan de persoas en espera. E todas as persoas que visitamos o peche das veciñas e os veciños puidemos comprobar como diversas testemuñas trasladaban a espera de moitas familias para poder ter os seus familiares no centro de día na súa propia vila.

O 21 de xullo eu mesma estiven nese peche que iniciaran os veciños e as veciñas no Concello soamente unhas semanas antes. Posteriormente a esa circunstancia, e como, evidentemente, ían pasando persoas polo peche, a Xunta de Galicia decidiu recibilos, pero non o conselleiro, e non na Consellería de Política Social, senón nunha delegación provincial, na que lles dixeron que non existía a posibilidade de facer o centro e que foran se tal eles e elas os que buscaran o número de persoas necesarias para poder edificar o centro. Unha vergoña que resulta incomprensible como resposta dun goberno —neste caso da Xunta de Galicia— a unha reclamación da veciñanza. Non son os veciños e as veciñas os que teñen que buscar os usuarios e usuarias do centro, é a Xunta de Galicia a que ten que garantir os dereitos da cidadanía; e, dende logo, ter un centro de día na vila para a atención dos maiores e das persoas dependentes é un dereito da veciñanza.

Daquela, naquel entón —e durante todas estas semanas—, xa escoitei e puidemos atender moitas testemuñas da veciñanza, deses maiores, que nos trasladaban que tiñan que levantar esas persoas maiores ás seis da mañá porque tiñan un camiño de hora e media —no caso daqueles que estaban noutro centro de día doutra vila— para poder trasladarse a ese centro de día; ou que tiñan que deixalos sós durante o rato que se ían traballar porque non podían atendelos nese momento; ou recibimos tamén a testemuña dunha veciña que nos trasladaba que, a pesar de estar enferma con cancro, tiña que estar atendendo na súa casa o seu pai, a súa nai e o seu marido enfermo. Eses son só uns exemplos. Se as señorías do Partido Popular —igual que o resto das persoas deputados e deputadas e concelleiros da oposición— se trasladasen a falar cos veciños e as veciñas, poderían escoitar o que entendemos —polo menos dende En Marea— resulta vergoñento a estas alturas do século XXI.

A semana pasada estes veciños e estas veciñas voltaron manifestarse ás portas do Parlamento. O noso grupo parlamentario consideraba imprescindible traer hoxe novamente esta demanda veciñal, tal e como nos comprometemos, por certo, no mes de xullo cando iniciaron o peche no Concello. Queremos que a Xunta de Galicia reciba e escoite as veciñas e veciños de Rianxo, pero non nunha delegación provincial na que soamente acepten a visita de dúas persoas e se lles dea unha resposta tan vergoñenta como a de que sexan os veciños os que busquen os posibles usuarios.

E, evidentemente, solicitamos que para o 2018 —agora que en tan só uns meses van entrar, ademais, os orzamentos a debate nesta Cámara— se orce a construción do centro de día para Rianxo, axeitado ás necesidades poboacionais, e se poida licitar o proxecto antes de que finalice este ano. Dende logo que o que están solicitando non é unha grande obra, non é unha ampla residencia de maiores, é un centro de día para algunhas decenas de usuarios e usuarias que permita que os maiores e os dependentes da vila de Rianxo non teñan que agardar sen esta prestación na súa casa ou teñan que desprazarse a outras vilas da zona. Consideramos que é de dereito. E parécenos absolutamente increíble que a día de hoxe persoas,

incluso de 80 anos, teñan que estar pechadas nun concello para que se atenda a súa reclamación de ter dereito a algo para o que traballaron durante toda a súa vida, que son servizos para atender as súas necesidades.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde novamente.

Non hai moitos anos, cando se falaba de residencias e centros de día, había un rexeitamento xeral, porque o modelo que todos tiñamos de referencia eran os chamados asilos de anciáns, lugares de beneficencia onde se aparcaba o inservible.

Un vello en tempos máis atrás traballaba ata a morte e, en moitos casos, saía a pedir polas portas cando na casa non había posibles para mantelo. Hoxe o concepto e a consideración social mudaron. A vida alongouse, as exixencias no tocante á calidade desta vida incrementáronse enormemente, e todos —ou case todos— vémolos razoable.

O que non vemos razoable é que, pola lei do mercado, onde hai demanda non haxa oferta; é dicir, servizo. Hai poucos días estivemos alí, nun salón do Concello de Rianxo, onde un bo número de xente de idade —por certo, case na totalidade mulleres—, cunha enerxía propia da mocidade e cunha convicción sólida, levan encerradas case dous meses reclamando o dereito a unha vellez digna. Un sae de alí convencido de que teñen toda a razón do mundo e todo o dereito a exixir o que exixen. Rianxo, como xa se dixo, anda arredor dos 3.000 veciños maiores de 65 anos e calquera pode ver nesa cifra a lóxica da reivindicación. Porque un centro de día é un lugar onde se prolonga a vida digna, de calidade, onde se fai real un aspecto da conciliación familiar, onde se atende a xente maior con necesidades especiais, sen abandonar o contacto coa familia e co medio próximo de toda a vida. Todos somos conscientes, señorías, de que o mundo camiña cara aí. É desas cousas nas que un non repara ata que ten os seus pais maiores. Quen primeiro sofre as consecuencias é a muller da casa, para quen nun paulatino tempo acabou o descanso, día e noite.

Non vou afondar neste aspecto porque coido que nos entendemos todos e todas, e ademais quen non o entenda vai acabar por entendelo, se ten sorte. Moitas veces o sufrimento duplícase, destroza a harmonía..., en fin, ¿para que seguir con isto?

Por iso nós imos apoiar esta iniciativa sumándonos ás exixencias desa terceira idade de Rianxo, que ten o pulo e a forza necesarias para demandar o que por dereito lles corresponde. Eu espero que o PP aproveite a ocasión e nos explique aquí hoxe por que ubica centros de día, feitos con cartos de todos e todas, sen responder á demanda real e si onde hai un alcalde da súa corda ou intereses electorais futuros. Porque a realidade é así. Un concello de máis

de 9.000 habitantes tiña un centro de día con prazas vacantes, pero o alcalde non era do PP. Había tempo que non o era e non había visos de que cambiara. O concello limítrofe si tiña arredor de 3.000 habitantes cun alcalde do PP, e recibiu un centro de día coma premio. Isto é planificación, si, señores.

En Rianxo cóstanos aos do BNG que hai terreos municipais á disposición, así como a posibilidade de rehabilitación e adaptación dalgún edificio público. En Rianxo —como xa dixen antes— hai demanda, hai xente necesitada dese servizo; o que faltan son ganas, vontade de servir a xente e de solventar problemas, sen-si-bi-li-da-de. ¿A que agardan? ¡Déanlle para adiante! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señores e señoras deputados.

Boa tarde aos veciños de Rianxo.

En primeiro lugar, quero amosar a nosa solidariedade con eles, pois levan practicamente dous meses pechados no Concello á espera da construción deste centro de día que solicitan.

Dende o noso grupo, dende o Grupo Parlamentario Socialista, imos apoiar esta iniciativa, e non pode ser doutra maneira porque xa cando os socialistas gobernabamos en Rianxo e na comarca aínda non había ningún centro de día o Concello —cun goberno socialista, como dicía— naquel momento puxo á disposición da Xunta un terreo para a construción dun centro de día. A día de hoxe non se construíu, a día de hoxe continúan a esperar por ese centro de día e a día de hoxe teñen que vir aquí, ao Parlamento de Galicia, para facer a súa demanda porque non son escoitados. E o certo é que —como dicían aquí— hai en torno a 12.000 habitantes e en torno a 3.000 persoas maiores de 65 anos, o que representa un 25 % da poboación. Ese centro de día precísase, é necesario.

Un dos argumentos que di este goberno, que esgrime cando se opón á construción dese centro de día, é a alternativa das horas de axuda a domicilio. Entendemos que as horas de axuda a domicilio son importantes —non cabe dúbida, son importantes—, pero os centros de día teñen outro papel, porque á parte de permitirlles aos maiores permanecer no seu medio, permítenlles a rehabilitación preventiva. Permítenlles, ademais, acadar autonomía persoal e mellorar as súas capacidades físicas e mentais. Pero hai outro factor, e moi importante, que é o factor social. Os centros de día permítenlles a socialización, e isto mellora a súa autoestima nesta etapa da súa vida na que é tan importante sentirse feliz e ter a autoestima elevada.

A nós, ademais, gustaríanos, á parte de falar das persoas que precisan destes coidados, falar da figura dos coidadores, e temos que dicir especialmente das coidadoras, porque cando se crean estes centros de día, as residencias de maiores en xeral, cando se crean os lugares nos

que a xente maior pode pasar a xornada compartindo espazos e experiencias con persoas nunha situación similar, o que se está facendo son políticas transversais, porque de pouco serven as políticas de igualdade se despois non se contemplan opcións que lles permitan ás mulleres... E, si, digo ás mulleres porque, lamentablemente, practicamente sempre somos as mulleres as que quedamos na casa e non podemos desenvolver unha actividade profesional ao coidar dos maiores, máis alá, aínda por riba, das trabas que atopamos no mercado laboral. Así que se trata de conciliación familiar, de oportunidades —porque hai ausencia de oportunidades— para a atención á dependencia dos nosos maiores. Por tanto, persoas maiores a coidar, si, pero tamén cuidadores, e especialmente cuidadoras, porque se crea maior desigualdade de clase e maior desigualdade de xénero. Polo tanto, como dicíamos, falamos tamén de cuidadoras.

Dende o Grupo Socialista cremos, ademais, que non se tratou ben a xente de Rianxo, e dicímolo e preguntamos o seguinte: ¿canto tempo levaban pechados os veciños e as veciñas de Rianxo, os maiores e as maiores de Rianxo, cando se lles escoitou? Pois levaban un mes cando tiveron que ir á Coruña para que os escoitaran. É un goberno que chega tarde, que chega mal e que chega a rastro, sen amosar ningún respecto polas persoas.

Os maiores deben ser unha prioridade para este goberno porque Galicia sofre unha regresión demográfica e, como saben, ademais, un envellecemento da poboación. Non o dicimos nós. Miren, segundo a Organización Mundial da Saúde, no ano 2050 a poboación maior de 60 anos triplicará a poboación moza. Galicia actualmente é a segunda autonomía coa poboación máis envellecida. Por cada 100 persoas mozas hai 197 maiores de 60, case o dobre. En España por cada 100 persoas, 116 maiores. Esa é a situación de Galicia, así estamos, cada vez máis lonxevos, afortunadamente máis conscientes, e a idade de hoxe de 78 anos equivale máis ou menos aos 68 dos anos cincuenta. Simplemente se trata, pois, de que é necesario tomar medidas, pero téñense que tomar xa porque a situación de aquí a uns anos vai ser insostible precisamente por iso, porque cada vez somos menos, somos maiores, máis conscientes, etc.

E, xa para rematar, dende o Grupo Socialista pedimos o que pedimos sempre: que cando se traten estes temas se traten con sensibilidade e se traten con empatía, poñéndose no lugar das persoas maiores, para que non se produzan situacións e respostas da Xunta de Galicia como cando se demanda tamén un centro de día en Corcubión e contestan dicindo que non porque teñen praza en Cabana de Bergantiños, a 50 quilómetros.

Como nos parece unha tomadura de pelo, por iso pedimos un pouco de sensibilidade, que pensen que cando dan esas respostas están contestándolles a persoas maiores, a persoas dependentes, a persoas que están probablemente esperando unha resposta coa ilusión de que algún día contesten de maneira positiva.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos os deputados.

Creo que estarán de acordo comigo nunha cuestión: que para a construción de novas infraestruturas sociais en Galicia —por exemplo, un centro de día ou unha residencia— é necesario facer un estudo previo dos equipamentos existentes nesa comarca, nesa provincia, e tamén das necesidades reais que se detectan nese momento. Nós pensamos que niso estaríamos de acordo.

Se falamos dun mapa de infraestruturas, cremos que debe responder a unha planificación, porque neste momento non é posible construír un centro de día ou unha residencia nos 313 concellos en Galicia; non é posible. Se falamos concretamente da comarca da Barbanza e falamos do estudo desas infraestruturas que existen nesta comarca, temos que destacar que hai dous centros de día: un no concello da Pobra e outro no concello de Boiro; con 40 prazas en cada un destes centros de día. E tamén hai un centro de día na zona de influencia, concretamente no concello de Dodro, que conta con 45 prazas. Estamos falando en total de 125 prazas, das que están ocupadas 90 neste momento. Polo tanto, quedan 35 prazas á disposición das persoas que as necesiten.

Gustaríame destacar que o último centro de día inaugurado, concretamente no concello da Pobra, en decembro de 2016, contou cun investimento da Xunta de Galicia de máis de 900.000 euros. Conta cun total de 40 prazas, e na actualidade están ocupadas 12; polo tanto, quedarían dispoñibles para as persoas que o necesitaran 28 prazas. Ademais, podemos aclarar que nos casos nos que os maiores non dispoñan dun centro de día no seu concello —como é o caso de Rianxo— hai que ter en conta a posibilidade de acceder ao transporte para achegarse ao centro máis cercano.

Ademais de centros de día, é importante falar dun servizo —porque se fala de servizos de proximidade —, e un servizo máis próximo á persoa tamén é o servizo de axuda no fogar, máis que un centro de día. Ben, pois a Xunta vén de reforzar o servizo de axuda no fogar cunha ampliación no orzamento de 2,6 millóns de euros para poder ampliar as horas e os usuarios. E en Rianxo a finais do mes de xullo o conselleiro, nunha reunión co alcalde de Rianxo, comprometeuse a incrementar en 1.300 horas o servizo de axuda no fogar para os veciños de Rianxo. Estamos falando de que con este incremento de 1.300 horas o cen por cento dos veciños de Rianxo que necesiten o servizo de axuda no fogar poderán acceder a el. Polo tanto, este é un servizo de proximidade, non só un centro de día ou unha residencia.

En relación co diálogo, nós estamos seguros de que o Goberno segue apostando por ese diálogo e pola colaboración cos concellos. Por recordar, o 26 de febreiro de 2016 reuniuse o xerente do Consorcio co alcalde de Rianxo, o 27 de xaneiro de 2017 reuniuse o xerente do Consorcio co alcalde de Rianxo e cos voceiros dos grupos municipais, o 27 de xullo de 2017 reuniuse o conselleiro co alcalde de Rianxo e o 2 de agosto reuniuse con representantes da Plataforma veciñal o delegado e o xerente do Consorcio. Polo tanto, nós consideramos que nestas reunións a Consellería expuxo os diferentes recursos da zona e o motivo polo que neste momento o concello de Rianxo non conta cun centro de día.

Aquí vimos escoitar que para o grupo que presenta esta iniciativa, o grupo de En Marea, é imprescindible abrir xa e construír un centro de día en Rianxo, pero é a primeira vez que o escoitamos, ou polo menos que o lemos, porque hai pouco tivemos un debate de orzamentos onde cada grupo parlamentario puido plasmar nas súas emendas as súas prioridades en centros de día e residencias. E as prioridades de En Marea en centros de día eran: un en Vilalba, outro nas Pontes, outro en Xinzo, outro en Teo, outro en Lugo e outro no Saviñao. O centro de día de Rianxo non aparecía nas emendas do grupo de En Marea.

Pero a min gustaríame recordar que neste momento, grazas ao esforzo da Xunta de Galicia, os galegos contamos con 2.777 prazas máis en centros de día, en residencias de maiores e en centros de Alzheimer. E iso só se consegue cun goberno comprometido coas persoas e cun goberno comprometido cos nosos maiores.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio aos grupos da oposición, que me consta que tamén estiveron coas veciñas e cos veciños de Rianxo.

E tamén trasladarlle ao Partido Popular a sorpresa. Parece que agora depende de En Marea a planificación dos centros de día, cando vostedes levan prometendo dez anos o centro de día de Rianxo. *(Aplausos.)*

Fágolle unha pregunta, devólvolla, non ma pode responder porque non podemos facernos preguntas, pero sei que vai reflexionar pola noite: ¿cantas emendas da oposición aceptou o Partido Popular no debate orzamentario de 2017? ¿Cantas no 2016? ¿Cantas no 2015? E así poderíamos retrotraernos. E dígollo porque a súa maioría parlamentaria nin sequera ten a ben debater as emendas que presentamos no debate orzamentario cada ano. Polo tanto, dá vergoña que vostedes, despois de prometer en Rianxo durante dez anos un centro de día, veñan aquí botarlle a culpa á oposición da súa inoperatividade. ¡Claro que hai que facer un estudo previo! Evidentemente, hai que planificar, o problema é que vostedes non o fan. Constrúen centros de día que logo non abren, e noutros lugares onde se precisan vostedes non son capaces de darlles aos veciños e ás veciñas o servizo ao que teñen dereito.

Vostede traslada que non é posible construír un centro de día, unha residencia en cada vila. Sen embargo, por exemplo, en Ferrolterra, non teñen problema en ter a residencia de maiores feita un desastre, con dúas plantas pechadas —xa van case camiño de tres anos—, e, sen embargo, acaban de outorgar unha licenza a unha residencia privada. Para iso non hai problema, para iso sobran as prazas, para darllas á privada; aí non hai problema. Sen embargo, para poder facer un centro de día para os veciños e as veciñas que o precisan hai dificultades, hai problema. Para abrir as plantas pechadas das residencias públicas hai dificultades e hai problema.

Díganme: ¿cantas prazas desas que vostedes contabilizan son de centros públicos? Dígame se a vostede lle parece aceptable un desprazamento de tres horas nun transporte para unha persoa maior ou dependente, porque algunhas persoas teñen que levantarse previamente para deixalas con anterioridade. Saberá vostede que algunhas persoas entran ás 8 da mañá a traballar no seu centro de traballo e, ao mellor, pois o horario que a vostede lle parece ben non é compatible para estas persoas e as súas familias. A solicitude dun centro de día non é un capricho —xa o trasladei—, e tampouco están pedindo unha residencia de maiores. As persoas, os veciños e as veciñas e tamén os grupos da oposición non somos tan grandilocuentes como para pensar que imos pedir un edificio con 1.000 ou 2.000 prazas. O que estamos solicitando é un centro de en torno a unha trintena ou as prazas que se calculen en función da lista de espera —que, xa digo, hai 44 persoas contabilizadas en lista de espera, máis outras desprazadas— que permita que as persoas non teñan que desprazarse de concello e poidan ser atendidas nun cercano ao seu domicilio. Un centro de día ten que ser un recurso de proximidade.

E, dende logo, o que non poden vostedes é escudarse na oposición e na planificación para asumir que despois de dez anos prometendo o centro de día de Rianxo vostedes van dicirles ás persoas que están aí e ás que están na porta que non van facelo porque vostedes non teñen vontade de construír un centro de día nun concello no que o Partido Popular non goberna.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*


O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Esgotados os puntos da orde do día, suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite a todos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben na tribuna de convidados.)

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e catro minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25